



---

---

# DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

---

Número 3

IV lexislatura

Serie Pleno

---

Sesión plenaria

29 de novembro de 1993

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

---

## ORDE DO DÍA

---

**Punto único.- Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia,  
presentación do seu programa de goberno e elección.**

## SUMARIO

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

**Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección.** (Punto único da orde do día).

*O señor secretario dá lectura ó texto da resolución da Presidencia do Parlamento no que propón como candidato á presidencia da Xunta de Galicia ó deputado D.Manuel Fraga Iribarne (páx. 27).*

**Exposición do programa de goberno:** *Candidato á presidencia da Xunta de Galicia, Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne (páx. 27).*

*Galicia no contexto europeo e mundial (páx 29).*

*A Europa de hoxe (páx. 30).*

*Galicia no medio do remuíño (páx 34).*

*Un plan de competitividade para Galicia.*

*Liñas básicas de actuación (páx. 35).*

*Política industrial (páx. 35).*

*Artesanía (páx. 36).*

*Política turística (páx. 37).*

*Política agraria e forestal (páx. 38); modernización do sector agrario (páx. 39), un sector forestal competitivo (páx. 40).*

*Política pesqueira (páx. 40).*

*Política de emprego (páx. 42): formación profesional e ocupacional (páx. 42), Plan de emprego xuvenil (páx. 43).*

*Políticas de apoio: investigación científica e técnica (páx. 43), as infraestructuras, camiño de futuro para Galicia (páx. 43); estradas (páx. 44), obras hidráulicas (páx. 44), portos (páx. 44), electrificación rural (páx. 45), gas natural (páx. 45), telecomunicacións (páx. 45), solo empresarial (páx. 46).*

*Políticas sociais.*

*Educación básica e secundaria (páx. 46).*

*Ensinanza universitaria (páx. 47).*

*Política familiar (páx. 47): infancia (páx. 48), xuventude (páx. 48), muller (páx. 49), terceira idade (páx. 49), minusválidos (páx. 49).*

*Política deportiva (páx. 49).*

*Política sanitaria (páx. 50).*

*Vivenda e solo residencial (páx. 52).*

*Protección civil (páx. 52).*

*Unha liña de goberno galeguista.*

*A estabilidade do modelo autonómico (páx. 53).*

*Financiamento público e a corresponsabilidade (páx. 54).*

*Galicia en Europa (páx. 55).*

*Cultura e lingua (páx. 56).*

*Vertebración do territorio e corrección dos desequilibrios (páx. 57); desenvolvemento comarcal e local (páx. 58), potenciación dos nosos concellos (páx. 58).*

*A Administración pública (páx. 59).*

*A política ambiental como defensa da nosa natureza (páx. 60).*

*A Galicia no exterior (páx. 60).*

*Levántase a sesión ás doce e quince minutos da mañá.*

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

*Preside o presidente do Parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior e o letrado señor Cores Trasmonte.*

*Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta en funcións, acompañado de tódolos conselleiros en funcións.*

**O señor PRESIDENTE:**

O señor secretario da Mesa do Parlamento vai dar lectura á orde do día.

**O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández-Rogina):**

Coa venia da Presidencia, señoras e señores deputados, a orde do día da sesión, de acordo coa Xunta de Portavoces, na reunión celebrada o 19 de novembro, é a seguinte:

Punto único:

—Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:**

Gracias, señor secretario.

**Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección.** (Punto único da orde do día).

**O señor PRESIDENTE:**

Teña a bondade de dar lectura, a seguir, á proposta desta Presidencia de candidato ante este Parlamento.

**O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández-Rogina):**

Resolución da Presidencia do Parlamento de

Galicia relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no apartado 3 do artigo 15, obrígalle ó presidente do Parlamento a establecer consultas coas forzas políticas representadas na Cámara co obxecto de formular propostas de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e dos artigos 16 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e do 136, apartado 1, do Regulamento da Cámara, logo de consulta-las forzas políticas con representación parlamentaria e oída a Mesa, a Presidencia proponlle á Cámara como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia ó deputado don Manuel Fraga Iribarne.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 1993.

O presidente, Victorino Núñez Rodríguez.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:**

Gracias, señor secretario.

Para expoñe-lo seu programa ten a palabra o candidato, o deputado don Manuel Fraga Iribarne.

**O señor candidato á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne):**

Señor presidente, señoras e señores deputados, tras moitos anos dedicados á vida pública, con extensa práctica no discurso académico, diplomático, electoral e parlamentario, coído que non vou sorprenden a ninguén confesando inxenualmente que me atopo neste intre coa mesma preocupación de acertar có máis inexperto dos principiantes.

Marco Tulio Cicerón expresaba o mesmo concepto de respecto e responsabilidade ó dicir aquilo de: “partim timori, partim verecundia”. Trala xenerosa acollida do corpo electoral de Galicia ás nosas propostas é tal a sensación de gratitude e de responsabilidade ante o noso pobo que non hai palabras suficientes para expresala debidamente. Unha vez máis, “os bos e xenerosos” son eles, as mulleres e os homes da nosa Galicia. Por iso, ante todo, permítanme que lles pida a

Deus e ó apóstolo Santiago forzas, ánimo e prudencia para poder, dalgún xeito, corresponder á abraiante confianza do noso pobo.

E a vós, os seus lexítimos representantes, suplicovos comprensión e benevolencia coas palabras inevitavelmente longas que vou pronunciar en cumprimento das previsións estatutarias para expoñer nesta Cámara o programa popular de Goberno e solicitar respecto do mesmo a vosa aprobación e o voso apoio para a investidura, que solicito de novo, como presidente da Xunta de Galicia.

Pola vontade maioritaria do pobo galego, que estou seguro de que van transmitir fielmente os deputados que representan a esa maioría neste Parlamento, veño, digo, solicitar unha nova investidura como presidente de Galicia.

As súas señorías e todo o pobo galego teñen dereito a agardar que lles fale dos traballos que teño pensado suscitar na miña calidade de presidente.

A miña primeira tarefa vai consistir en utilizar todas as miñas capacidades e a autoridade moral que me confire un apoio popular tan notorio para que cada día sexamos máis os galegos comprometidos cun proxecto político para o que, aínda sendo meu e do meu partido, quixera contar con todos porque é un proxecto que non ten máis obxectivo ca Galicia, a súa prosperidade e o seu benestar. Ese proxecto non o podo acometer só por moito que me estimule e me potencie o apoio impresionante destes 763.839 galegos. Ningún presidente só pode. Debemos tentalo xuntos, cantos máis mellor. Non será doado, sabémolo ben, non será todo o rápido que quixemos, pero podémolo facer co noso compromiso, a nosa creatividade, a nosa diversidade e a nosa forza. Eu pídlle a todos os galegos que se unan a nós no esforzo para que Galicia avance cada día.

A miña segunda tarefa vai se-la defensa dos nosos sinais de identidade propios como pobo, como país; das nosas tradicións; da nosa lingua; dos nosos símbolos, oficiais ou non, pero non para constituírmonos nunha sociedade pechada, inexorablemente en retroceso, senón para traballar como unha sociedade aberta no noso propio desenvolvemento, como unha peza harmónica do Estado español, da Unión Europea, en solidariedade con todos os pobos da propia comunida-

de internacional que en tantos lugares coñece a presenza das xentes da nosa terra. E, xustamente no momento en que o mundo se volveu transnacional en tantas maneiras, a xente necesita definirse en termos que poida comprender; precisa unha comunidade xeográfica, lingüística, relixiosa e cultural que poida ver e, como xa se dixo con razón utilizando un vello cliché, poida abranger cos brazos.

A miña terceira tarefa será, como non podía ser menos, procura-la mellor xestión dos servizos que presta a nosa Comunidade e da-lo maior impulso ós seus sectores productivos. Pero quero que quede moi claro que, sendo a miña preocupación básica o aumento da riqueza da nosa terra e a súa xusta distribución, o que máis move a nosa ambición é que ese é un medio imprescindible para mellora-la situación dos nosos, dos anciáns, das mulleres, dos enfermos, dos que se ocupan dos traballos máis duros, dos mariñeiros e, en xeral, de todos os cidadáns que se atopan, polas razóns que sexan, en peores condicións cós demais.

E temos que queimar etapas. Fixérono outros e podémolo facer nós. Na pasada lexislatura penso que sentámolas bases: impulso ás autovías coa Meseta; Plan de estradas; extensión do servizo telefónico; electrificación rural; rede do gas; impulso á concentración parcelaria; saneamento e mellora xenética do gando; loita contra os incendios forestais; recuperación da riqueza pesqueira; parques empresariais; Xacobeo 93, etc.

Imos agora continua-la tarefa co impulso renovado, o que nos dan eses máis de 760.000 galegos.

As próximas décadas, segundo nos avisan os pensadores máis lúcidos, suscitarán esixencias sen precedentes ó valor, á imaxinación e tamén ó liderato políticos. Esixiranlles unha alta competencia ós gobernos e serán esixencias que virán tanto do exterior coma do interior.

No exterior cumprirán novas ideas e unha radical innovación nas relacións entre os estados-nación, as unidades supranacionais e as comunidades ou rexións autónomas. Témo-lo propósito de seguir nese debate, como estamos a facer dentro de España e nos foros europeos, nos que conseguimos unha presenza e un respecto dos que non todos gozan.

No interior hai unha necesidade igualmente esixente e urxente para facer máis eficaz o noso Goberno. Propóñome continuar e remata-lo máis axiña posible a reforma administrativa emprendida, pero para min ese non é un punto de chegada, é un punto de partida. E imos da-los tres pasos que esixen máis ca nunca os difíciles retos que temos por diante: deixamento das cousas que non funcionan; concentración das cousas que funcionan —imos facer máis daquelas cousas que demostraron ter éxito— e análise dos medios éxitos e medios fracasos, tamén para facer máis do que pode chegar ó éxito e menos do que tende ó fracaso. Sobre isto van recibir instrucións inmediatas os conselleiros que van forma-lo novo Goberno.

A Administración é o maior patrón dos traballadores dos servicios e a nosa produtividade está lonxe de se-la necesaria. Eu coincido co que vén de escribir recentemente unha persoa da máxima autoridade nestas materias: o único camiño para mellora-la produtividade destes traballadores, traballadores do saber e dos servicios, que son a maioría dos nosos funcionarios, é a asociación con eles. Non funciona absolutamente nada máis. A organización moderna non pode ser unha organización de xefe e subordinado, ten que se organizar como un equipo de asociados. Os xerentes destas organizacións teñen que ter unha considerable autoridade, pero o seu traballo non é mandar, é dirixir. Os traballadores teñen que ter asumido que terán que adquirir novos saberes cada catro ou cinco anos ou, pola contra, quedarán desfasados.

Na sociedade na que estamos a educación terá que impregnar cada vez máis a sociedade enteira. As empresas, as organizacións administrativas, as entidades non lucrativas teñen que se converter en institucións onde se aprende e se ensina. As estruturas educativas teñen que traballar cada vez máis con patróns e organizacións patronais. Os xaponeses saen da escola sabendo estudar, persistir e aprender. En Estados Unidos os patróns -empresas, gobernos, forzas armadas- gastan xa case tantos cartos en formar empregados adultos como gasta o país nas súas escolas normais en educa-los mozos.

O señor Delors vén de dicir: “Na Comunidade Económica Europea, agora Unión Europea, estase destinando o 85% dos gastos en desemprego á protec-

ción e só o 15% á formación. Debería ser ó revés”.

Todo isto ímolo buscar cada vez máis con maior paixón, e na medida das nosas posibilidades imos animar e apoia-lo investimento no saber e nos recursos humanos, en instalacións productivas nas empresas e en infraestruturas. Este foi o segredo de tódolos éxitos económicos do derradeiro medio século en Xapón, en Alemaña e nos famosos catro tigres do Pacífico: Corea do sur, Hong-Kong, Singapur e Taiwan; crear un contorno económico no que poida medra-la economía, co que se consiga a capacidade de adaptarse e cambiar rapidamente para que esta non deixe de ser competitiva. En Galicia temos tamén casos asombrosos, empresas líderes en sectores moi dinámicos, pero que lle deben máis ó xenio creador dos seus fundadores ca ó clima económico existente. Se creamos ese clima os exemplos poderanse multiplicar.

Ó final, quero acentua-lo que considero como principal. A política non ten que ser forzosamente só unha arte do posible —conxecturas, cálculos, tramas e manobras pragmáticas— pode e debe ser tamén a arte do imposible; é dicir, de facer cambiar para ben a cada un de nós e ó mundo. E do que estou convencido —téño dito ben de veces— é de que a fonte de tódolos fenómenos de crise que nos rodean é a crise moral da sociedade, e ningunha das nosas crises, desde a económica á ecolóxica, podemos resolvela doutro xeito se non é superando esa crise moral; é dicir, superando esa ideoloxía decadente das autoatencións egoístas e da renuncia ós grandes ideais de xusticia, liberdade e progreso para todos.

#### GALICIA NO CONTEXTO EUROPEO E MUNDIAL

Toda proposta política ten que se realizar desde unha análise da situación. Permítanme que o intente brevemente, desde a perspectiva mundial, no plano europeo, no ámbito de España e, por suposto, na nosa Comunidade Autónoma. Todo isto vainos levar ó recoñecemento dunha situación complexa, difícil e inestable, chea de desafíos para calquera acción de goberno.

O mundo do último decenio do século XX. Toda historia é dinámica; pero non cómpre moito esforzo intelectual para advertir que vivimos un cambio de época, un período de cambio acelerado.

Non é o lugar nin dispoñemos de tempo para facer unha análise pormenorizada de todo o que pasa no mundo. —conflictos crueis, nacionalismos exacerbados, odios tribais, miseria no medio da abundancia—, pero coído que deben ser recordadas unhas cantas notas de actualidade. En primeiro lugar, vivimos nun mundo cada vez máis globalizado e interdependente, é imposible ignoralo: mercamos bens e produtos de países arredados; pescamos en mares afastados; temos galegos traballando nas Antípodas; recibimos turistas do mundo enteiro. É, polo mesmo, inútil ignoralo con exposicións simplistas; só se pode facer política desde a realidade, iso si, para melloralala no posible e para obter desta o mellor para o noso pobo.

#### A Europa de hoxe

A lexislatura que agora comeza coincide coa entrada en vigor do Tratado da Unión Europea, e é neste marco onde Galicia -como rexión de España e de Europa- debe suscita-lo seu ser e o seu deber ser como proxecto de desenvolvemento socioeconómico desde o orgullo da súa autoidentificación como pobo.

Malia as turbulencias da recente historia de Maastricht, e logo das complicacións da súa ratificación, é certo que o esencial do tratado entrou en vigor.

O día 29 de outubro reuniuse en Bruxelas un consello europeo ou cumio especial. Neste, aprobouse unha declaración na que se dicía: “Actualmente o importante é darlle vida ó Tratado da Unión. Ofrecenos un novo marco de referencia e novos instrumentos para acadar-nos os obxectivos permanentes: seguridade, prosperidade e solidariedade. Ofrecenos novos medios ó servizo da nosa ambición: unha Unión Europea forte, coherente e responsable que sexa un polo de estabilidade e de atracción no noso continente e en todo o mundo”.

E dirixíndolles ós cidadáns europeos o mesmo consello dixo:

“Teñen que saber tamén que a Unión Europea axudaralles a afrontar-nos os cambios industriais e sociais, os desafíos exteriores e varios dos grandes problemas da nosa sociedade, en primeiro lugar, o desemprego”.

É verdade que o texto do tratado non recolle todas as esperanzas que se puxeran nel e é tamén certo que, xa elaborado o seu texto durante a ratificación, como dicía antes, viu recortado o seu alcance. A pesar de todo, Maastricht supón un progreso na construción europea á que quere aportar maior prosperidade económica, maior ambición de cara ó exterior, maior eficacia e máis democracia.

Á maior prosperidade correspóndelle a continuación da posta en marcha do gran mercado interior establecido xa a partir do comezo de 1993. Á maior ambición de cara ó exterior, a introducción da política exterior e da seguridade común. Á maior eficacia, as modificacións dunha serie de procedementos de decisión. E, por último, á maior democracia, un maior papel na intervención do Parlamento no procedemento lexislativo e no xogo institucional. E tamén unha novidade importante coa creación do Comité das rexións.

Temos que admitir, señorías, que nos pasados 10 anos a chamada “construción europea” deu pasos decisivos. Dun lado, a posta en marcha da Acta Única, do outro, a entrada en vigor do mercado interior e, finalmente, o Tratado de Maastricht, son elementos de referencia neste proceso de luces e sombras cara á Europa do ano 2.000 á que nos diriximos -ás veces con apresuramentos tecnocráticos- e outras con reticencias estatistas de vello cuño. Pero, malia esa valoración positiva “prima facie”, Europa é hoxe a redoma na que se decantan en particular moitos dos problemas nos que se debate o mundo. Conviría, pois, unhas breves reflexións ó respecto.

Existe unha certa unanimidade na apreciación dun cambio profundo do funcionamento da economía internacional. Os compoñentes do mesmo, nunha apresurada sistematización, son os seguintes:

A internacionalización da produción. A globalización dos mercados. A deslocalización de actividades. As crises das formas tradicionais de valoración da actividade económica. O protagonismo dos países do Terceiro mundo e da Europa do leste. A revisión do Estado de benestar como obxectivo social.

Non os vou entreter co desenvolvemento destas ideas por aquilo de “res ipsa loquitor”, pero hai recentes acontecementos que convén salientar no medio

desas tendencias. Así, por citar algúns:

Os acordos alcanzados na ronda Uruguai do GATT confirman a tendencia á globalización dos mercados de mercadorías e, aínda que non se estenda a determinados servizos, cómpre recoñecer que os acordos neste punto significan unha liberalización certa respecto da situación anterior, aínda que -como veremos logo- os seus efectos teñen que se compensar en termos equitativos e solidarios.

A ratificación pola Cámara de representantes dos EE.UU. do Tratado de libre comercio é outro exemplo importante e significativo desta corrente inexorable de liberalización do mercado mundial.

Un resultado de todas aquelas forzas socioeconómicas é a maior mobilidade dos investimentos productivos. A deslocalización da produción en plantas situadas en diferentes países e cunha sofisticada combinación de provedores especializados, ás veces sen correspondencia con segmentos do proceso de produción localizado nun determinado país, fai máis difícil a fixación dunha estratexia de industrialización autónoma e suscita a necesidade da utilización de mecanismos de fomento flexibles e axeitados á habilidade manifestada polas empresas á hora de localiza-los procesos de produción.

Con isto quérese alertar sobre o mantemento de políticas baseadas no apoio financeiro, mediante a participación do capital social ou simplemente outorgando axudas ó investimento, a iniciativas que, atraídas por alternativas de asociacións máis rendibles e atractivas financeiramente, abandonan os proxectos antes da súa conclusión, de xeito que a maior liberdade de localización das empresas é unha fonte de negocio adicional para estas en prexuício das arcas públicas.

A aplicación dos desenvolvementos tecnolóxicos ós procesos de produción e de comunicación veu alterando o concepto mesmo de valor da produción. Fronte á importancia do traballo directo, materializado nun produto, a incorporación de activos inmateriais en forma de calidade, diversificación de produción, de deseño nos procesos de produción e do mesmo produto, as formas de xestión e comercialización, pasaron a ocupar un papel central básico en calquera estratexia de expansión empresarial e desenvol-

vemento rexional. A formación de empresarios, a cualificación de técnicos, a innovación, son eixos de actuación prioritarios nestes momentos.

Estas actuacións, no caso de Galicia, teñen que ter dúas direccións fundamentais. En primeiro lugar, cara ó fornecemento do tecido económico existente. Non se deben propiciar nin apoiar procesos da reestruturación empresarial e económica en xeral sen ter esgotadas as vías de mantemento da actividade fortalecida cos elementos de mellora das condicións de competitividade. Só a inviabilidade contrastada do proxecto empresarial ou as necesidades dos programas de modernización poden xustificar a asunción de determinados custos sociais, nunca a falta de capacidade e a inexistencia de mecanismos de apoio para afrontalo sempre arriscado exercicio de responsabilidade que é a modernización das empresas e o mantemento dos empregos.

Acepta-lo reto anterior é, ademais de conveniente nunha estratexia de crecemento, necesario ante a imposibilidade real de competir nun mundo no que o compoñente do custo da man de obra está sometido a fortes tensións.

Por un lado, cada vez son máis numerosos os países en desenvolvemento que seguindo os pasos dos pequenos estados devanditos do sureste asiático se incorporan ó mercado internacional a partir da especialización en producións intensivas e man de obra, e que non só afectan a producións tradicionais -calzados, téxtiles ou mobles- senón tamén a aparellos electrónicos, a produción de elementos e artigos de lecer e deporte, de gran demanda nas economías desenvolvidas.

Por outro, o desmantelamento dos réximes comunistas incorporou ó mercado mundial unha importante masa de traballadores cualificados, con hábitos laborais axeitados ás tecnoloxías avanzadas e con niveis salariais comparativamente moi baixos, de xeito que está a contribuír ó agravamento das condicións laborais e de produción en sectores de alta mobilidade xeográfica. Isto obriga á reflexión sobre os incentivos ó investimento nas economías industrializadas.

Non é posible acudir a medidas proteccionistas que, á parte da súa probada ineficacia, serían dificilmente defendibles por motivos económicos, senón

que tampouco se poden bloquear as posibilidades de desenvolvemento que a activa participación do comercio e os investimentos internacionais ofrecen a estas sociedades. A alternativa non é outra que a revalorización dos factores propios de localización e de produción, obxectivo que ten que ser asumido de forma consciente por tódolos protagonistas sociais por riba de calquera diferenza, en tanto que non son intereses dun grupo os que están en xogo, senón os intereses xerais da Comunidade de Galicia. Se houbo circunstancias da historia que puideron xustificar a emigración das nosas xentes, temos que evitar que se reproduzan.

No momento presente, as tendencias anteriores concretáronse nunha profunda crise económica. As manifestacións desta crise comparten os aspectos tradicionais de tódalas crises, fundamentalmente o desemprego e un suave proceso deflacionista. A caída do investimento, se ben é certo que se está a producir nas economías máis industrializadas, non o é tanto se nos referimos ós países latinoamericanos, asiáticos e do leste de Europa.

Un aspecto importante da crise é o seu impacto desigual segundo as economías. Neste sentido pódese afirmar que as expectativas de cada economía están en función da habilidade amosada na consolidación dun activo de seu, sexa a capacidade de aforro e financeira, o desenvolvemento tecnolóxico ou o custo da man de obra. A saída da crise está máis próxima, precisamente, no aproveitamento dese activo fronte ós demais que non lograron a antedita especialización ou, se o fixeron, foi como consecuencia de decisións relativamente artificiosas, como o endebedamento, a captación de investimentos pouco integrados no sistema de produción propio ou o mantemento do tipo de cambio das moedas nacionais e reais.

A crise ten notas propias en tanto que se produciu nun contexto tendencial moi diferente a calquera outra experiencia histórica. Estas notas son:

A existencia de foros de cooperación económica supranacional. A incapacidade dos estados nacionais para fixar marcos estables de regulación económica. O impacto sobre niveis de benestar con repercusións culturais. A reconsideración do emprego como variable económica.

A existencia de foros de cooperación económica é un elemento que despeza o risco da adopción de políticas proteccionistas que, ademais de ir en contra das tendencias xa consolidadas na economía internacional, terían o risco de agrava-la crise.

Os foros herdados da Segunda guerra mundial que seguen a te-lo principal protagonismo na coordinación e definición das políticas económicas do Fondo Monetario Internacional e do GATT, principalmente, viñéronse a incorporar outros como o Grupo do SET e, sobre todo, as iniciativas de integración rexional. A crise, malia os agoireiros, non paralizou a marcha cara á Unión Europea e tampouco o Tratado de libre comercio entre Canadá, EE.UU. e México. Ademais, outras iniciativas, como as do grupo de Río ou o relanzamento da integración ente os países do istmo centroamericano ou a peculiar integración do Xapón cos seus veciños do continente asiático, confirman que a cooperación internacional vai manter a vitalidade suficiente como para servir de apoio á reconstrución da economía internacional.

Respecto do anterior cómpre recordar que se ben a creación de áreas de integración rexional foi interpretada como mecanismo de defensa fronte a movementos semellantes da competencia, todo semella indicar que non son senón estadios previos nun proceso imparabile cara a unha maior liberalización da economía mundial.

Galicia é unha rexión activa dentro do proceso de unificación europea, xa que logo, debe afronta-lo seu futuro económico asumindo este dobre reto: por un lado, a adaptación ás esixencias da creación do Mercado Único e da Unión Económica e Monetaria, polo outro, aproveitar esta experiencia para participar no conxunto económico mundial. Non se deben aceptar posicións acomodaticias no seo dunha Unión Europea que necesariamente ten que compensa-las rexións menos favorecidas, senón aproveita-los instrumentos de dinamización económica, de formación profesional, de innovación tecnolóxica e tamén de apoio á atracción de investimentos para consolidar e fortalece-las bases do crecemento sostido a longo prazo.

A crise puxo de relevo a incapacidade dos estados nacionais para fixar marcos estables de regulación



económica. Os límites económicos e sociais á presión fiscal e o sostemento do Estado de benestar, ademais das repercusións perversas da actividade financeira do Estado sobre a iniciativa privada, están actuando coma un axustador que paraliza a posta en marcha de iniciativas públicas de relanzamento económico.

Ademais, a internacionalización da economía non permite delimitar con claridade o ámbito de actuación das medidas aplicadas. Un descenso nun imposto pode chegar a beneficiar máis ó competidor internacional có produtor nacional. Unha rebaixa dos tipos de interese pode alentar máis investimento noutras economías ca na propia.

Todo isto lévanos ó necesario trasfego da actuación económica directa do sector público ó sector privado, correspondéndolle a aquel o papel de fortalecedor e de dinamizador das iniciativas privadas. Cómpre abandona-lo primeiro plano do protagonismo, malia a súa rendibilidade política inmediata, para ocupar un posto máis parecido ó do apuntador da escena.

Non se debe ocultar que tamén as limitacións financeiras empuxan e fan máis aconsellable este segundo papel. Apoia-la asunción de riscos e a cooperación entre os diferentes axentes económicos permite unha utilización máis eficiente dos escasos recursos dispoñibles ó reduci-lo risco e ó diversifica-las actuacións.

Tralo dito, queda claro que o reto do futuro ten un importante impacto cultural. A modificación da valoración do papel do sector público, os límites financeiros, a consideración da economía da rexión como unha parte integrada nun conxunto máis amplo que non permite situacións de excepcionalidade, esixe o cambio de actitude social. As posicións pechadas, protectionistas, teñen que dar paso a posicións abertas e máis arriscadas. A confianza nun Estado benefactor débese substituír pola confianza na capacidade da sociedade para seguir adiante.

As dificultades de xeración de emprego están motivando unha reflexión verbo das alternativas que a transformación dos sectores productivos lle esixen ó funcionamento dos mercados de traballo e ás relacións laborais. Mergullámonos nunha polémica sobre a conveniencia ou non de reparti-lo traballo dispoñi-

ble. De partirmos da consideración de que o fundamento da riqueza dunha economía está na capacidade de traballo das súas xentes, está claro que acepta-la redución do tempo de traballo non é outra cousa que renunciar á xeración de riqueza. Teremos que lle prestar atención prioritaria á xeración de emprego, do contrario podemos chegar a fomentar situacións de conformidade social e política, que, se ben poden ser atractivas a curto prazo, non son solucións a longo prazo.

A alternativa non está en como distribuí-lo traballo dispoñible, senón en como aumenta-lo traballo que se poida distribuír. Neste senso, a única acción posible no contexto e na conxuntura na que nos atopamos non é outra que a mellora da produtividade, a calidade, a competitividade, o aumento da capacidade de xeración de valor engadido nos procesos de produción.

Se ben esta reflexión excede con moito a área comunitaria, é de especial aplicación dentro dela con matices propios, en tanto que xa non é posible hoxe o modelo funcional de construción europea, optándose, despois de Maastricht, a unha aproximación máis política cara ó futuro.

Está claro que o apoio social ó proxecto europeo veu decaendo ante a gravidade da crise e a dureza das medidas de estabilización cristalizadas nos chamados "programas de converxencia". Non é menos claro que as políticas presupostarias expansivas non son -a estas alturas- facilmente dixeribles. Finalmente, tanto os compoñentes estruturais e cíclicos do paro no noso contorno e a propia redefinición dos obxectivos e instrumentos do Estado de benestar, son novos elementos de reflexión xurídico-política e social que reclaman para a acción pública e privada un lugar de encontro que conecte eficacia e equidade no actual cadro recesivo a escala planetaria.

Pero, doutra parte, a idea de "Europa-fortaleza" tampouco é a solución do futuro, por moito que nos desacogue -e nos alporice ás veces- a agresiva actitude de terceiros países que fan insostible a custosa loita pola competitividade interna, cando funcionan aqueles con modelos sociais simplemente insostibles desde a nosa mentalidade occidental.

De aí que, á marxe de análises técnicas de maior finura, teñamos que camiñar nos próximos anos nun

contexto difícil. En primeiro lugar, porque esixirá a coordinación a nivel macro das políticas económicas nacionais que prioricen a creación de emprego e a saída da crise. En segundo lugar, porque haberá que arbitrar mecanismos correctores para que os custos do axuste se repartan entre estados e rexións con criterios de solidariedade.

Galicia no medio do remuíño

Saben as súas señorías que o Consello Europeo de Copenhague, de xuño pasado, deulle mandato á Comisión para presentar no próximo mes de decembro un “Libro branco sobre crecemento, competitividade e emprego”. Na versión parcial que agora circula -pendente do informe de cada Estado membro- establécense as liñas mestras de actuación que pasan pola reforma do mercado de traballo, o esforzo investidor en infraestruturas, o aproveitamento do potencial de creación de emprego do sector servicios, unha especial atención á investigación e ó desenvolvemento, apoio ás PEME, entre outras importantes medidas.

Sen entrar na valoración das diferentes análises sobre as datas probables de recuperación da economía, o feito certo é que, antes ou despois, se volverá a coñecer unha época de relanzamento económico. O desafío está en crea-las condicións nas que unha economía coma a de Galicia poida aproveita-la conxuntura favorable e, sobre todo, poida crear un sistema suficientemente forte para que ante o tamén inevitable -digamos- constipado da economía internacional, este non se converta en neumonía para nós. Cómpre, pois, establecer unhas liñas claras de actuación coherentes co contexto descrito.

Esta aposta esixe a adopción dunha política industrial activa. Tras uns anos de elevada intensidade na dotación de infraestruturas, especialmente no transporte terrestre, que creou un marco o suficientemente atractivo como para que nel se desenvolvan proxectos de produción e que naturalmente ten que ser continuado, a ampliación da base productiva é o principal reto do novo Goberno de Galicia. Só así se xerarán novos postos de traballo e se asegurará o sostemento da actividade económica en xeral.

A economía galega -repite- coñeceu un importante esforzo de modernización das súas estruturas productivas, non exento dun custo social, pero que nestes

momentos permite identificar a un conxunto de sectores económicos e empresariais como potencialmente fortes perante a competencia europea e internacional. Cabo destes, é innegable que existen outros cunha capacidade de reactivación moi limitada, sexa pola debilidade das estruturas empresariais, sexa pola intensidade da competencia ou pola necesaria aceptación de normas emanadas da Comunidade Europea.

Ante esta situación, a estratexia a seguir ten que se-la de fortalece-los sectores con potencialidade de futuro, só así se consolidará a súa continuidade de xeito que poidan servir de apoio a novas iniciativas.

Esta opción non indica que se vaian abandonar á súa sorte os sectores máis febles, senón que ademais de mante-los sistemas correspondentes de minoración dos custos sociais que todo proceso de reestructuración soporta, cómpre ser selectivos en canto ós apoios especiais prestados, polo custo de oportunidade que o mal aproveitamento dos recursos públicos representa para o conxunto da sociedade. A combinación da satisfacción das urxencias do presente e das apostas polo futuro ten que se apoiar nos elementos máis sólidos da economía de Galicia, é dicir, nos sectores e nas empresas de maior garantía.

Xa se sinalaron os destinatarios prioritarios da actuación pública: as empresas e sectores de maior futuro. O obxectivo último é a revalorización do espazo económico galego no contexto español e comunitario, no sentido de ser un punto de referencia na localización de novos investimentos. A aposta pasa por incrementa-la presenza de Galicia nas institucións e foros internacionais, públicos e privados, e por crea-lo ambiente axeitado ós novos investimentos. Son evidentes os logros xa alcanzados en relación coa presenza institucional. Manteremos esa presenza e a nosa capacidade de iniciativa e trataremos de mellora-la calidade das nosas propostas.

En relación coa creación dun ambiente axeitado para o investimento, cómpre empezar recoñecendo que o principal factor é o dinamismo empresarial. Neste sentido, hai que prestar apoio ós procesos de internacionalización das empresas de Galicia e á presenza de empresarios galegos en feiras, exposicións, etc., nos que se establecen os necesarios contactos e, sobre todo, se impulsará a política de fomento, da que

os seus alicerces xa se estableceron.

Á creación dese “humus” socioeconómico sobre o que aniñe e se consolide o investimento productivo terán que contribuír, desde a corresponsabilidade política e social, todos e cada un dos axentes —públicos e privados— actuantes no noso territorio. Desde a propia acción sectorial e horizontal da Xunta ata as institucións financeiras, desde o empresariado ata os sindicatos, e, por suposto, coa autorización efectiva da coordinación interadministrativa e o aproveitamento responsable das marxes utilizables na Unión Europea.

#### UN PLAN DE COMPETITIVIDADE PARA GALICIA.

Liñas básicas de actuación.

Sen dúbida, un plan de competitividade para a nosa terra é a resultante de moitos vectores, uns económicos -en canto resulten acertadas as eleccións de gasto- e outros financeiros -en canto se optime a coordinación pública co sector financeiro privado-, pero mobilizar tódalas iniciativas posibles para a creación da riqueza e o emprego esixe -volvo dicilo-, sobre todo, un cambio cultural.

A ese cambio cultural chamámoslle competitividade, pero, enténdase ben, non é competitividade senón “dumping social” a practicada por certos países lindantes á Unión Europea, de xeito que sería ineficaz e, desde logo, inxenua, a pretensión de avanzar cara á mellora do noso sistema productivo en Europa sen reivindicar á vez, ante Madrid e Bruxelas, unha actitude solidaria no tratamento comunitario dos problemas sectoriais e territoriais ante os tremendos custos sociais que se van sufrir a curto prazo no camiño cara á desexable liberalización xeral da economía.

A Unión Europea non pode desatende-los seus desafíos internos de reaxuste territorial e sectorial por moitos que sexan os problemas inducidos polo derrubamento do leste e pola liberalización do comercio internacional. Pola mesma razón, aínda que o Estado de benestar estea en crise, non se pode admitir, sen máis contraprestacións reequilibradoras, o darwinismo social imposto pola competencia internacional pola vía dos custos laborais.

Pero a exposición teórica relativa á mellora da

competitividade adoita bater na práctica cunha serie de atrancos que, no caso concreto da economía española -e en particular na de Galicia-, son de dous tipos diferentes. Uns, “ad intra”, de carácter interno á empresa, outros, “ad extra”, é dicir, do contorno. Entre os primeiros estarían desde o tamaño ata o esquema organizativo e tecnolóxico, entre os segundos desde o custo dos factores ata as grandes políticas do contorno: monetaria, cambiaria, fiscal, laboral, etc.

#### Política industrial

A industria establécese e concéntrase onde hai boas comunicacións e infraestruturas, onde exista dinámica empresarial progresiva, onde se produza primordialmente a chegada da innovación.

A política industrial do Goberno xirará ó redor dos obxectivos de potenciación das actividades que optimicen a utilización dos recursos materiais e enerxéticos galegos, promoción de empresas que sumen maior valor engadido ós produtos que elaboran, promoción de sectores preferentes que fagan máis diverso o conxunto subsectorial, apoio a localizacións preferentes, fomento do desenvolvemento tecnolóxico e empresarial da pequena e mediana industria. Evidentemente, apoio e defensa dos sectores de futuro que neste momento son de transcendencia para o sector industrial galego, non só pola súa aportación ó PIB galego senón polo volume de emprego que conteñen e polos efectos que inducen, dado que os sectores maduros ou sofren unha profunda reestructuración tecnolóxica e empresarial ou estarán abocados a desaparecer, e todo isto dentro dunha política global de calidade e diversificación da produción.

En definitiva, constitúen obxectivos prioritarios o darlle ó sector industrial unha orientación endóxena activa e vigorosa, aproveitando as potencialidades propias, sen renunciar, polo tanto, a mellora-las nosas vantaxes competitivas tradicionais nos mercados internacionais, que é algo máis có contorno comunitario agora familiar. E todo iso de xeito que xere un mellor artellamento intersectorial e desenvolva un mercado intracomunitario. Potenciar un desenvolvemento espacial máis homoxéneo do sector, mantendo e relanzando os núcleos desenvolvidos e os sectores ubicados nestes. Apoiar en profundidade as PEMES e fomentar e impulsa-la investigación aplicada e a diver-

sificación da produción con vocación exportadora.

Nesta orientación xeral Galicia conta con sectores de carácter estratéxico, coma o téxtil, artes gráficas, automóbil, rocas ornamentais, naval e metal mecánico, etc., potenciándose programas dirixidos á procura de novos procesos tecnolóxicos susceptibles de implantación industrial, apoio ás actividades de mellora da calidade da produción e de normalización e homologación, así como as encamiñadas á procura de masas críticas que permitan establecer competencias reais, fortalecer accións que posibiliten posuír centros de I + D do tipo dos que realmente se están a producir en Europa e accións permanentes encamiñadas á procura de interaccións, tanto na investigación coma na transferencia da tecnoloxía e da formación e capacitación profesional, tanto nos centros de formación coma na propia empresa. A asunción por Galicia das competencias en materia de formación ocupacional posibilitará a concreción desta política e a súa conversión nun elemento estratéxico de desenvolvemento.

Para acadalo serán prioritarias as medidas que permitan a explotación óptima dos recursos endóxenos co peche do ciclo productivo, aproveitando deste xeito unha boa parte dos efectos multiplicadores inducidos e o valor engadido xerado por estes.

Cómpre ter en conta, así mesmo, que a presenza nos mercados internacionais dun determinado produto non se fundamente só no seu poder competitivo, é preciso, ademais, promover a súa venda e iso require o deseño e a posta en práctica dunha política de promoción comercial exterior, da que o seu deseño terá que se levar a cabo co máximo realismo e a súa posta en práctica terase que apoiar naqueles instrumentos de promoción que desen mostras de eficacia noutras experiencias deste tipo, sexan rexionais ou nacionais.

Con todo, os resultados do Plan de competitividade serán máis favorables se a política industrial que se vai desenvolver en Galicia vai acompañada no plan nacional por unha política económica orientada á redución dos custos de produción das empresas -salariais, financeiros, fiscais, etc.-, ó tempo que se avanza da forma máis decidida cara á tan desexada, por ser necesaria, flexibilización laboral, que non se

fará en contra dos traballadores, senón ó seu favor.

Finalmente, a política industrial de Galicia que imos desenvolver nos próximos anos, ademais de potencia-los sectores tradicionais, terá que establecer, cando menos, as bases para a introdución e potenciación dos denominados “sectores do futuro”: biomecánica, láser, óptica, novos materiais, etc., para o que se fai necesaria unha aposta decidida pola innovación tecnolóxica. Os parques tecnolóxicos existentes na rexión deben constituí-lo axeitado viveiro para que este tipo de sectores inicie o seu desenvolvemento ou consolide os avances realizados ata o momento sen deixarse cegar polas altas tecnoloxías, e buscando, pola contra, as que resulten inmediatamente axeitadas ó noso presente e futuro próximo.

En calquera caso, unha mensaxe é clara: en tódalas fronteiras temos que perseguir a competitividade, a calidade, a formación, a promoción, pero non se pode facer todo á vez, señorías, e moito menos cando as restricións financeiras que nos agardan nos esixen, como nunca, o exercicio da responsabilidade na elección eficiente do gasto.

A Galicia cómprelle ter unha industria eficiente e competitiva, porque de acordo coas súas potencialidades pódela ter, porque é o instrumento preciso para acadar un alto nivel de emprego e calidade de vida, porque a rendibilidade que ocasiona é máis alta cá lograda noutros sectores productivos e porque é a base da competitividade e o soporte do sector servizos. Porque a exhibición e a análise dos sectores industriais considerados estratéxicos ou preferentes na nosa Comunidade Autónoma representa a liña de actuación na que se está a materializa-lo modelo de desenvolvemento de Galicia, que nos pode levar, no horizonte do ano 2000, a acadar un nivel de ocupación industrial do 25% da poboación activa, utilizando as potencialidades que desde o punto de vista dos recursos nos permitan lograr un tecido industrial consolidado, vertebrado e coordinado, impulsando os centros de infraestrutura tecnolóxica, así como a celebración de programas concertados ou convenios cos organismos da Administración central dedicados á actuación no eido industrial, IMPI e CDTI.

Artesanía

Convencidos de que a artesanía forma parte do pa-

trimonio cultural da nosa Comunidade Autónoma e de que representa un recurso económico que ten unha importancia destacada en Galicia, cunhas cinco mil persoas que se dedican a algún tipo de actividade artesanal, grazas a que teñen, nalgúns casos, ingresos complementarios doutras actividades espaxadas no sector primario, fundamentalmente, como un dos obxectivos máis salientables en materia de artesanía para a próxima lexislatura, estableceranse as normas reguladoras para acreditar a calidade dos produtos artesanais coa creación do distintivo e o outorgamento das certificacións de calidade para a súa identificación no mercado, creándose o Rexistro de calidade artesanal no que se inscribirán tódolos artesáns e talleres artesanais que obteñan a certificación de calidade.

Dispoñendo xa dun marco regulador axeitado que-remos, desde a Xunta, aplica-lo deseño e as novas formas á produción artesanal, sen perde-lo seu valor tradicional, cultural e creativo.

A creación do Centro Galego de Artesanía e do Deseño vén ser unha realidade que, ademais de atender as necesidades formativas do sector, acollerá tódalas manifestacións e actividades que amosan o variado mundo da creación artesá e, ó mesmo tempo, contribuirá a preservar os servizos tradicionais populares e, sobre todo, aqueles que están a piques de desaparecer.

#### Política turística.

En turismo levamos aplicado na anterior lexislatura o primeiro programa de desenvolvemento turístico de Galicia cun esquema coherente de política turística. Os seus obxectivos básicos foron o turismo de calidade e a diversificación da oferta, e ámbolos dous mereceron a resposta coincidente do investimento privado: nos catro anos produciuse un aumento de 8.462 prazas hoteleiras, é dicir, máis do 51,09% respecto das existentes en 1989, cun investimento total de 27.000 millóns de pesetas, sen precedentes na historia do turismo galego. Galicia ocupa hoxe o sétimo lugar entre as provincias autónomas en capacidade hoteleira.

Correlativamente coa hostelería convencional, emprenderonse programas de turismo alternativo: turismo rural e náutico, deportes de natureza, congresos e convencións, e en todos eles conseguíronse uns resul-

tados cunha cuantificación que non lles vou relatar por ser ben coñecidos. O cuatrienio saldouse cun ano Xacobeo que bateu tódalas marcas históricas de afluencia de peregrinos e turistas.

A escala universal, segundo as previsións para 1994, do World Travel and Turist Council, o sector de viaxes e turismo aportará 204 millóns de empregos: un de cada nove no mundo; máis do 10% do PNB global; xerará 3,4 billóns de dólares e uns investimentos de 613.000 millóns de dólares -estas últimas cifras referidas a 1991-. Xa hoxe este sector constitúe a maior industria mundial e as expectativas son que o seu PNB se duplicará no ano 2005, o investimento aumentará nun 80% e o emprego nun 30%.

Existe, polo tanto, no turismo, un potencial certo de desenvolvemento económico no que Galicia está agora en condicións de obter unha cota de mercado. As profundas transformacións da demanda ofrécenos oportunidades que o mercado dos anos sesenta e setenta non permitiu. Basicamente, o cambio consistiu na segmentación da demanda, e a esta cómpre que se lle responda coa diversificación da oferta.

A evolución máis recente dos gustos e esixencias do viaxeiro, así como a inminente liberalización e abaratamento do transporte aéreo, confirmanos na necesidade de proseguir a nosa estratexia de diversificación. O reto é organiza-lo ocio e darlle contido creando as ofertas que o turista está a demandar e que o mercado español non está a subministrar no número e variedade necesarios. Polo tanto, esta insuficiencia do mercado de oferta aconséllanos un profundamento nas seguintes liñas de actuación xa iniciadas:

1ª.—Tendo en conta que a paisaxe é un valor en alza nas apetencias do visitante, do concepto de turismo rural -entendido como oferta de aloxamento con certos complementos- ten que se pasar ó de turismo verde, que integra o turismo rural, os deportes da natureza, os espazos temáticos e as mostras de cultura popular. É con esta filosofía como nós suscitamos toda unha serie de actuacións, desde o Plan director de senderismos ata a creación dun espazo paisaxístico cultural evocador da Fisterra, nun mundo no que xa non quedan fisterras.

2ª.—Desde hai catro anos o mercado está a confirmar a nosa análise de que os deportes teñen "gancho

turístico” para transformarse en produtos de alto valor engadido. Propoñémonos, por conseguinte, acomete-la creación de novos amarres para embarcacións, impulsar novos campos de golf e explotar turisticamente a caza e a pesca. Trátase de actividades que atraen unha clientela de alto poder adquisitivo que acode onde existen as instalacións adecuadas.

3ª.—O termalismo e a súa forma moderna de turismo de saúde constitúen outra motivación importante. Tamén aquí iniciamos actuacións mellorando a oferta terapéutica e a calidade dos aloxamentos, e continuaremos nesta vía.

4ª.—Por suposto que o renovado interese pola comunicación cultural ofrece novas oportunidades para o turismo nun país como Galicia, que conta cun patrimonio artístico de primeira orde en cidades e tamén espallado no medio rural, proseguindo a creación e potenciación de novos itinerarios, como os das capitais do antigo Reino de Galicia e a Ribeira Sacra, ademais de facer rendible sobre o Camiño de Santiago o impacto do ano Xacobeo.

5ª.—A promoción de congresos e convencións, que son tamén manifestacións da gama máis alta do turismo de calidade, e que está a render tan excelentes resultados, proseguirase con maior intensidade e sofisticación no deseño da oferta.

6ª.—Verbo destas accións, que en grande parte supoñen un correctivo da estacionalidade, insistiremos, por suposto, na oferta estacional por excelencia, a do turismo de praia, elemento esencial e tradicional da nosa oferta.

7ª.—Finalmente, a formación de recursos humanos, clave no turismo, virá asegurada polo novo Centro Superior de Hostelería, xunto cos demais centros de formación xa existentes. Propóñoame avanzar decididamente nun sector que figura xa entre os máis expansivos e de maior dimensión económica e que constitúe un dinámico factor de modernización de Galicia.

#### Políticas agraria e forestal

En canto á agricultura e ó sector forestal, parécese oportuno facer algunhas consideracións previas para dar conta da nova política que nos propoñemos

emprender ó redor do mundo agrario.

O campo en Galicia está ó remate dunha longa etapa de transición. Somos actores na transformación dun sistema agrícola total, que era o existente hai décadas no noso agro e que informaba cultural e economicamente toda unha forma ou modo de vida, a un novo sistema rural. Nel coexisten bisbarras en moi distinto estadio económico, desde as máis avanzadas, onde a actividade agraria ten unha pequena incidencia na economía, ás máis deprimidas, aínda que con alta dependencia das transferencias de rendas. En calquera caso, no conxunto comezan a xurdi-las complexidades organizativas e a diferenciación social que caracterizan os países máis modernos.

A agricultura, como forma de manexo en exclusiva do territorio deixa cada día novos espazos libres para outros usos non estritamente agrarios. Sendo antes a actividade principal, practicamente en exclusiva, da poboación rural, coas incorporacións das actuais tecnoloxías e con novos modelos organizativos, precisa progresivamente de menos man de obra. Faise, así, necesario emprender innovacións que ofrecen ocupación con novas profesións ás xeracións futuras.

Pola súa banda, o sector forestal, organizado ata agora para facer un aproveitamento do monte como espacio marxinal da agricultura, hai que o converter nun sistema con estruturas e lóxica propias para facer fronte, nun mercado aberto, ós sistemas forestais avanzados de terceiros países, que son as alternativas fronte ó noso.

Temos que ofrecer solucións tanto para o novo sistema rural que se está a conformar coma para as empresas que aproveitan os seus recursos.

Para esta complexa armazón de intereses de tan diversa índole queremos:

Acadar unhas estruturas competitivas en tódalas cadeas económicas sectoriais, desde as explotacións ós sistemas de comercialización, incluída a industria alimentaria e forestal.

Proporcionar unha calidade de vida, estatus social e benestar axeitados ás sociedades rurais para as que emprego, renda familiar, novas formas de relación so-

cial e dotación, tanto de equipos urbanos coma de servizos sociais, son a nosa preocupación fundamental.

Aproveita-los bens e servizos que producen, así como transferir mellorados ás xeracións futuras os recursos naturais que nos tocou administrar, facendo, en todo caso, un manexo e unha xestión axeitada dos ecosistemas tanto agrícolas coma forestais.

Esta triple dimensión ou ámbitos do sistema rural establecen diferentes planos de acción, para cada un deles expoñemos obxectivos propios e metas políticas diferenciadas, coordinadas e sen contradición interna.

Na súa dimensión económica, a agricultura moderna converteuse nun sector cunha lóxica semellante á dos sectores industriais e de servizos, perdendo a visión agrocéntrica. O noso programa de goberno asume, en consecuencia, este postulado, o que implica unha perspectiva finalista para articular produción e procesos de transformación co mercado.

Na súa dimensión social, asumimos conscientemente que nos procesos de modernización das sociedades relativamente atrasadas se produce, inexorablemente, unha redución da poboación activa do sector, polo que articularemos accións de apoio que facilitarán o proceso, tal como o veu facendo en décadas a política agraria europea.

Nunha sociedade en rápido proceso de concentración urbana, os obxectivos de conservación de recursos contemplámoslos prestando unha atención preferente ós procesos derivados da desertización humana e á necesidade de acadar unha ocupación equilibrada do medio, conseguindo unha crecente actividade social dos espazos rurais deixados pola agricultura.

En consecuencia, propoñemos desenvolver-la nosa actividade de goberno para estes ámbitos baixo tres liñas principais de actuación:

1ª.—A planificación comarcalizada e flexible de usos do territorio rural, unha dotación dos equipamentos básicos dos núcleos de poboación e o manexo das actividades terciarias como un factor importante de desenvolvemento das áreas de montaña.

2ª.—A modernización do sector agrario, para con-

formar un sistema alimentario vigoroso e puxante.

3ª.—A actualización e a transformación da servicultura para acadar un sector forestal competitivo.

#### a) Modernización do sector agrario

O noso programa de goberno propón trata-lo tema alimentario como o núcleo central da política agraria para esta lexislatura, xa que o consideramos como o máis estratéxico na actualidade para promover un desenvolvemento consistente e para acadar-los máis altos valores engadidos coas novas actividades productivas. Sobre el centraremos-las accións a implementar para todo o sector, no que a industria alimentaria, as redes de distribución, as empresas familiares, a investigación aplicada, a formación profesional e demais servizos sectoriais terán que axeita-las súas actividades e relacións internas para contribuír á transformación e á modernización acelerada dos sistemas productivos.

Desde este marco xeral, o noso programa de goberno presenta un tratamento específico e diferencial para aqueles subsectores que se están a conformar con entidade suficiente para representar un papel significativo no comercio dos produtos alimentarios, isto é, para a pataca, o viño, os cultivos de horta, a froita, as carnes de vacín, o porcino, as aves e produción de ovos, e moi singularmente para o sector lácteo, unha das columnas vertebrais da economía agraria galega.

Por isto, parece obrigado, cando menos, facer para el unha breve e específica referencia. A súa defensa e mellora, baseada no incremento da competitividade das explotacións, constitúe unha prioridade indiscutible da nosa política agraria. Esta mellora, xunto coa concentración da industria leiteira, son obxectivos ineludibles do noso programa de goberno co fin de garanti-la estabilidade e o futuro de todo o sector agrario e do sistema alimentario.

Feito xa con éxito o saneamento gandeiro, temos que emprende-la súa consolidación a través de dúas accións principais:

A primeira consiste en acadar unhas 20.000 explotacións cun mínimo de 75.000 litros de produción de leite por ano, cantidade necesaria para unha explotación viable. Está xa deseñado un Plan de adecuación leiteira (PALGA) a desenvolver nun prazo de seis

anos con este obxectivo. A través da redistribución interna rexional, o acceso prioritario á reserva nacional e á captación suplementaria en Bruxelas propoñemos acadar a cota suficiente para Galicia coa finalidade de non ver limitadas as posibilidades de crecemento.

A segunda é acadar unha industria leiteira forte, competitiva e integrada, para o que xa temos posto os primeiros alicerces cunha solidez sobresaliente ó agrupar nun grupo lácteo de base cooperativa algunhas das empresas transformadoras.

Para este subsector e para os demais alimentarios, temos proposto a dotación dalgúns instrumentos novos que consideramos de influencia estratéxica: O Instituto Lácteo Galego, como ente dinamizador e promotor da reestructuración subsectorial, e o Instituto de Tecnoloxía Alimentaria, como ente para introducir as innovacións que se precisarán nos novos procesos industriais e para facer a extensión e formación tecnolóxica profesional que será requirida.

De igual xeito, os centros de investigación aplicada actuais deberán integrarse nos subsectores produtivos privados e desenvolver tarefas semellantes nas súas áreas respectivas.

#### b) Un sector forestal competitivo

O monte en Galicia precisa de rotundos procesos de transformación e de novos modelos de xestión para que poida cumprir coas demandas actuais que a sociedade lle pide e para que realmente se poida desenvolver sobre o mesmo unha industria transformadora competitiva e con suficientes valores engadidos que compensen o esforzo investidor que se está a facer nel.

Coa aprobación por esta Cámara do Plan forestal de Galicia, no que se acadou un consenso parlamentario e de opinión pública sen precedentes, temos un modelo para o futuro que debemos acadar progresivamente segundo a dispoñibilidade que teñamos de recursos.

Hai máis de un millón de hectáreas como territorio de actuación e como protagonistas -e esta é unha das principais cuestións para articular nesta lexislatura-, cando menos, medio millón de propiedades particula-

res e preto de 3.000 comunidades de veciños que precisan, certamente, unha urxente institucionalización para administrar regularizadamente e sen conflitos os seus montes. Para uns e outros queremos ofertar un horizonte estable, uns modelos de xestión axustados ós seus intereses e facilidades para facer investimentos nos seus montes con garantías de futuro.

A industria forestal de primeira transformación, por natureza fornecedora de produtos homoxéneos, moi semellantes ós doutras orixes xeográficas, está sumida na actualidade nunha profunda crise debido a un proceso de readaptación reestructural no caso dos serradoiros e ó afundimento do mercado en taboleiros e pasta de papel. Unhas e outros precisan acadar, ante todo, a través das economías de escala, melloras de proceso e provisión de materias primas axeitadas e cunha alta competitividade, ofrecendo un mellor prezo e, coma en calquera outro sector, produtos de condición industrial. Pero tamén, a partir deste punto, e segundo as súas particularidades, deberán facer ou ben unha integración vertical cos demais escalóns transformadores, pechando círculos de produción -como é obrigado reseñar na pasta de celulosa e de papel- e incluso coas redes de distribución minorista para incorporar máis valores engadidos, ou ben promover integracións horizontais para conseguir dimensións empresariais suficientes coa finalidade de gañar posicións na oferta de semielaborados cara á negociación e ó mercado.

A industria da madeira de bens de equipo ou de produtos de consumo, pola súa banda, deberá te-la diversificación, a máxima calidade e o mellor deseño para atender unha ampla gamma de segmentos do mercado, introducirse en novas áreas xeográficas e rendibiliza-los investimentos rexionais que se fan na servicultura.

Neste sentido, crearemos nesta lexislatura o Centro Técnico da Madeira, como ente para desenvolver as tecnoloxías destes recursos e a formación dos profesionais máis especializados. Este centro deberá ter, como no caso dos outros institutos de investigación aplicada, unha alta participación do sector privado no deseño e seguimento do seu labor.

#### Política pesqueira

A política deste Goberno en materia de pesca ca-



racterizouse pola énfase posta na cobertura dos baleiros lexislativos como a planificación e os serios e decididos intentos de ordenación do sector.

A actividade lexislativa foi intensa. Aprobáronse tres leis e unha grande cantidade de decretos que adaptaron a lexislación galega ás esixencias da política común de pesca, o que posibilitará o acceso ós fondos comunitarios.

Non cabe pensar, na nova lexislatura, nunha actividade lexislativa semellante, e a énfase tense que poñer en obte-lo progresivo cumprimento das normas que foron entrando en vigor nestes anos, facendo nelas as modificacións pertinentes a medida que a experiencia e o seguimento sobre este grao de cumprimento o aconsellan. A nova lexislatura ten que ser, pois, de execución e perfeccionamento.

A Lei de pesca de Galicia intentou recoller nun texto único as competencias na materia outorgadas polo Estatuto de autonomía de Galicia. A lei foi recorrida en parte perante o Tribunal Constitucional e agárdase a sentenza que aclarará definitivamente cales son non só as competencias pesqueiras de Galicia, senón o reparto competencial adecuado entre o Goberno central e as comunidades autónomas contemplado na Constitución.

Con iso xa se contaba, e ese era un dos fins da lei. Pero hai partes moi importantes que non foron recorridas e que atinxen ó corpo da ordenación pesqueira e á xestión dos fondos destinados para o efecto. Neste sentido, queda un importante labor negociador co Goberno central coa finalidade de tratar con outras comunidades autónomas con idénticos títulos competenciais o adecuado traspaso de fondos, coherente, ademais, co novo regulamento comunitario estrutural da pesca, o IFOP, que prevé unha importante rexionalización de fondos.

A Lei de confrarías foi un paso esencial no fomento do asociacionismo no sector. Partimos da base de que en Galicia existen dúas realidades no mundo asociativo da pesca. Por unha parte, hai unhas asociacións sectoriais que son líderes no mundo e en Europa. O seu impacto en asociacións europeas como Europeche é innegable. Pero xunto a estas, conviven as formas asociativas propias do sector de baixura, que empregan a preto de 20.000 tripulantes dos que a

súa representación principal (e case diríamos que exclusiva) é a confraría. É este sector o que está máis necesitado de vertebración e estruturación.

A lei aprobada polo Parlamento de Galicia permítelles ás confrarías transformarse en organizacións de produtores se acadan uns mínimos requiridos. Con todo, coa lexislación non basta, e cómpre propicia-lo saneamento económico destas entidades.

Para iso será mester adoptar, logo da negociación e intercambio de opinións coas confrarías, as recomendacións do Libro branco sobre as confrarías recentemente elaborado. Simultaneamente, haberá que estimulalas para que poidan estar en condicións de aplicar na súa totalidade a política de mercados prevista nos regulamentos comunitarios.

A comercialización adecuada da nosa produción acompañarase de medidas presupostarias realistas que partan da capacidade do propio sector para asumir estes retos.

A protección dos nosos recursos ten que seguir a se-lo obxectivo principal da política de Galicia, e non por esa aseveración absurda que ás veces se fai de que “se lle dá máis importancia ó peixe que ó pescador”. En absoluto. Precisamente pola importancia que ten o pescador na nosa política, temos que defende-lo recurso do que vive.

Hai que partir da base de que a recuperación dos recursos é unha cuestión de varios anos: algunhas das medidas que se toman hoxe terán a súa plena repercusión algúns anos máis tarde. Pero ademais vivimos nun mundo competitivo e aberto. Se as materias primas non son abundantes non poderemos competir en precio-cantidade coas que veñen doutras zonas de Europa, e mesmo doutras partes do mundo. De nada serve te-la flota tecnoloxicamente máis avanzada se o recurso que se pesca é escaso: as contas non darán.

Tamén cómpre abandona-la vella crenza de que máis barcos equivalen a moitas máis capturas. En situacións de sobrepesca como as que vivimos, isto non é así, e moitos barcos significan recursos cada vez máis escasos e, polo tanto, menor rendibilidade nas explotacións e maior desemprego. Por iso hai que acometer, simultaneamente, a protección dos recursos, a planificación do tamaño óptimo da flota e a súa renovación.

Cómpre impulsar-lo relanzamento da construción naval, pero con planificación e previsión. Comezamos xa pola renovación da flota do Gran Sol porque é a que ten que asumir un reto máis inminente e porque ten moi claro o seu marco xurídico de atribución de dereitos de pesca, así como o seu tamaño potencial.

A esta deberíalle segui-la flota de arrastre de litoral e aquelas outras que actúan sobre os recursos da plataforma galega. Pero para iso é preciso, tal e como temos reclamado desde o Plan de ordenación dos recursos, unha lei estatal de pesca que atribúa os dereitos e a estabilidade relativa das comunidades autónomas respecto dos recursos estatais. Galicia non pode reducir flota se non se permite a acumulación de dereitos de maneira clara.

Cómpre, igualmente, impulsar-la acuicultura de forma realista intentando sanear e consolida-las empresas que existen na actualidade.

No marisqueo é imprescindible continuar avanzando no proceso de profesionalización, establecendo límites adecuados de acceso á explotación. Este límite é absolutamente necesario se se desexa un bo aproveitamento económico deste tipo de recursos e a xeración de emprego. Para iso, o asociacionismo e a potenciación das confrarías baixo mellores formas de funcionamento e xestión é indispensable.

Continuarase, así mesmo, coa recuperación das áreas marisqueiras que se poidan poñer en produción. Hoxe, os lombos do Ulla, que quedaron completamente improductivos, volven ser explotados, símbolo esperanzador de que os traballos de rexeneración emprendidos comezan a da-los seus froitos. Hai que levar a término ese proxecto, así como os que están previstos noutras áreas.

#### Política de emprego.

Calquera que sexa o punto de vista que se adopte para contempla-lo mercado de traballo durante a presente década lévanos á conclusión de que o problema xeral co que nos atopamos é a alta taxa de desemprego, que afecta, en maior ou menor medida, a tódolos países do noso contorno. Isto é así porque diversas tendencias latentes no mercado laboral fan difícil a desaparición dos desequilibrios actuais ó mesmo tem-

po que o cambio tecnolóxico esixe cada vez cualificacións máis elevadas e dificulta a recolocación dos traballadores que perderon o seu emprego anterior.

Con todo, esta imaxe non reflicte por completo o que acontece no mercado de traballo, xa que habería que destaca-los demandantes do primeiro emprego, principalmente xente nova e mulleres, que aínda non accederon ó mundo productivo e que están fortemente afectados polo paro.

O paro, en xeral, e o que afecta á xente nova e mulleres en particular, representa un problema estrutural permanente que non se pode abordar illadamente e, menos aínda, desde un teito competencial limitado en aspectos básicos tales como a contratación, fiscalidade e outros.

Partindo destes límites competenciais que obrigan a reclamar outras actuacións complementarias da Administración central e aceptando que non existen formulas máxicas para combater-lo desemprego, o Goberno de Galicia loitará sen descanso para erradicar-lo desequilibrio social que este produce e para iso desenvolverá dous eixes fundamentais na súa política de emprego: a formación profesional e ocupacional e o Plan de emprego xuvenil.

#### a) Formación profesional e ocupacional.

Conscientes da importancia das ensinanzas de Formación Profesional do Goberno da Xunta de Galicia, fixéronse, desde o primeiro momento e con resultados altamente positivos, tódolos esforzos para logra-la acreditación e o recoñecemento social deste nivel educativo creando -esa foi unha das miñas primeiras decisións- unha dirección xeral específica na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Só unha formación profesional vinculada ás realidades laborais do seu contorno está chamada a ter un futuro prometedor para Galicia.

Non debemos esquecer que unha boa parte dos éxitos que se conseguiron no desenvolvemento da actual formación profesional se lles debe recoñecer ós empresarios galegos que veñen prestando o seu apoio para que a formación das rapazas e rapaces sexa moi máis completa e en contacto co mundo real do traballo.

Na lexislatura que agora se inicia propoñemos dar-

lles ós estudos de Formación Profesional os medios precisos para facilita-la integración dos mozos no mundo laboral, obxectivo fundamental do Plan de emprego xuvenil -o que este Goberno promove como prioritario-, e actualiza-la formación dos traballadores que precisen dunha reciclaxe para adaptarse máis ás modificacións que o avance das tecnoloxías imprime nos procesos productivos. Diante do exposto faise necesario chegar a unha adecuada coordinación coas distintas ofertas da formación profesional ocupacional. Esta coordinación constitúe a clave de bóveda de todo o sistema de formación para o traballo.

A asunción das competencias en materia de formación ocupacional pon en mans de Galicia tódolos instrumentos para lograr esta coordinación e permitirá facer efectiva unha formación axeitada ás necesidades de Galicia, constituíndo un elemento substancial para facer efectiva unha política de desenvolvemento industrial e de potenciación dos sectores estratéxicos de Galicia.

Neste marco crearase o Instituto de Novas Profesións, que terá como funcións a prospección das necesidades de formación e o deseño das ensinanzas das profesións emerxentes.

#### b) Plan de emprego xuvenil

Atendendo ás dificultades dos mozos para incorporarse ó mundo productivo, que se traducen nunha taxa de desemprego moi superior á media, e á problemática social que xera esta situación, o Goberno desenvolverá o Plan de emprego xuvenil, do que as súas liñas básicas xa foron aprobadas e que constituirá un dos obxectivos prioritarios da lexislatura.

Este plan, dentro do marco da política económica global que xa teño expresado, potenciará as accións dirixidas para que o sistema productivo xere os empregos necesarios para absorbe-la demanda de traballo, singularmente dos nosos mozos. Isto permitirá coordinar e reforzar actuacións dispersas e poñer en marcha medidas innovadoras dirixidas a reduci-las dificultades específicas que a xente nova ten á hora de acceder ó emprego.

O plan acometerá un conxunto coherente de medidas que irán desde a formación e a orientación profesional ata o fomento da contratación, pasando pola

promoción do autoemprego, a economía social e outras accións complementarias de información e asesoramento.

#### Políticas de apoio

##### a) Investigación científica e técnica

Na sociedade moderna postindustrial non é posible o desenvolvemento económico sen unha investigación de calidade que posibilite tanto o perfeccionamento de procesos productivos coma o deseño de novos produtos adecuados ás necesidades e ás demandas do mercado.

A potenciación da investigación universitaria, a súa focalización nos sectores estratéxicos de Galicia e o fomento e impulso á investigación das empresas impulsaranse a través do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico que, dentro do marco da Lei de fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, constituirá o eixe que fará posible o avance da innovación e desenvolvemento tecnolóxico, a subseguinte incidencia na capacidade competitiva dos sectores productivos e a formación de novos científicos e investigadores.

##### b) As infraestructuras, camiño de futuro para Galicia

O nivel de desenvolvemento da nosa terra atópase aínda lonxe do dos países europeos máis avanzados, e isto é así, entre outras razóns, porque as nosas infraestructuras aínda son escasas e en moitos casos deficientes.

Nestas circunstancias, agravadas, sen dúbida, pola nova situación europea e o mercado único, os próximos e inmediatos anos deben ter para o noso país outra prioridade incuestionable: continua-lo esforzo de mellora e desenvolvemento das infraestructuras.

Seguir acumulando retrasos neste campo significa hipoteca-la nosa capacidade competitiva, cando está demostrado que a indiscutible correlación entre o crecemento da produtividade dun país e os seus investimentos en infraestructuras e equipamentos é cada vez máis un factor determinante para a localización de novas actividades productivas e para a xeración de economías externas para as empresas.

Tendo en conta isto, na pasada lexislatura púxose en marcha un modelo de planificación integral das infraestruturas situando como obxectivos prioritarios:

-Acadar un maior crecemento global da competitividade para o noso sistema productivo.

-Reforza-la integración económica e social.

-Conseguir un maior equilibrio entre as distintas zonas do noso territorio.

-Respecta-lo medio natural.

Estradas.

Se tódalas infraestruturas son necesarias, as viarias teñen un papel preponderante adquirido pola importancia do sector de transportes da nosa economía.

O Goberno galego realizou nos últimos anos importantes e evidentes avances neste sentido, reflectindo a súa actuación nun instrumento: o Plan de estradas de Galicia.

Este plan, aprobado polo Goberno galego en 1991 e en execución desde o principio da lexislatura, prevé un investimento duns 274.000 millóns de pesetas en dez anos, unha cifra que supón multiplicar por catro os investimentos realizados nesta materia, en Galicia, en semellante período de tempo; é dicir, desde que existe a Comunidade Autónoma como tal.

O plan contempla unha serie de vías de alta capacidade: a autoestrada A Coruña-Carballo; o corredor Ferrol-San Sadurniño; o corredor Monforte-Lalín; a vía rápida Padrón-Ribeira; a vía rápida do Salnés; a vía rápida do Morrazo e a vía rápida do Val Miñor. As actuacións abranguen 240 Km, cun investimento de 44.075 millóns de pesetas. Agás as dúas últimas vías rápidas do Morrazo e Val Miñor, que están en fase de proxecto, o resto está executado ou en execución.

A rede primaria básica, incluída no plan, está constituída por tres tipos de eixes que permiten vertebrar-la totalidade do territorio galego: costeiros; nortesur e leste-oeste.

As actuacións abranguen 693 Km, cun investimento de 71.968 millóns de pesetas, dos que 579 Km

se atopan executados ou en execución e 114 Km en proxecto.

A rede primaria complementaria supón a actuación sobre 457 Km de rede, cun investimento de 90.000 millóns de pesetas, e permitirá a conexión das cabeceiras comarcais dos núcleos de poboación importantes.

Actualmente, están en execución ou xa rematados 326 Km e 231 Km en proxecto ou estudo.

Desde a óptica económico-social, este investimento representa un incremento da renda nacional de 578.000 millóns de pesetas e supón a creación duns 4.000 postos de traballo directos anuais no período de vixencia do plan.

Ademais deste importante esforzo económico do Goberno galego, que permitirá vertebrar axeitadamente o interior de Galicia, os accesos rápidos á Meseta e a Europa quedarán resoltos gracias ó convenio que se asinou o 28 de novembro de 1991 coa Administración central do Estado, que prevé a construción de dúas novas autovías, das que xa foron contratados varios tramos.

A política de infraestruturas deseñada permitirá situar-lo noso país na órbita que por historia e por situación lle corresponde.

#### — Obras hidráulicas

Cómpre continuar-lo labor en materia de abastecemento e saneamento desenvolvendo o Plan hidrolóxico das concas de Galicia costa e o Plan de infraestruturas hidráulicas das concas intercomunitarias de Galicia.

E é preciso culmina-lo enorme esforzo que fixemos no Plan de saneamento das rías galegas, con especial atención ás de Vigo, Pontevedra, Arousa, A Coruña, Ares e Ferrol, que culminará as súas máis importantes realizacións en 1996.

#### — Portos

Polo que respecta ás infraestruturas portuarias, prestaráselle atención a: modernizar e incrementa-las instalacións portuarias; mellora-las comunicacións terrestres dos portos; mellora-las relacións entre os por-

tos e os núcleos urbanos, coidando especialmente o urbanismo das zonas de contacto e a adecuación para actividades turísticas, recreativas e deportivas, e prestar atención á conservación e ó respecto do medio natural.

En definitiva, as accións infraestruturais e de equipamento contémpanse no Plan de portos da Comunidade Autónoma e enfócanse de cara a potencia-lo sector da pesca -de vital importancia para Galicia, como dixemos-, o comercial -separando as súas actividades das da pesca-, o turístico-náutico e a interrelación portos-zonas urbanas e vías de comunicación galegas.

O Goberno galego considera imprescindible a transferencia dos portos galegos de interese xeral ou, en todo caso, a corresponsabilización na xestión, coa finalidade de que poidan desempeña-la función estratéxica que lles corresponde como unha das principais canles de comunicación con Europa e América.

#### — Electrificación rural

Nos tres anos de desenvolvemento do Plan MEGA investíronse 33.000 millóns de pesetas, cunha aportación dos presupostos da Xunta de Galicia de 12.850 millóns de pesetas, co que a calidade de servizos de distribución de enerxía eléctrica está a mellorar substancialmente. O obxectivo é mante-lo plan ata o seu total cumprimento, en principio previsto para 1994; o que non será posible polo incumprimento da Administración central, que prometeu oficialmente dotar a este plan con 15.500 millóns de pesetas a través das subvencións do Ministerio de Industria e Enerxía e do financiamento a cargo do sistema eléctrico, vía marco legal estable.

Con todo, o plan é tan absolutamente prioritario para Galicia que, con ou sen aportación da Administración central -que, naturalmente, imos reclamar intensamente-, se rematará nesta lexislatura, facendo un esforzo -se fose necesario- presupostario extraordinario por riba do previsto para cubri-la non aportación do sistema eléctrico, independentemente de que sigamos reclamando estas aportacións, ó igual que Galicia é solidaria co resto de España en materia de enerxía.

#### — Gas natural

Co outorgamento de concesións a ENAGAS, a Gas Galicia, SDG, S.A. e a outras empresas por parte da Xunta de Galicia e a concesión da planta de regasificación de Ferrol por parte do Ministerio de Industria e enerxía a ENAGAS, cos terreos adquiridos, estase en vías de ultimar este gran proxecto estratéxico para Galicia. Axiña se iniciarán as obras da planta de Ferrol; están xa iniciadas as obras en Lugo e estaran en breve en Vigo e Santiago para a distribución de gas canalizado para uso doméstico e comercial. Preténdese que os cidadáns destas cidades dispoñan deste servizo en 1994, e o gas natural estará en Galicia nos próximos dous anos para a súa implantación nas sete maiores cidades e no seu contorno.

Para lograr unha máis rápida implantación e unha maior extensión da infraestrutura do gas, as actuacións da Xunta de Galicia centraranse en:

1.- Subvención ós ramais de Lugo e Ourense ata o seu inicio de rendibilidade e subvención á extensión da rede a áreas non previstas na primeira fase -as sete maiores cidades do seu contorno- que non acaden niveis de rendibilidade. Estas subvencións serán recuperables en función da rendibilidade real.

2.- Mante-la participación do 35% no capital de Gas Galicia, acudindo ás ampliacións de capital necesarias para cubri-lo 40% do investimento previsto de 12.000 millóns de pesetas.

3.- Realización de estudos de viabilidade na totalidade das empresas de Galicia con importantes consumos enerxéticos para a súa adaptación ó gas natural, incluíndo a implantación da coxeneración para mellora-la súa competitividade.

4.- A instalación de ciclos mesturados en centrais térmicas e a substitución de combustible por gas natural, que permitirán unha mellora do medio ambiente e unha maior capacidade de xeración de enerxía eléctrica.

#### — Telecomunicacións

O ambicioso Plan de telecomunicacións emprendido en 1991 terá continuidade nesta lexislatura coa implantación, cando menos, dos 107.000 novos teléfonos no rural previstos no Plan de telefonía rural en decembro de 1994; a finalización en 1996 do Plan de te-

lefonía móbil rural, que pon este servizo a disposición dos profesionais que prestan servizos esenciais á Comunidade, e a subvención ó sector hosteleiro de equipos de telecomunicacións, coa cobertura total radioeléctrica para a Radio e a Televisión autonómicas, o equipamento para a transmisión de voz e datos a través da dotación á Xunta de Galicia dunha rede propia de telecomunicacións para un mellor e máis económico servizo ó administrado, así como a implantación da rede “trunking” como unha rede propia de Galicia de enorme utilidade no futuro.

Os resultados e o seguimento destes plans, así como a situación das infraestruturas de telecomunicacións en Galicia e o seu desenvolvemento futuro, concretizaranse no Libro branco das telecomunicacións en Galicia, que verá a luz en 1994.

Aínda, Galicia estará dotada nesta lexislatura dunha malla de fibra óptica que cubra os núcleos de poboación superiores a 5.000 habitantes, aproveitando para a súa instalación as infraestruturas do Plan ME-GA e do Plan de gasificación para diminuí-los custos. Esta rede permitirá a prestación de servizos avanzados de telecomunicación.

— Solo empresarial

En materia de solo empresarial, propoñémonos continua-lo labor de dotación de solo empresarial ou terciario que se iniciou hai tres anos, desenvolvendo o Plan de solo empresarial de Galicia, que contempla a execución de 96 parques empresariais, dos que 68 terán que se rematar a finais de 1995.

Na pasada lexislatura rematáronse ou están en execución 12 parques: 5 deles na provincia da Coruña, 3 en Lugo, 1 en Ourense e 3 na provincia de Pontevedra.

Durante 1994 inauguraránse outros 32 parques empresariais: 5 na Coruña, 9 en Lugo, 10 en Ourense e, por último, 8 en Pontevedra.

Galicia tamén vai contar nesta lexislatura con 2 parques ofimáticos situados nas dúas grandes áreas metropolitanas da Coruña e Vigo.

Este conxunto de actuacións en materia de solo empresarial van permitir que Galicia conte no hori-

zonte de 1995 con 31 millóns de metros cadrados de solo acondicionado para acoller actividades empresariais.

## POLITICAS SOCIAIS

### Educación básica e secundaria

Estamos a traballar para mellora-la calidade da educación. Neste eido é central -aínda que non exclusiva- a actuación coa nosa xuventude. É oportuno ocuparse da rede de centros, dos proxectos curriculares, da formación permanente do profesorado, da innovación educativa...; cuestións estas que son obxecto das nosas inquietudes. Pero facer isto supón ás veces un exercicio de responsabilidade política, tendo en conta -xunto ó valor estratéxico da formación humana- as tendencias demográficas e tamén as restricións presupostarias que inevitablemente afronta e afrontará nos próximos anos o sector público en xeral e a nosa Comunidade Autónoma en particular.

Pero hai un aspecto ou novo horizonte que queremos abordar con decisión. Este novo horizonte podemos resumilo nunha frase: “Que a formación dos centros se imbrique productivamente na sociedade”.

Na Galicia de hoxe cremos que a educación é posible durante toda a vida dunha persoa, que non se limita ós primeiros anos, etapa na que é obrigatoria, xa que educar é esperta-la facultade do discernimento para permitir que o ser humano poida facer unha elección xuiciosa entre as oportunidades que lle xurdan ó longo da súa vida. Neste sentido, educar e formar son obxectivos prioritarios da nosa actividade e levámola a cabo procurando manter unha visión global, humanista e integradora da educación na que acadan especial relevancia os valores medioambientais, non sexistas, e a conciencia e a transcendencia social da cultura do lecer e do consumo.

Falando xa de xeito máis concreto, na vindeira lexislatura conseguiremos mellorar e racionalizar aínda máis os servizos complementarios, como o transporte escolar e os comedores, e dotarémolos centros dos equipamentos didácticos e profesores para poder atender-las novas especialidades recollidas na nova lei educativa.

Así, tendo en conta que no presente curso conse-

guímo-la escolarización de 15.510 nenos de 3 anos, non podemos menos que seguir coa progresiva implantación deste segundo ciclo da Educación Infantil para lograla escolarización total daqueles nenos de 3 anos dos que os seus pais así o desexen. Así mesmo, buscaremo-la colaboración con institucións e entidades públicas e privadas para implanta-lo primeiro ciclo da Educación Infantil, que vai desde cero ós tres anos.

Continuarase a implantar de xeito xeneralizado a nova Educación Primaria que substitúa á Educación Xeral Básica, salientando o que é unha novidade neste nivel: a introducción dos idiomas estranxeiros, da educación física e das ensinanzas da música, coa finalidade de poñe-las nosas rapazas e rapaces nun nivel de competitividade paralelo ó dos seus compañeiros doutros países europeos; competitividade humana que é para a vida tamén.

No desenvolvemento da educación é fundamental o labor do profesorado, por iso lle dedicaremos especial atención á súa formación, promovendo a súa participación nos cursos desenvolvidos nos plans anuais de formación e coa concesión de axudas individuais e das licencias por estudos. Avanzarase tamén na creación de novos centros de formación de profesorado e na diversificación das axudas para potenciar unha mellor formación científica e pedagóxica.

Nos próximos anos a progresiva implantación xeneralizada da Ensinanza Secundaria e dos novos bacharelatos obrigará igualmente a ampliala rede de centros, mellora-las instalacións dos centros existentes (talleres de tecnoloxía, aulas de música...) e a amplialos cadros de persoal do profesorado para impartirlas novas ensinanzas (música, tecnoloxía, economía...), sen esquece-la mellora dos servizos dos centros.

Así, unha tarefa importante nos vindeiros anos vai se-lo traballo para fixar -como xa se ten feito cos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria- o deseño curricular das materias do bacharelato, as secuenciacións e a elaboración de unidades didácticas e materiais de apoio das diferentes materias -destaco que xa se ten feito nos outros ciclos-. Así mesmo, estas novas ensinanzas obrigarán a unha reciclaxe do profesorado en exercicio, por entender

que toda posibilidade de reforma e mellora do sistema ten que pasar necesariamente pola oportunidade de formación das profesoras e dos profesores.

#### Ensinanza universitaria

No nivel da ensinanza universitaria é de obrigada referencia o grande esforzo presupostario -que hai que ser claros, está neste momento no 0,8% do PIB galego, moi por riba do nivel medio español- que fixo o Goberno da Xunta para, trala segregación da Universidade de Santiago de Compostela, conseguilo asentamento de dúas novas universidades, como son as da Coruña e Vigo, e os seus respectivos *campus*, ás que se lles dedicou especial atención na anterior lexislatura, dado que a situación na que se atopaban trala segregación distaba moito do que hoxe representan xa no conxunto do sistema universitario de Galicia.

Queremos para Galicia unha universidade de calidade, identificada dentro do sistema universitario e definida con autonomía dentro do marco legal establecido. Para isto, o Goberno asumiu dinamicamente o Plan de financiamento, orientándoo cunha filosofía específica para os investimentos, a creación de servizos e a investigación e docencia, de xeito que estamos corrixindo os desequilibrios cos que partiron os *campus* na súa orixe e atallando as disfuncionalidades derivadas dos axustes dos plans ás circunstancias concretas e reais de cada ano.

Neste nivel de educación insistirase, por parte do Goberno, na mellora non só das institucións universitarias, senón tamén dos seus docentes e das súas oportunidades investigadoras, sen esquece-la mellora da calidade da oferta de postos escolares para tódolos galegos e galegas que teñen capacidade e vocación universitaria.

#### Política familiar

O Goberno vai impulsar unha decidida política de apoio á familia como unidade básica da sociedade e garantía do desenvolvemento e benestar das persoas.

Nesta lexislatura, que comenza co ano internacional da familia -así designado polas Nacións Unidas-, desenvolverase un plan integral de apoio a esta venerable institución que se impulsará a través dunha comisión delegada da Xunta de Galicia e que terá como

grandes eixes de actuación:

-Promove-la autonomía familiar concretando medidas de apoio á familia.

-Posibilita-la compatibilidade entre familia e traballo.

-Apoio especial ás familias menos favorecidas.

-Proposta de medidas ó Goberno central, nas áreas da súa competencia, en canto que a política familiar é unha política de Estado.

É preciso unha concienciación da sociedade e un esforzo de todos a prol dunha real e efectiva política de apoio á familia, non só pola súa función esencial na sociedade, senón tamén como instrumento axeitado para inverte-la tendencia da evolución demográfica, ben fraca hoxe e ben preocupante, da nosa Comunidade e que constitúe a principal ameaza, penso eu, para o futuro de Galicia como pobo.

No marco da política familiar, quero dedicarlles unha atención especial ós seguintes colectivos que requiren estratexias singulares:

#### a) Infancia

O obxectivo específico é desenvolver un sistema público de protección á infancia en Galicia que persiga, entre outros, os seguintes obxectivos:

-Incidir nas situacións de risco, favorecendo o desenvolvemento de programas e recursos que actúen na liña de protección.

-Proporcionarlles ós menores, en situación de dificultades sociais, os medios necesarios para o seu desenvolvemento integral, fortalecendo a capacidade das familias para atender-los seus fillos de maneira satisfactoria.

-Contribuír a unha xestión máis racional dos recursos existentes, mediante a ordenación e integración de tódolos programas.

-Conciencia-la sociedade sobre a problemática do menor e potencia-la responsabilidade e a resposta colectiva.

-Establecer unha cooperación eficaz cos axentes sociais e coordina-las actuacións das distintas administracións.

#### b) Xuventude

Resulta obvio afirmar que o futuro dun país está na súa xuventude. Para conseguilo grande obxectivo da integración e participación efectiva da xuventude na vida política, social, económica, cultural e laboral que recolle o artigo 48 da Constitución española é preciso unha acción global de goberno que coordine as políticas de tódalas áreas da Administración.

Ademais do Plan de emprego xuvenil xa mencionado, desenvolveranse as seguintes accións:

Creación dunha rede de centros de información xuvenil, ben propios ou concertados.

Propiciárase a participación dos mozos nos programas culturais e educativos, promovendo para iso a realización de convenios con entidades financeiras, universidades, medios de comunicación, etc.

O lecer, o tempo libre da mocidade, segue a ser un obxectivo prioritario de acción. Para iso seguirase a traballar na formación de monitores, animadores e directores xuvenís, optimizándose o nivel de funcionamento e ocupación da importante rede de acampamentos, albergues, campos de traballo e residencias con que conta a Xunta de Galicia. Pontenciarase a creación e desenvolvemento das escolas de tempo libre, e seguiranse a organizar viaxes turísticos-culturais para a xuventude.

Se queremos que Galicia, desde a súa personalidade, teña algo que dicir e que aportar na construción europea é fundamental fomentar-la realización de intercambios bilaterais e multilaterais con países do noso contorno e con aqueles outros nos que a presenza galega é importante, co fin de permitirlle á xuventude de Galicia establecer contacto con outras persoas, así como coñecer outros xeitos de vivir e outras culturas.

#### c) Muller

O obxectivo da acción de goberno é facer desde o seu ámbito de responsabilidade todo o preciso para conseguilo plena igualdade da muller co home nunha



sociedade harmónica.

Como liñas básicas de actuación están:

-Promover unha maior participación social da muller.

-Favorece-la súa integración laboral.

-Promoción especial da muller traballadora.

-Proposta de medidas ó Goberno central para facer efectiva unha política máis xusta e solidaria para a muller.

d) A terceira idade

Continuando o esforzo da lexislatura que, entre outros logros, permitiu pasar de 1.226 prazas na rede pública de centros e servizos sociais para a terceira idade en 1989, a máis de 2.400 prazas en 1993, levárase a cabo na próxima lexislatura un plan autonómico para a terceira idade como medio de proporcionar-lles ós nosos maiores os medios suficientes que lles permitan gozar dunha atención social, permanente que evite o illamento e o desarraigamento, posibilitando a participación plena na vida familiar, cultural, económica e social.

Rexeitamos de cheo a consideración da terceira idade como unha carga financeira e social; pola contra, defendemos que a plena integración dos maiores contribúe positivamente a resolver moitas carencias e permite o mellor uso dos recursos dispoñibles.

As necesidades socioasistenciais dos maiores trátanse dun modo integral, como unha política específica, á vez que integradora, da vellez. Neste contexto potenciaranse as seguintes accións:

-Aprobación da lei pola que se estableza o estatuto das persoas maiores na Comunidade Autónoma galega.

-Programas destinados a favorece-lo mantemento do ancián no seu medio (axuda a domicilio, acollemento familiar, creación de centros de día, telealarma domiciliaria, atención alimentaria, estadias temporais, apoio á familia, axudas técnicas individuais, etc).

-Programas de vivendas propias mellorando o ac-

ceso ás mesmas e a súa habitabilidade, e os de acollementos alternativos mediante a creación de pisos tutelados, apartamentos vixiados e vivendas compartidas.

e) Minusválidos

-Creación de centros ocupacionais comarcais para minusválidos psíquicos que traten de "habilitar profesionalmente" as persoas ás que o seu grao de minusvalía lles impida a incorporación ó mundo do traballo e actúen como axentes de socialización mediante o desenvolvemento de programas que permitan unha maior autonomía posible e a promoción de tódalas capacidades que fagan viable a incorporación do minusválido á vida social.

-Creación de centros para minusválidos gravemente afectados pola profundidade da súa diminución e que non se poidan integrar en centros ocupacionais.

-Favorece-la integración dos minusválidos a tódolos niveis, ademais de evita-lo illamento persoal e fomenta-la participación das persoas con minusvalías no seu medio sociocultural.

-Establecemento do marco legal para potencia-las medidas destinadas á eliminación dos atrancos arquitectónicos urbanísticos, do transporte e da comunicación que dificulten ou impidan a participación dos minusválidos na sociedade.

Política deportiva

Puxemos en marcha, por primeira vez, unha política deportiva de carácter global, adaptada ó proxecto modernizador deseñado pola Xunta para toda Galicia, e orientada cara a un esforzo común pola vertebración e desenvolvemento integral da nosa Comunidade Autónoma.

Para iso intentamos conxuga-las facetas técnicas e específicas do deportivo, cunha visión global de Galicia, respectando a nosa propia realidade e escoitando a tódolos axentes deportivos involucrados no feito deportivo galego.

O rigor e a seriedade desa planificación deportiva, levada a cabo a través da coordinación do esforzo investidor de tódalas institucións, foron decisivos para superar en solitario -e, por certo, sen a solidariedade

do Goberno central- o atraso deportivo ó que Galicia fora relegada.

Imos seguir apostando por mante-los maiores niveis de oferta de instalacións deportivas para a poboación galega e a máxima cobertura dos usuarios e deportistas, facilitando o acceso doutros grupos e integrando deporte e saúde e deporte e terceira idade; e prestaremos unha especial atención á xestión e rendibilidade dos equipamentos creados, sempre con criterios de total profesionalidade, co único obxectivo de facer un deporte de todos e para tódolos galegos.

O Plan director de infraestruturas, xa en marcha, terá en conta novas variables, como a dimensión xeográfica dos municipios, o seu sistema de asentamentos, a estrutura de idades e outras circunstancias que inciden sobre a posibilidade de facer deporte. Ademais, imos valora-la posición de cada concello nun contexto comarcal.

Debemos profundar todos xuntos no modelo deportivo e de xestión que rendibiliza o noso esforzo investidor; para iso, a lei galega do deporte, suporá o instrumento necesario que delimite o ámbito de competencias e as canles a seguir polas institucións públicas e privadas, para seguir facendo do deporte galego unha das bandeiras de progreso de toda a sociedade.

#### Política sanitaria

A política sanitaria de Galicia, de plena responsabilidade da Xunta desde que en 1991 se produce a transferencia dos servicios do INSALUD á nosa Comunidade, mereceu do meu Goberno, como non podía ser menos, na lexislatura que acaba de rematar, unha atención prioritaria. Non é cousa de cansar neste intre ás súas señorías cun relato de feitos, polo demais coñecidos, que acreditarían o que veño dicir. Sendo eu e o meu partido conscientes de que tamén neste sector, mesmo sendo moito o realizado, aínda é moito o que queda por facer, e que Galicia, con dotacións humanas e materiais, segue en conxunto por baixo da media nacional, non imos deixar de insistir - con ocasión ou sen ela, e máis se se nos ofrece, como fixo a señora ministra de Sanidade- en acurta-lo prazo previsto para achega-la aportación do Estado á que temos dereito segundo a nosa poboación protexida.

Convirán comigo as súas señorías en que, aínda

sendo así as cousas e estando claro para todos que unha boa sanidade é un ben público irrenunciable, queda aberto ante ese gran obxectivo todo un abano de accións para acadalo. A propia evolución do concepto de ben público, o seu tratamento efectivo e as propias restriccións presupostarias invítannos a un exercicio de imaxinación para canalizar con eficiencia e eficacia as enormes contías de gasto que unha desexable atención sanitaria merece.

Aínda persisten en Galicia, como en tódalas partes importantes, problemas de saúde ou xorden con forza outros novos como a SIDA ou as drogodependencias. Os galegos viven cada día máis e mellor, pero un número significativo deles morre prematuramente ou presenta importantes secuelas como consecuencia de enfermidades hoxe en día potencialmente evitables. Moitos médicos e centros de saúde dan unha asistencia admirable, pero non tódolos concellos de Galicia dispoñen por igual dunha atención primaria de calidade. Os nosos hospitais teñen todos un bo nivel e algúns -destacados en transplantes de ril, de corazón ou de medula- figuran entre os mellores de España, pero temos lagoas para o adecuado e puntual tratamento de patoloxías oncolóxicas e cardiovasculares. Algunhas comarcas aínda están afastadas dabondo do seu centro hospitalario, e a masificación e outros problemas de funcionamento da nosa rede sanitaria tradúcense aínda en longas esperas para intervencións cirúrxicas, consultas ou probas diagnósticas e outras molestias ou deficiencias que reducen a calidade do servicio que se lles presta ós galegos.

Eu e o meu Goberno propoñémonos continuar na actuación decidida en todos estes campos ó servicio da saúde dos galegos.

O cancro ocasiona a cuarta parte das mortes e algo máis dos anos potenciais de vida perdida por debaixo dos 65 anos.

O Goberno propónse potenciar ó máximo os servicios de oncoloxía en Galicia. Rematarase no menor tempo posible a instalación dos aceleradores lineais xa proxectados na Coruña e dotarase doutra instalación de aceleradores lineais xa proxectada no hospital do Meixoeiro de Vigo, no Centro Oncolóxico da Coruña e no Hospital Xeral de Galicia, en Santiago. Ó mesmo tempo, continuarase coa maior dilixencia

co programa de detección precoz do cancro de mama e de loita contra o tabaco -responsable este de máis do 80% das mortes por cancro de pulmón-, que se desenvolven en colaboración coa Asociación Española contra o Cancro. O cancro de colon e o de colo uterino serán tamén obxecto de programas especiais.

As enfermidades cardiovasculares, as drogodependencias, a SIDA e a hepatite-B, a tuberculose e tódolos demais problemas -ata dezasete- que o Plan de saúde considera prioritarios, e coa énfase que nel se pon nos aspectos da prevención de enfermidades e da promoción da saúde, merecerán tamén unha atención especial.

O meu Goberno propónse, igualmente, completar as infraestruturas sanitarias de Galicia, concluíndo a construción de centros de saúde e rematando todo isto nesta lexislatura: as obras dos hospitais de Santiago de Compostela, do Barbanza, do Salnés e da Costa da Morte.

Propónse, así mesmo, avanzar significativamente na implantación do novo modelo de atención primaria, de xeito que sexan cada día máis os municipios de Galicia que dispoñan de médicos con presenza continua nos centros de saúde, con programas de prevención e promoción da saúde, con atención materno-infantil e asistencia social e, cada vez máis, tamén, as cabeceiras de comarca que dispoñan de servizos de odontoloxía, fisioterapia, saúde mental e orientación familiar. A atención de urxencia disporá, cada vez máis, de presenza médica permanente no propio municipio ou en puntos non moi afastados da poboación e con teléfono de chamada gratuíta para obter unha visita ó enfermo necesitado, ou o transporte sanitario cando así o requira.

En relación cos hospitais, o Goberno que me propoño establecer, ademais do que xa se dixo sobre a oncoloxía, propónse completa-lo dispositivo de cirurxía cardíaca cun novo servizo desta natureza en Vigo e continuar na liña de melloras dos seus medios humanos e materiais e de achegamento dos especialistas ós cidadáns nalgunhas cabeceiras de comarca. Unha cada vez máis forte vinculación dos hospitais e os centros de atención primaria da súa área será un obxectivo permanente.

A difícil situación económica pola que atravesamos

país e a imposible renuncia a mellora-la calidade dos servizos que lles ofrecemos ós cidadáns, e incluso a atender necesidades obxectivas e que, de momento, non están satisfeitas, fai conxuntamente apremiante o que viña sendo xa unha necesidade estrutural imposta polo crecemento dos gastos sanitarios, a de chegar ó teito da capacidade productiva dos recursos existentes e velar ó máximo pola eficiencia de calquera novo investimento.

O primeiro que imos facer é poñer baixo unha mesma e directa responsabilidade a sanidade e os servizos sociais. A Comunidade Autónoma herdou do Estado, nos seus respectivos procesos de transferencias, redes independentes de sanidade e de servizos sociais. Penso, sen embargo, que estas dúas redes son complementarias e deben de traballar conxuntamente na prestación de servizos ós cidadáns, e aínda máis en Galicia, onde un dos colectivos que máis se pode beneficiar desta medida pola súa maior frecuentación dos servizos sanitarios e necesidade de atención social é a poboación maior de 64 anos, en continuo ascenso.

Do mesmo xeito, esta coordinación beneficiará a outros colectivos, como os minusválidos, que van ver mellora-las súas prestacións asistenciais.

Pola mesma orde de consideracións pedimos, unha vez máis, a transferencia dos servizos sanitarios do ISM -cuestión, ademais, implícita nas nosas demandas de Administración Única-, e pedimos facilidades, que non temos, para un aproveitamento máis coordinado dos medios dese instituto sen agardar á transferencia.

En definitiva: 1) Ampla capacidade de elección por parte do cidadán, que inclúa tamén a oferta privada. 2) Novo modelo de atención primaria. 3) Autonomía de xestión, por parte das institucións, coa mellora nos procesos de xestión aproveitando os últimos avances informáticos. 4) Fórmulas alternativas á hospitalización convencional: hospitais de día, cirurxía menor e ambulatoria, centros de longa estancia, residencias asistidas, etc. Son os catro pilares dese proxecto de reforma dos servizos sanitarios, progresivo e profundo a un tempo, no que estamos empeñados, dentro dos principios básicos que deseña a nosa Constitución de universalidade da asistencia, o finan-

ciamento público e a solidariedade.

A universalización da tarxeta sanitaria, coa maior liberdade de elección de médico, que vai permitirla intensificación dos programas de formación continua dos profesionais, o diálogo cos propios profesionais e as súas organizacións representativas con participación de todos eles, a colaboración cidadá propiciada por unha boa información e educación sanitaria, serán outros tantos medios para acadalos nosos obxectivos.

As novas leis de saúde mental, de drogodependencias e, en xeral, de sanidade, que sucesivamente, sen preña pero sen pausa, propoñémonos remitir a este Parlamento para a súa discusión e eventual aprobación, deberán se-lo marco que defina axeitadamente o noso modelo sanitario e que impulse definitivamente os nosos ambiciosos proxectos e iniciativas en orde a conseguir que Galicia dispoña dos servizos sanitarios e sociais que merece.

#### Vivenda e solo residencial

O desenvolvemento do Plan cuatrienal de vivenda e solo 1992-1995 centrará a maior parte das actuacións neste terreo.

Tendo en conta que as vivendas de promoción pública constitúen o instrumento máis axeitado para dar resposta ás necesidades dos cidadáns máis desfavorecidos socialmente, reforzase o papel do Instituto Galego da Vivenda e Solo como promotor e órgano que xestionará a obtención de solo residencial para construír este tipo de vivendas, mediante a sinatura de convenios cos concellos.

Polo que se refire ás vivendas de promoción privada, aproveitaranse ó máximo as características do sector, incluídas as cooperativas e o fenómeno da autoconstrución, para converte-la Administración autonómica no gran dinamizador da actividade inmobiliaria en Galicia.

Tamén se potenciará a rehabilitación urbana e a rehabilitación do medio rural, así como a colaboración ofrecida ós concellos para os programas de infravivenda e chabolismo.

Outro dos cometidos será a preparación de solo re-

sidencial, base do desenvolvemento de novos plans de vivenda e que permitirá a posta no mercado de solares a un prezo razoable, evitando as accións especulativas. Estas actuacións de solo residencial centraranse fundamentalmente nos concellos con poboación superior ós 25.000 habitantes e nas áreas de influencia das sete grandes cidades de Galicia, mediante a sinatura de convenios cos gobernos locais para a cesión de solo. No resto dos concellos actuarase, polo xeral, adquirindo os terreos directamente, sempre e cando exista unha clara xustificación. O Parlamento alegrárase de saber que, con Valencia, somos, por declaración oficial de Madrid, a primeira das comunidades españolas na execución dos plans de vivenda.

#### Protección civil

Unha das aspiracións básicas dos cidadáns é a de sentirse protexidos en situacións nas que a súa vida ou os seus bens están ameazados dalgún dano.

Para dar resposta a esta aspiración, o Goberno galego na pasada lexislatura, e a partir de mínimos, creou unha infraestrutura de protección civil na que destacarémo-lo servizo SOS-Galicia, que, ademais de atender miles de chamadas en solicitude de axuda, grazas á súa dilixencia na mobilización de medios, salvou a vida a moitas persoas. A ampliación da capacidade de resposta e o reforzamento dos medios técnicos de comunicación e de información será un dos obxectivos prioritarios nesta lexislatura.

O proverbial sentimento de solidariedade do pobo galego nas desgracias dos demais, supuxo que miles de persoas traballen de forma desinteresada a prol dos seus semellantes, para axudalos en situación de emerxencia. Felicito a eses voluntarios exemplares. Este potencial humano, coordinado cos corpos profesionais, está permitindo a implantación do Plan territorial de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, co que se establecerá a estratexia axeitada para afrontar todo tipo de risco.

A partir do plan territorial, os plans sectoriais - moitos deles xa en marcha - perfeccionarán o sistema, destacando os plans municipais que permitirán a potenciación dos servizos municipais de protección civil, verdadeiras avanzadiñas nas actuacións para lles facer fronte ás emerxencias. Estes servizos municipais recibirán axudas técnicas e económicas da Xunta,

establecéndose os correspondentes convenios de colaboración.

En canto ó salvamento marítimo, que o avance fose incuestionable non debe permitir baixa-la garda. Queda aínda un importante labor de mentalización en canto ó uso de sistemas de seguridade por parte dos mariñeiros, polo que se seguirán a efectuar tódolos labores de formación e divulgación necesarios.

Dentro das posibilidades presupostarias, por outra parte, continuarase a dotación e mellora dos medios empregados nas tarefas de salvamento e proseguirase igualmente a loita nos foros internacionais adecuados, en orde a lograr unha normativa sobre tráfico marítimo que aumente e garanta a seguridade nas nosas costas.

#### UNHA LIÑA DE GOBERNO GALEGUISTA

##### A estabilidade do modelo autonómico

A nosa acción de Goberno estará presidida por un galeguismo constructivo, comprensivo da realidade española e europea e aberto ás novas correntes culturais. Un galeguismo que procure que na idea española e europea teña cada vez máis forza o feito galego. Un galeguismo aberto e tolerante, que cultive as nosas raíces e saiba incorpora-lo novo. Un galeguismo, en fin, popular, que recolla as tradicións humanistas, defenda a iniciativa privada e rexeite o dirixismo, porque o poder político debe facilita-lo desenvolvemento do home, da sociedade e da economía, preservando ó mesmo tempo a liberdade individual.

Na nosa intención está o logra-la necesaria estabilidade do modelo autonómico, unha estabilidade que terá que xirar sobre tres premisas fundamentais: a fidelidade institucional, a definición do mapa competencial e a reivindicación de lugares de encontro institucionais onde as autonomías discutan problemas en común e enraicen a súa solidariedade.

Trátase de abandonar posturas que poñan periodicamente en cuestión a unidade básica do Estado, creando inquedanzas, tensións e liortas que enrarezan a convivencia política, porque a democracia española é posible grazas, entre outras cousas, a un sistema de autonomías que arranxe o secular problema das nacionalidades e rexións, e a Autonomía galega é unha

consecuencia da democracia española, é o resultado da perenza do noso país a unha España libre, plural e europea.

E, enraizado neste concepto de lealdade e de fidelidade institucional, débese profundar no desenvolvemento dunha racional definición do mapa competencial actual, tomando como punto de referencia a proposta que foi presentada nesta mesma Cámara.

Trátase de que as autonomías asuman competencias administrativas que hoxe están duplicadas, coa conseguente confusión e carestía que iso supón. O proxecto que se apoia no artigo 150 da Constitución non busca desposuí-lo Estado das súas competencias, senón racionaliza-lo seu exercicio levándoas ó plano autonómico, provincial ou municipal. O dereito constitucional comparado recolle a experiencia de varias nacións de natureza federal -caso de Alemaña, por exemplo-, nas que o Estado federal actúa nos estados federados sen necesidade de contar cunha administración periférica de seu.

Polo tanto, esta fórmula é perfectamente constitucional, está avalada por outras experiencias foráneas, constitúe un desenvolvemento lóxico do actual Estado autonómico e fomenta a corresponsabilización das rexións nas cuestións de ámbito nacional.

Por outra parte, a idea dunha Administración única ten un complemento necesario e imprescindible na conversión do Senado nunha Cámara de debate territorial e na posta en marcha dun foro permanente de encontro dos presidentes autonómicos.

Trátase de estabiliza-la organización territorial do Estado eliminando o permanente regateo competencial, aforrando burocracia, evitando pleitos e recursos e intensificando a solidariedade e a comunicación entre os pobos españois. É unha iniciativa responsable que tenta supera-lo continuo parcheo cun esquema que podería ter unha longa e fructífera vixencia.

Cun galeguismo moderno e constructivo -como o que propoñía hai poucos días o noso presidente-, cun marco constitucional e administrativo axeitado que permita ordena-los nosos asuntos aquí e influír nas decisións que se forxen en Madrid ou Bruxelas, e, sobre todo, coa confianza en nós mesmos, o país galego contará coas condicións máis favorables para acadala

prosperidade e o desenvolvemento.

#### Financiamento público e corresponsabilidade

O financiamento das CC.AA. é unha das materias pendentes no desenvolvemento do Estado das autonomías. Se ben é xusto recoñecer que no establecemento do mapa autonómico e na súa consolidación conseguíronse logros significativos en espazos de tempo relativamente curtos, non se avanzou á mesma velocidade en materia de financiamento.

O financiamento do sector público español nunca se deseñou desde unha perspectiva de conxunto, fóronse dando solucións illadas en cada momento, pero sen unha perspectiva globalizadora na que se defina cara a onde se quere ir en materia de financiamento.

É aínda hoxe o día no que se descoñece, por unha parte, e como xa levo apuntado, o modelo ó que se pretende chegar, e pola outra, e non menos importante, o volume de recursos que necesita cada C.A. para a prestación dos servizos públicos, que é o tema clave.

Non cabe dúbida, sen embargo, que nesta materia téñense dado pasos, e tralo desaxuste do modelo financeiro das CC.AA. acordado en 1986, chegouse ó acordo mellorado en 1992 no que se produciron avances, aínda que o modelo continuou adoeendo dunha presentación -como digo- globalizadora de futuro.

Quedaban pendentes neste acordo cuestións tan importantes como a solidariedade ou a autonomía financeira, cuestión esta última sobre a que se tratou de chegar a un acordo que, como noutras ocasións, non respondía a unha presentación globalizadora senón á necesidade inmediata de responder ás reivindicacións financeiras dalgunhas CC.AA. por razóns políticas inmediatas.

Así, a proposta da Administración central de participación nun tramo territorializado do IRPF é máis unha ilusión óptica ca un incremento real da corresponsabilidade verdadeira das comunidades. É unha proposta artificiosa que, envolta nun vocábulo chamativo, encerra un principio contra o que non se pode estar en desacordo, mais non lles proporciona maiores graos de responsabilidade ás CC.AA. na obtención dos recursos que precisan para xestiona-los ser-

vicios públicos senón que, máis ben, proporcionan recursos adicionais, sen que se saiba ata o de agora se estes son ou non suficientes para a prestación destes servizos.

Galicia non podía estar de acordo, e así o puxo de manifesto co seu voto en contra no seo do Consello de Política Económica e Social, cunha fórmula que non incrementa en absoluto a autonomía financeira ou a corresponsabilidade fiscal, xa que a xestión e a capacidade normativa seguen a estar en mans totalmente da Administración central.

Á marxe da dubidosa legalidade -e mesmo diríamos que constitucionalidade- da fórmula adoptada, ráchase cualitativamente o modelo, esquecendo, ademais, os aspectos da solidariedade.

O acordo recollía, sen embargo, un apartado que si temos que considerar positivo e que veu sendo reivindicado precisamente sempre por esta Comunidade desde hai anos: a elaboración dun “Libro branco sobre o custo de prestar servizos”, cuestión, para nós, anterior a calquera outra no deseño dun modelo de financiamento.

Cómpre, ante todo, coñecer canto custa prestar servizos similares en cada territorio, e este volume de recursos estará determinado polo número de usuarios destes servizos, así como polas peculiaridades propias de cada Comunidade -espallamento da súa poboación, insularidade, zonas de montaña, etc.-, que determinan o custo de cada servizo.

Entendemos que só unha vez coñecido este custo é o momento de deseña-lo modelo para financeiro e, desde logo, para nós é preferible que as comunidades recaden os recursos que necesitan a que dependan das transferencias desde a facenda central. É dicir, somos firmes partidarios, non xa só da corresponsabilidade, senón da plena autonomía financeira, pero iso esixe presentacións rigorosas, repousadas, e non remedios de urxencia, e todas sobre o principio publicamente aceptable da solidariedade.

Isto, que é así para as comunidades autónomas, tamén serve —quero ser claro— para o financiamento das corporacións locais. É dicir, ou se reconsidera o financiamento de todo o pobo español de feito que o deseño sexa coherente e compatible nos seus diferen-

tes niveis: central, autonómico e local, ou seguiremos a poñer parches de urxencia que, de ningún xeito, solucionan os problemas de fondo do financiamento, tema clave para a estabilidade constitucional.

Chegados a este punto, considero que haberá que reconsidera-la distribución de competencias destes tres niveis de facenda ós que me refiro, facendo plenamente efectivo o principio de subsidiaridade, recoñecido na nosa normativa básica e no dereito europeo vixente e, ó mesmo tempo, evitando duplicacións custosas e innecesarias.

Só desde unha perspectiva integrada do financiamento público cabe, pois, revisar tanto o financiamento autonómico coma o da facenda local. Ou se opta pola autonomía financeira e a responsabilidade ou acabaremos caendo nas tutelas. A dinámica do gasto público non pode nin debe desenvolverse á marxe dos controles políticos que garantan a súa responsabilidade, a súa oportunidade e a súa eficacia.

Polo tanto, desde Galicia, desde esta nosa Comunidade Autónoma, seguiremos reivindicando e traballando para lograr un deseño global do financiamento autonómico no que se respecten os principios de suficiencia, autonomía e solidariedade que posibiliten un modelo estable e coherente.

Polo que se refire ás corporacións locais, cómpre potencia-las asociacións de diverso tipo entre estas facendas co obxecto de mellora-la prestación dos seus servicios e reduci-los custos medios por usuario. Asociación e coordinación da facenda local son as dúas áreas nas que as comunidades autónomas teñen unha importante responsabilidade, niso estamos a traballar, e podo dicir que nuns meses presentaremos ante esta Cámara un proxecto de lei regulando as relacións entre as distintas facendas territoriais de Galicia. É un terreo importante, onde as CC.AA. teñen moito que facer malia as limitacións que introduciu a lexislación estatal neste terreo.

#### Galicia en Europa

Tamén esta lexislatura comeza coa posta en marcha do Comité de rexións, previsto no Tratado da Unión Europea. Permítanme as súas señorías unhas breves reflexións ó respecto.

A primeira é que a súa creación revela a crecente penetración do feito rexional na realidade política e económica da Comunidade/Unión Europea.

Na realización das súas funcións, as institucións europeas, enténdase o Parlamento -que moi pronto terá eleccións, e quero recordar unha vez máis aquí que son eleccións importantes-, o Consello e a Comisión, estarán asistidos por un Comité das rexións con funcións consultivas. O Tratado de Maastricht crea, pois, un novo órgano de natureza rexional. Esta é unha novidade importante, é a primeira vez que un corpo desa natureza aparece na estrutura das institucións europeas. O seu precedente inmediato era un comité consultivo das rexións e dos poderes locais, do que me honrei en formar parte ata hoxe, creado pola Dirección Xeral de Política Rexional e do que as súas opinións pouco trascendían ó conxunto do proceso lexislativo comunitario. O novo comité das rexións si é, pola contra, un novo órgano para dar expresión ós intereses rexionais no conxunto da Unión Europea.

Hai unha serie de ámbitos enumerados expresamente no tratado sobre os que non se pode aprobar lexislación comunitaria sen previa consulta ó Comité das rexións. Estes ámbitos son:

A política rexional e todo o que se refire ós fondos estruturais. As chamadas redes transeuropeas (transportes e telecomunicacións), tan importantes para Galicia. A promoción da cultura. A promoción da educación. A saúde pública.

Desde agora mesmo quero anuncia-lo meu propósito de traballar seriamente nunha decidida presenza xunto con tódalas comunidades no Comité das rexións. Coido que a nosa presenza nel vai enriquecer unha relación de dobre sentido ó permitir facer chegar mellor as opinións e os intereses de Galicia a Bruxelas e tamén nos vai permitir ver de máis preto e con maior detención as posicións da Comunidade Europea sobre moi variados temas. As dúas cousas son positivas e as dúas van requirir un esforzo saudable.

Esta presenza de Galicia no Comité das rexións europeas vai, polo demais, no mesmo sentido que outras novidades que se anuncian. O desenvolvemento do Estado das Autonomías vai chegar a unha nova fase durante esta lexislatura do noso Parlamento. Xa me

teño referido ó Libro branco que inclúe a reforma do Senado, á Conferencia dos presidentes das comunidades autónomas, ó Consello Económico e Social, á Administración Única e á participación das rexións na Unión Europea que faremos público moi pronto. Practicamente todos estes puntos relaciónanse cos traballos que lle agardan ó Comité das rexións e os cambios que apuntan van na mesma dirección. Haberá, polo tanto, unha sinerxia que axudará a avanzar e a face-las cousas ben e a un ritmo razoable.

### Cultura e lingua

Galicia como pobo aséntase nun sentimento comunitario coherente que fai que un conxunto social se defina e autoidentifique a través da lingua, as crenzas, os costumes e as maneiras de vivir e se desenvolva como un todo unitario diferenciador, pero non necesariamente enfrontado a outros conxuntos sociais, senón colaborador e solidario.

A identidade colectiva nace dun fondo sentimento de pertenza a unha comunidade e baséase na liberdade de elección dun espazo que se define por unhas características históricas, lingüísticas e culturais concretas.

Como dixó o noso recordado amigo Ramón Piñeiro no acto da constitución do Consello da Cultura Galega: “toda comunidade humana dotada de personalidade colectiva e de conciencia viva da súa identidade sentirá a necesidade de expresalo mediante unha creación cultural xenuína”. E engade: “un pobo verdadeiro ten necesidade de dar resposta creadora, orixinal, ás esixencias que lle veñen impostas polo medio e polo tempo no que vivimos”.

Non temos dúbida de que na nosa Galicia se dá, como en poucos lugares, “a unidade do pobo e do país”, da paisaxe e da sociedade que o humanizou. O condicionamento do medio natural empuxounos sempre ó espaxamento da poboación en pequenos núcleos, ó tempo que determinou unha dualidade cultural, mariñeira e campesiña; aquela máis aberta e dinámica, esta máis estática e conservadora sobre si mesma.

Aínda que Castelao contrapón tradición e historia, consideramos que a cultura galega é un exemplo marxinal de acumulación e enriquecemento a través de

diversas fases, pero sen ningunha ruptura fundamental.

Romanización, cristianización, medievo, rexurdimento, todo se sostén e encaixa. Murguía, hai máis dun século, advertíanos que “moi poucos pobos coma o galego souberon conservar a través dos tempos máis pura e máis constante a súa fisonomía...”

Se nos podemos chamar galegos é porque posuímos unha cultura de noso que nos identifica, nos marca e nos singulariza con respecto ós demais pobos do noso contorno. A nosa historia como pobo remóntase á noite dos tempos e baséase na lingua —o noso medio natural de comunicación e no que expresámo-los sentimentos máis fondos—, e nas diversas manifestacións culturais que nos enriquecen. Lingua, música, arte, teatro, baile,... estas son algunhas das principais características que conforman a esencia do ser mesmo de Galicia.

Non quixeramos avanzar máis sen facer referencia especialmente á consolidación e normalización da lingua propia, a galega. Este é o feito fundamental, cerne e esencia do noso proceso cultural: o galego falouse, fálase e falarase en Galicia e noutras terras, e certamente en calquera lugar no que se atopen galegos. Foi a cultura tradicional galega, ligada ó ritmo das sazóns, das colleitas e das sementeirias, a que sostivo durante séculos o idioma galego, que nos define peculiar e xenunamente.

Está claro, pois, que en galego temos que sentir e pensar se queremos ser considerados na Europa dos pobos e no mundo. Por iso andamos a procurar, por tódolos medios, que os galegos coñezan e dominen a súa propia lingua, que a usen sen complexos —nin de inferioridade nin de superioridade—, sen afán de confrontación, senón máis ben con orgullo e con espírito de acadar cadaquén a súa propia realización como persoa e como galego.

O aumento importante no orzamento dedicado á potenciación e extensión da lingua galega permítenos agora establecer novos enfoques e intensificar outros proxectos cara ó noso ideal de bilingüismo digno co que se impulsa a capacidade de comunicación do noso pobo.

Nesta lexislatura seguiremos a traballar con reno-



vados ánimos tendo como base tres liñas de actuación: formación, sensibilización e investigación. Intensifícanse as accións formativas non só no interior da nosa terra, senón -como xa se fai- tamén no exterior, onde o galego está a ter unha presenza cada vez máis ampla no mundo social e cultural.

Desde o punto de vista estritamente cultural Galicia ten que facerse presente en Europa traballando en varias direccións. A experiencia destes anos debe axudar ós poderes públicos que interveñen no campo cultural a situarse nun novo marco de referencia que, aínda que cambiante, caracterízase pola ampliación da dimensión territorial dos mercados e das expectativas de intercambio e consumo. Deste xeito, facilitarase a elaboración de novas políticas culturais e o deseño de novas estratexias de produción e difusión cultural que contribúan a facer de Galicia un país culturalmente vivo e activo.

Promoveranse, xa que logo, as actuacións culturais nos máis lugares de Galicia que sexa posible mediante a extensión dos circuítos culturais a tódolos concellos de Galicia que queiran participar na súa organización e financiamento, experiencia positiva que implica máis plenamente ós municipios e ós seus responsables na satisfacción das necesidades culturais dos cidadáns ós que serven.

Para facer posible a produción cultural e a súa difusión poñeranse en marcha gradualmente centros como o Centro de Arte Contemporánea de Galicia, xa inaugurado, e o Centro Superior Bibliográfico de Galicia. Ó mesmo tempo, intensificarase a política de construción de espazos polivalentes —casas da cultura, centros xuvenís e centros da terceira idade— naqueles concellos que así o necesiten, integrando deste xeito distintos grupos sociais e de idade nun proxecto común e optimizando os recursos públicos ata conseguir que ningún núcleo de Galicia non teña un espazo no que dar resposta ás arelas culturais e de lecer do pobo.

Consideramos importante manter informados ós distintos profesionais e ó público galego do resto de España, para isto crearanse bases de datos de recursos culturais que recollerán o amplo abano de creadores, axentes culturais, actividades, espazos, etc. O acceso a esta información poderá facerse a través dos puntos

de información cultural e do videotex. Por outra parte, de cara ó interior, a televisión de Galicia e a Radio Galega informarán das máis importantes actividades culturais e outras que teñan lugar en Galicia. A actualización do mapa cultural de Galicia aportaranos información sobre a situación do mercado cultural galego, así coma sobre o compromiso das distintas institucións neste mercado. Son precisos estes datos se queremos realizar unha avaliación pormenorizada do funcionamento e actuación dos distintos axentes e institucións na diversidade dos sectores tradicionalmente considerados culturais.

Non se pode configurar unha acertada política de conservación, restauración, rehabilitación e protección do patrimonio cultural galego sen enmarcarse dentro dunha estratexia do proceso de “autoidentificación do pobo galego”. Por iso, para unha nacionalidade histórica como Galicia e para un Goberno coma o noso que entende a autoidentificación como unha razón de ser da mesma, adquire unha prioritaria e vital importancia o que se vén chamar “a posta en valor do noso patrimonio cultural”, que foi resistindo gracias ó traballo das antigas comisións de monumentos dos tempos de López Cuevillas, Ferro, Xocas, Chamoso Lamas, Filgueira Valverde...

Por tal motivo, unha segunda fase da nosa acción de goberno nas áreas do patrimonio cultural ten que ser forzosamente continuadora, partindo das altas cotas de sensibilidade e comprensión do significado do noso patrimonio cultural acadadas por mor das tres etapas do proxecto “Galicia no tempo”, a potenciación en intensidade e extensión do inventario do patrimonio cultural moble e inmobile, a apertura do museo de Terra Santa en Santiago de Compostela, o recoñecemento do Museo do Pobo Galego como cabeceira e sintetizador de toda a nosa cultura antropolóxica e etnográfica e a restauración de elementos significativos do noso patrimonio arquitectónico, e pronto comeza a publicación das actas do Antigo Reino de Galicia, primeiro símbolo eficaz histórico da nosa Autonomía

Vertebración do territorio e corrección dos desequilibrios

Antes fíxose referencia, cando se falou de infraestructuras, á necesidade de acadar un maior equilibrio entre as distintas zonas do territorio, nun contexto de

planificación integral.

O futuro do desenvolvemento das rexións estase a enfocar cada vez máis cara a unha valoración das iniciativas locais e do papel dos recursos humanos. A antiga dicotomía entre o urbano e o rural deu paso a unha formulación sinérxica na que o sistema de cidades e o desenvolvemento rural, lonxe de calquera exclusión innecesaria, ten que formar un todo unitario, xa non hai murallas, a potenciación do cal permitirá acadar ese maior equilibrio territorial e a cohesión social que resulta cada vez máis necesaria. Ó mesmo tempo, conseguirase un reforzamento das nosas vantaxes comparativas e unha afirmación das nosas singularidades.

Baixo esta perspectiva, o desenvolvemento das nosas comarcas e a dinamización das iniciativas locais constitúe unha estratexia profundamente arraigada na natureza xeográfica e social da nosa Comunidade Autónoma.

#### a) O desenvolvemento comarcal e local

Existe, ademais, na maioría das rexións europeas, unha demanda crecente orientada á elaboración de plans de desenvolvemento integrado que artellen as políticas de desenvolvemento local coas de medio ambiente e ordenación do territorio, segundo un procedemento de coordinación horizontal e vertical das iniciativas, que permita —á súa vez— unha asignación máis eficiente dos escasos recursos financeiros dispoñibles, que tan importante é nunha etapa de restricción económica coma a actual.

Estes eran xa os principios inspiradores do Plan de desenvolvemento comarcal de Galicia, que deseñamos e experimentamos coa posta en marcha de catro comarcas piloto, e que agora se están a aplicar a outras dezaseis. Son xa, polo tanto, vinte as comarcas que constituímos e nas que estamos a traballar, aplicando un modelo innovador que xa ten suscitado o interese noutras comunidades autónomas e no Consello de Europa.

É certo que isto xa supón un avance nunha das materias pendentes que tiña Galicia, como é a comarcalización, pero non estamos máis que no comezo porque na próxima lexislatura estenderémo-lo proxecto a todo o territorio de Galicia.

Naturalmente que non pretendemos crear unha nova e innecesaria estrutura administrativa, senón que concibímo-la comarca nun sentido moderno, é dicir, coma unha estratexia territorial para reducir os desequilibrios existentes, desenvolve-lo noso potencial endóxeno, mellorar zonas deprimidas do interior ou da costa —que as hai— e protexe-lo medio ambiente; todo iso nun marco de coordinación e cooperación entre as distintas administracións e para deixar, en definitiva, ó futuro, unha Galicia mellor.

É evidente que esta experiencia, ó ser pioneira, produciu resultados desiguais, con importantes avances nalgunhas comarcas e con perfís máis borrosos noutras, pero é esa experiencia, precisamente, a que nos pon en disposición de aproximarnos ós obxectivos expresados.

Hoxe todo o mundo sabe que o desenvolvemento se consegue, ademais de con infraestruturas, equipamento e con políticas sectoriais —imprescindibles en todo caso—, cunha política activa que sirva para dinamizar desde dentro e desde abaixo os factores locais de desenvolvemento e equilibra-las terras.

Todo o mundo sabe tamén do papel clave do sistema de cidades no desenvolvemento socioeconómico dos contornos... e, máis alá do noso contorno rexional, mirando á nosa veciña terra lusitana, desexo subliña-lo noso interese en profundar nunha estratexia territorial e sectorial de cooperación cos nosos veciños do outro lado do Miño, desde o profundo respecto á soberanía dos respectivos estados da nosa Península Ibérica e aproveitando os recursos comunitarios para tales fins.

Para iso, na seguinte lexislatura, a culminación do modelo levará á implantación de novos instrumentos de acción territorial; en particular, á creación dunha rede de oficinas de desenvolvemento comarcal que, coordinadamente coas corporacións locais, as deputacións e a Xunta de Galicia, a través dun órgano específico, posibiliten incrementa-la participación dos axentes públicos e privados e a posta en marcha dos procesos de dinamización interna que sexan convenientes para xerar novas iniciativas emprendedoras.

#### b) Potenciación dos nosos concellos

A potenciación dos concellos de Galicia será un

dos obxectivos prioritarios da lexislatura. Se o desenvolvemento local é importante, tamén o é conseguir que as nosas corporacións locais poidan cumprilas funcións e servicios que lles cómpren, de acordo coa nosa comunidade.

Por iso, na lexislatura, desenvolveremos un conxunto de accións dirixidas a mellora-la súa eficacia, apoiando a informatización integral dos seus servicios, prestándolles asistencia técnica a nivel de consultas, asesoramento sobre mellora de procedementos e normalización de documentos, formación especializada na Escola Galega de Administración Pública e formación selectiva para os policía locais.

Non ignoran as súas señorías que endexamais o financiamento do sector público se ten deseñado desde unha perspectiva de conxunto. O financiamento do Estado, das comunidades autónomas, das facendas locais -como antes dicía- tratáronse como pezas separables, susceptibles de solucións illadas. Este grande erro condiciona *ab initio* a harmonía entre competencias e financiamento nos diversos estratos do sector público, sexa rexional ou local.

De aí, o interese en avanzar cara á efectividade do principio de subsidiariedade como norte para a distribución de competencias e reconsiderar á vez, coherentemente, o financiamento desde unha visión integradora ou, o que é o mesmo, máis recursos e máis autonomía só é compatible con máis responsabilidade.

Dentro desa visión de conxunto e desde a nosa sensibilidade cara ós problemas económicos e financeiros dos nosos concellos, estamos dispostos a andar polo mesmo camiño, a Xunta e as corporacións locais, o longo treito que aínda queda para resolver en profundidade tan complexos problemas.

Cómpre tamén que reflexionemos sobre os procesos de segregación municipal para evitar que nunha dinámica de atomización non teñan os concellos nin a dimensión nin os recursos mínimos para prestar eficazmente os servicios básicos esenciais. E é preciso, igualmente, reforza-los mecanismos de coordinación e consenso, que ten como obxectivo os plans de desenvolvemento comarcal, que constitúen o instrumento idóneo.

A Administración pública.

Cumpridos os obxectivos que tiñamos marcados na lexislatura anterior de regularización da función pública e informatización da Administración, esta nova lexislatura terá como obxectivo neste eido aproveitar ese enorme esforzo e conseguir realmente que a Administración autonómica cumpra a súa función de servizo ós cidadáns co máis alto grao de eficacia e eficiencia.

Hoxe, a nosa Administración é a única en España que foi quen de facer transparente o seu funcionamento para os cidadáns e tamén a única que converteu en realidade o principio de "ventanilla única".

Hoxe calquera cidadán pode saber quen ten realmente o seu expediente e quen e cando interviu na súa tramitación.

Pero isto non é o final do camiño, senón o comezo dun novo modelo de administración.

A informatización, partindo dun conxunto de funcionarios profesionais e cualificados, ten que nos servir para reduci-los medios de tramitación e darlle unha resposta máis áxil ó cidadán.

A Administración debe, nun proceso continuo, revisar os seus procedementos para simplificalos e utilizar tódalas técnicas modernas para evitarlles molestias innecesarias ós cidadáns.

Transparencia, eficacia e atención ó cidadán son os nosos obxectivos; posibles gracias ó esforzo feito na lexislatura anterior e que deben converter á Administración galega en líder das administracións autonómicas e situarse ó nivel das mellores administracións europeas.

O profundo cambio tecnolóxico que está a experimentar a Administración autonómica vai esixir tamén unha reestructuración da distribución do persoal ó servizo da Administración para axustar esta distribución ás necesidades reais dos servizos. Esta reestructuración esixirá un profundo diálogo coas organizacións sindicais e levará necesariamente aparelhada a mobilidade funcional con respecto absoluto ós dereitos económicos, medidas que terán que se complementar con outras que garantan, á vez que os dereitos

lexítimos do funcionariado, a necesaria adecuación da Administración ás necesidades reais e á introducción da avaliación ó rendemento como expresión do principio de que a Administración ten que ter en conta a tódolos niveis a eficacia e a eficiencia do persoal ó seu servizo.

A Política ambiental como defensa da nosa natureza.

A natureza foi certamente pródiga con Galicia; montes, bosques, vales, ríos, costas, rías e praias integráronse nunha terra de inigualable beleza, a *terra nai*, coa que tódolos galegos se senten intimamente vinculados. Pero a explotación dos recursos naturais, as actividades productivas e o acelerado consumismo ocasionaron impactos e xeraron efectos negativos.

Para evitar que se sigan orixinando estes efectos e para recupera-la desexada calidade, a política ambiental do Goberno galego fundamentarase en tres obxectivos: a protección, a restauración e a utilización sostida dos recursos.

O obxectivo da protección lograse mediante accións concretas: a promulgación da Lei de protección do medio ambiente, a esixencia das avaliacións dos impactos ambientais de tódalas actividades, a imposición de medidas correctoras, a creación do corpo de inspectores ambientais e o réxime sancionador por incumprimento da normativa ambiental.

A restauración da calidade do noso medio ambiente suporá o desenvolvemento de plans elaborados e xa iniciados na anterior lexislatura: os plans de residuos de todo tipo, que recollen a súa reciclaxe, reutilización e eliminación; o Plan de abastecemento e depuración de augas residuais; os de restauración das explotacións mineiras, dos ríos e da riqueza cinexética e piscícola; o Plan de defensa contra os incendios forestais, cuns resultados modélicos, e a implantación do Plan forestal.

Co terceiro obxectivo, a utilización sostida, conseguirase compatibiliza-lo aproveitamento dos recursos co goce ordenado dos mesmos. Ademais dos aproveitamentos productivos, terán especial importancia os de carácter recreativo e educativo.

O sendeirismo, o montañismo, as aulas da nature-

za, a caza, a pesca e tantas outras actividades no medio natural permitirán un goce que se deberá acompañar dun labor educativo, co que se conseguirá un maior coñecemento da natureza, un maior aprecio dos seus valores e, consecuentemente, un desexo de conservación imprescindible para logra-la colaboración de toda a poboación.

A Galicia exterior.

A experiencia obtida na lexislatura anterior permitiunos valora-la eficacia duns plans e programas executados neses catro anos de intensa actividade, co referendo necesario e oportuno, en última instancia outorgado polos destinatarios destas liñas de actuación coa súa exemplar participación electoral.

Estamos xa entrando nun novo período, importante para a Galicia do exterior porque tamén tería que se converter en etapa consolidadora de programas e accións coas súas atencións especiais dirixidas cara á terceira idade e a xuventude, con actuacións singulares no amplo eido social-asistencial, no da cultura e da formación e no das infraestruturas das nosas institucións, hoxe auténticas embaixadas de Galicia, ademais de punto de encontro dos galegos que residen en máis de trinta países de catro continentes.

A resposta recibida non só avala unha xestión, senón que nos impulsa a profundar nas nosas accións a prol dos galegos residentes no exterior e a intensificalas:

Configurando definitivamente os nosos centros, institucións e sociedades, comunidades descentralizadas de xestión cultural, socioeconómica, formativa e incluso administrativa no nivel que procede e a intensidade de relación que os asuntos esixan.

Reafirmando a presenza e perfeccionando a imaxe de Galicia no exterior, coitando preferentemente aspectos económicos, empresariais e culturais.

Atendendo preferentemente ós aspectos socioasistenciais dos que é beneficiaria, con case que total exclusividade, a comunidade de galegos residentes en hispanoamérica, área xeográfica onde a idade dos nosos emigrantes supera, nunha alta porcentaxe, a idade media de 70 anos e dos que tantos -hai que dicir- son as débedas da Galicia do interior.

Promovendo novas accións para os mozos descendentes de galegos, tanto nos aspectos culturais e recreativos coma nos de formación e axudas especificamente dirixidas a eles en aplicación dos respectivos plans e programas e da lexislación correspondente.

Fortalecendo a unidade de xestión social co fin de atender as demandas que se suscitan con intensidade crecente en temas preferentemente persoais desde as nosas comunidades no exterior.

Perfeccionando un programa de información no que se recollan criterios obxectivos e concretos de difusión, na Galicia do exterior, da nosa cultura, dos nosos proxectos e realizacións, así como das accións promovidas e impulsadas en e desde as nosas comunidades.

Seguiremos estando en contacto directo coas nosas comunidades nos seus lugares de residencia, sexa cal fose a área xeográfica e país de adopción, informando das nosas actuacións e da xestión de Goberno, presentando a imaxe máis actual e verdadeira da nosa terra e fomentando as súas propias asociacións, mesmo internacionais.

Como síntese, comprométome neste solemne acto -co Goberno que se forme, se así o decide o Parlamento- a ofrecer toda a nosa ilusión e esforzo, a nosa tenacidade e a nosa intelixencia en vigoriza-los nosos programas de actuación dirixidos á Galicia do exterior, reafirmando e fortalecendo a nosa inalterable galeguedade a través dos principios de unidade e universalidade que caracterizan o noso pobo baixo a idea permanente de constituí-la Galicia do futuro coa participación de tódolos galegos calquera que sexa o seu lugar de residencia, traballo e convivencia.

E remato, señor presidente e señoras e señores deputados.

Ó solicitar ó Parlamento de Galicia, nos termos previstos no artigo 15 do noso Estatuto, a aprobación do programa de goberno, que tiven a honra de presentarles sinteticamente no nome do Grupo Popular, e a investidura do presidente da Xunta, son consciente de asumir unha seria responsabilidade perante este Parlamento e perante o pobo galego ó que representamos. No medio da crise do noso momento histórico quixera ofrecerlles un razoable optimismo, o mesmo

que resplandece na máis fermosa e a máis galega das oracións, a salve de san Pedro de Mezonzo, que se alza á esperanza desde este val de bágoas, desde o rexeitamento radical de calquera actitude negativa, reixeitando, coma Rubén Darío, a mensaxe aquela de que hai que abomina-la boca que predice desgracias eternas ou calquera tentación tremendista ou suicida. Lonxe de calquera tentación de sono, o sono do cansazo covarde ou da utopía doada, buscaremos desde o lexítimo orgullo de ser galegos, da conciencia da re-xeneración posible, a decisión motivada de facerlles fronte a tódolos desafíos, xuntos e solidarios nunha tarefa responsable de goberno e administración ó servizo de Galicia e de tódolos galegos, os de aquí e os de acolá, os que son e os que van vir. (*Aplausos nos escanos do Grupo Popular*). Niso comprometemo-la nosa entrega total e a nosa cordial invitación á participación de todos.

Sei que alguén poderá pensar que nalgún momento desta, inevitablemente, longa exposición -e por iso me excuso- puidemos mestura-las arelas coa realidade do posible. Sen ilusión nada se pode facer, e todo é posible cando un pobo unido e decidido loita por iso.

(*Aplausos nos escanos do Grupo Popular*).

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor candidato.

A sesión reiniciarase o mércores vindeiro ás doce e vinte minutos.

Suspéndese a sesión.

*Eran as doce e quince minutos da mañá.*





---

---

# DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

---

Número 4

IV lexislatura

Serie Pleno

---

## Sesión plenaria 1 de decembro de 1993

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

---

---

### ORDE DO DÍA

---

---

**Punto único.- Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia,  
presentación do seu programa de goberno e elección.  
(Continuación).**

SUMARIO

*Reiníciase a sesión ás doce e vinte minutos da mañá.*

**Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección.** (Continuación).

Intervención do G.P. do BNG: *Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx.67).*

Resposta do candidato á presidencia da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne (páx.76).*

Réplica do G.P. do BNG: *Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx.79).*

Contrarréplica do candidato á presidencia da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne (páx.82).*

*Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.*

*De conformidade co artigo 136.5 do Regulamento, o señor presidente anuncia a hora da votación de investidura do candidato á presidencia da Xunta (páx.83).*

Intervención do G.P. dos Socialistas de Galicia: *Sr. Sánchez Presedo (S) (páx.83).*

Resposta do candidato á presidencia da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne (páx.94).*

Réplica do G.P. dos Socialistas de Galicia: *Sr. Sánchez Presedo (S) (páx.97).*

Contrarréplica do candidato á presidencia da Xunta de Galicia: *Sr. Fraga Iribarne (páx.98).*

Intervención do G.P. Popular de Galicia: *Sr. Vázquez Portomeñe (P) (páx.99).*

Resposta do candidato á presidencia da Xunta: *Sr. Fraga Iribarne (páx.102).*

*Suspéndese a sesión ás seis e quince minutos da tarde e reiníciase ás sete da tarde.*

*Votación: Queda elixido presidente da Xunta de Galicia o Sr. Fraga Iribarne por 43 votos a favor.*

*O señor presidente comunícalle á Cámara que queda outorgada a confianza ó candidato á presidencia da Xunta de Galicia, Sr. Fraga Iribarne.*

*Levántase a sesión.*

*Eran ás sete e seis minutos da tarde.*



*Ábrese a sesión ás doce e vinte minutos da mañá. Preside o presidente do Parlamento acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polo Oficial Maior e o letrado señor. Caride.*

*Ocupa o banco do Goberno o Presidente da Xunta en funcións, acompañado de tódolos conselleiros en funcións.*

**Proposta do candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección. (Continuación).**

**O señor PRESIDENTE:** Prosegue a sesión nos termos establecidos no Regulamento da Cámara, que non sufriu variación a este respecto.

Para contestar ó discurso do candidato ten a palabra, en primeiro lugar, o portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Señor presidente, señorías, "unha estadea anda a bourar a Europa", ¿só-alles coñecido? Unha pantasma percorre Europa, máis non é aquela á que se refería quen todos vostedes ben saben en 1848, senón máis ben a súa antítese, o seu contrario mesmamente. É a estadea da crise, do paro levado ó paroxismo, da nova *maré* fascista, dos horrores *goyescos* da guerra outra volta nos Balcáns, da xenofobia racista, do "Ministerio da Verdade" orwelliano no control universal da información, da matanza dos inocentes en Palestina dous mil anos despois das Escrituras, do xenocidio en Somalia ou nas selvas amazónicas, da irracionalidade elevada a paradigma demencial da actividade económica, da democracia travestida en coartada para Boris Eltsin, Pinochet, da concepción policial da orde cidadá que mata en defensa propia a inofensivas mulleres peixeiros desarmadas, tal vez en efemérides da ponte ferrolá das Pías, ou das rúas de Gasteiz de hai vinte anos; da parodia brechtiana de xusticia, que absolve a narcotraficantes -disque por falla de probas abondo- mentres encarcera a mozos insubmisos por demostraren máis firmeza e valor có o que disque se lle supón ó exército ós militares que gabean nos cuarteis.

Neste panorama avesío de involución social, ideolóxica e política en Europa e arredores, en metrópolis e arrabaldos sitúase a conxuntura política actual do noso país. Queiramos ou non esa é a paisaxe escénica

na que se desenvolve o debate político que hoxe nos ocupa, para a investidura dun candidato á Presidencia do Goberno autónomo de Galicia. Poderíamos pechalo os ollos, corre-las cortinóns, torna-las contras, abate-las persianas e choérmomos neste pazo para discutirmos entre nós sen ollar cara a fóra, sería inútil, mellor dito, sería suicida.

Dísenos a cotío que xa non hai fronteiras en Europa, que a internacionalización do entramado económico volve ilusoria calquera pretensión de pormos portelos ó noso mercado interno no Padornelo ou Pedrafitas, que os multimedia universalizan a información en cada instante, mesmo que o zapatazo do Beiras foi noticia ata na República Dominicana, e mereceu foto no *Frankfurter allgemeine*.

Se é así como son as cousas, resultaría suicida debatermos unha alternativa de Goberno en Galicia facéndonos xordos e cegos ó babordo de bruídos e de imaxes que nos chega dende un entorno que xa deixou de ser lonxano ou fabricádomonos, para uso doméstico, unha representación arcádica da situación do concreto universo no que estamos mergullados como pobo.

Ou somos un pobo á marxe dun mundo en crise e daquela exerzámo-la a nosa plena independencia ou somos interdependentes e, daquela, cómprenos fitar con coraxe a face soturna do leviatán que bracexa ameazadoramente ó redor e sobor de nós.

Somos galegos de nación, como xa dicían con todo rigor semántico os ilustrados de hai dous séculos, mais unha nación desprovista de aparello de Estado propio nunha conxuntura histórica na que o modelo de Estado vixente en Europa, dende hai máis de cen anos, estrapexa nunha crise que ben pode ser agónica. Os síntomas están ben á vista, con morfoloxía só diversa na aparencia, tanto que sexa en Italia coas secuelas políticas e electorais do rebentón da corrupción xeneralizada no réxime de partidos e no aparello do Estado, como en centroeuropa, cun cálculo mal feito do custo da reunificación alemana e o andacio nazi da xenofobia racista reactivado. Coma nos Balcáns, co martirio provocado dunha Iugoslavia poxada en lonxa á baixa para o reparto do quiñón de espacio vital alleo. Como, así mesmo, no que fora a Unión Soviética, si, tamén na Unión Soviética.

Non vaian pensar, señorías, que o que alí ocorre non ten nada que ver connosco porque aquí nunca houbo soviets nin nomenklatura nin zares bermellos. Múdenlle a cor á tona deses fenómenos, vírena ó azul escuro das camisas vellas e de certos carteis publicitarios nas pasadas eleccións a esta Cámara, e logo fagan memoria das nosas propias vivencias, xa me dirán, ó cabo, se podemos ollarnos ou non neses espellos cóncavos de tan lonxe e tan preto no espacio e no tempo á propia vez.

Contemplémo-la Europa da Comunidade gobernada desde Bruxelas e reparemos en que ese Goberno que tanto manda en nós nunca foi sometido en ningún Parlamento europeo a ningún debate de investidura como o que hoxe facemos aquí os elixidos polos cidadáns galegos para falarmos e decidirmos no seu nome. ¿Parécelles irrelevante? Pois, mellor, preguntaría: ¿parécelles pouco grave que o Goberno europeo, que decide onde e cando os galegos podemos pescar ou non, canto leite podemos producir, se poden ou non construír buques os nosos estaleiros, fabricarmos ou non aceiro, termos traballo ou irmos ó paro, parécelles pouco grave que ese Goberno europeo poida facer todo iso sen que os cidadáns galegos, que decidiron co seu voto quen e como os vai gobernar desde Compostela, puidesen decidir do mesmo xeito quen e como os está a gobernar xa desde Bruxelas?

Ben mirado, cabería, preguntarse que validez teñen, logo, a Constitución española e o Estatuto de Galicia. Segundo eses textos constitucionais este Parlamento ten competencias exclusivas en agricultura e gandería, por exemplo, ¿Por que non aprobamos logo, mañá mesmo, unha lei que suprima de vez as cotas do leite que arruinan os labregos deste país, que son cidadáns galegos libres e non súbditos de déspotas ilustrados europeos? Aplíquenlle-lo mesmo conto ós mariñeiros e armadores para a pesca galega de altura, ós obreiros e empresarios, cando estes son galegos, polo menos, de sectores tan distintos como a construción naval, a conserva ou o comercio. ¿Qué lles van dicir vostedes? ¿Que o goberno de Bruxelas nos prohíbe en cada facermos uso das competencias mesmo exclusivas deste Parlamento para legislar a prol dos respectivos sectores cidadáns deste país noso? Dixen noso. Pregunto agora: ¿noso ou dos doce sabios de Bruxelas? Vaian contárllelo hoxe mesmo ós obreiros dos estaleiros vigueses que queren levar ini-

ciativas ás Cortes españolas. Vaian contárllelo hoxe mesmo ós obreiros das ferroleacións de carburos de Cee.

Ben sei, a cuestión ten máis matices e reviravoltas. Máis os cidadáns elixennos para que defendámo-los seus intereses, non para que debullémo-los matices emotivos que poidan explicar que desde Bruxelas, un goberno non electo por eses cidadáns poda entrar a saco neses intereses vitais mentres nós, que si que fomos elixidos por eles para defendelos, explicámoslles moi finamente que non podemos usar fronte a iso as competencias lexislativas que a Constitución e o Estatuto atribúen en exclusiva a este Parlamento. Vaian vostedes, nós non. O Bloque non, temos máis conciencia das nosas obrigas cos cidadáns galegos. E logo, por riba, a resposta que lles darán será sinxelamente esta pregunta: Daquela, ¿que pintan a Constitución, o Estatuto, e mais todos vostedes, señoras e señores deputados?

¿Está logo ou non está en crise o actual modelo de Estado? ¿Hai ou non colisión entre as institucións políticas que se superpoñen enguedelladas sobre os cidadáns que nos elixiron para representalos, defendelos e gobernalos? ¿Atínxennos ou non esta colisión e esa crise ós membros desta Cámara no desempeño da nosa misión de legislar e gobernar para o pobo galego no seu nome? ¿Imos investir un presidente do Goberno dos galegos por si mesmos e para eles mesmos como ordena a democracia, ou unha marioneta de poderes que nos constreñen sen estaren sitos nesta Cámara de representantes electos polo pobo galego para o seu autogoberno? Acláresenos, señor Fraga, que vostede non só prometeu senón que xurou, supoño que por Deus, a Constitución e o Estatuto de Galicia.

Repare no BNG. O BNG nunca se prestou a facer concesións en detrimento da soberanía popular da nación galega nin dos intereses materiais e culturais da súa cidadanía. Anque ás veces tivese que facer uso da elasticidade dos circios bimbios ou dos reloxos freixos da nosa paisaxe cando zoa o trebón na invernia, nunca aturou que demoucasen a súa ramallada do seu ideal nin se deixou desarraizar da terra na que agromou e medrou para fertilizala e defendela. Tivo o ollar largacío, o ollo largacío, como o faro de Corrubedo no poema de Fermín Bouza, para dexergar con anticipa-

ción, e a longa distancia, tanto os perigos e ameazas para que este país se aveciñaban no horizonte peninsular ou europeo, aquén ou alén Pedrafita, canto descubri-los para roteiros polos que este pobo podería mellor face-la súa andaina cara á liberdade e o benestar.

O BNG non temeu olla-la cara do monstro cando o monstro fixo aparición. Non refugou ficar só no combate por este pobo cando foi preciso defender posicións que os demais daban por perdidas. Non perdeu a lucidez cando exercela levaba aparelado aturar sermos alcumados de tolos, como Rosalía no XIX, nas rúas de Santiago tamén. Non cesou de avisar, explicar e persuadir cando a incredulidade cundía nuns cidadáns sometidos á cerimonia da confusión. Non cansou de traballar coas mans e co intelecto para forxar alternativas que chegasen a ser trebellos útiles para o autogoberno dos galegos, cando os galegos, desengañados ó fin dos vendedores de abalorios e dos foux monnayeurs, os falsificadores de moeda de André Gide, procurasen embarcacións e instrumentos de navegación valedeiros. Ese heroísmo moral, cívico e político tivo os seus custos. Hai catro anos, por estas mesmas datas, aínda eramos un só deputado neste mesmo salón de actos, de plenos, en vésperas de celebrarse as eleccións nas que obteríamos grupo parlamentar xustino, de cinco deputados, hoxe sómoslle trece, un número, por certo, temible para as súas supersticións, porque trece foron os que hai dous mil anos encetaron a construción sobre unha soa pedra dun enorme edificio universal contra o que ata agora, disque, non prevaleceron nin as mesmas portas do inferno, nada menos.

Hai un mes, 270.000 cidadáns galegos, virtualmente un de cada cinco electores, afirmaron co seu voto que o BNG tivera razón en defender contra vento e maré posicións alcuñadas por uns de utópicas, por outros de inutilmente resistentes, cando non de catastrofistas. -Por certo, señor Fraga, a cita que fixo de Rubén Darío refírese metaforicamente a Deus. Ollo co que di, non vaia provoca-la ira do Santo Oficio. Eses cidadáns afirmaron tamén, co seu voto, que o BNG acertara nos diagnósticos que ninguén ousaba subscribir verbo do que acontecía e ía acontecerlle a este noso país, que o BNG si que puña a Galicia, ós galegos e galegas, por diante, por riba de calquera outro compromiso vital e político; que o BNG si que

dicia as verdades que está mal visto dicir en lugares coma este; que o BNG tiña razón en indignarse e peitar no escano co que fose cando as ideas e os argumentos baten contra muros de incompreensión mentecata ou de silencio hipócrita; que o BNG, en fin, e sobre todo, si que tiña alternativas, alternativas para o goberno do pobo galego polo pobo galego mesmo, e non por poderes patriarcais de mentalidade balorenta e enferruxada pola humidade dos vellos muros ideolóxicos nos que se encerra.

E reparen ben, señorías, repare ben, señor Fraga, en que ese miagre electoral aconteceu sen que o Bloque dispuxese, nin de lonxe, do arsenal de medios materiais, financeiros e loxísticos dos que dispuxeron vostedes e algúns outros. Na súa propia linguaxe permítanme a burla, o BNG si que é competitivo.

E máis, ese resultado produciuse a pesar da férrea mordaza que o seu pequeno Goebbels lles puxo ós medios de comunicación públicos e autonómicos durante os catro anos do seu mandato, e, polo tanto -ó señor Cuiña faille moita gracia-, a pesar do exilio ó que o BNG foi condenado por vostede neses medios. Ningunha das nosas propostas de lei programáticas a prol da gandería ou do aforro galego ou do sector forestal ou do ensino ou da artesanía, ningunha, dispuxo de cinco minutos tan sequera na súa radio nin na súa televisión para ser explicada por nós ós cidadáns. Imaxínense cales serían os resultados electorais se vostede, señor Fraga, respectase as regras da ecuanimidade democrática no uso plural dos medios de comunicación para a información política dos cidadáns galegos.

Di vostede que o seu proxecto é para tódolos galegos, mais para empezar leva catro anos a negárllle-lo dereito á información ós millóns de galegos que xa daquela votaran Bloque. Afortunadamente a censura foi moi eficaz, multiplicou case por tres o número de cidadáns que confían no noso proxecto, non no seu.

Mais, sobre todo, digo, o BNG levou ós electores e trae agora a esta Cámara unha auténtica alternativa ética e política para o desenvolvemento material e cultural da cidadanía galega, unha alternativa que se plasma nun conxunto vertebrado e congruente de criterios e compromisos explícitos e viables de acción de goberno, onde cada un deles responde ás necesida-

des prioritarias e ós intereses vitais de cada grupo social e cada sector económico, integrantes todos da polimorfa e ricaz realidade que é Galicia. Mesmamente aquilo que nin tan sequera se albisca na inorde e anodina perorata de case dúas horas e media coa que vostede puxo a proba a nosa capacidade de asombro. Sí, dixen asombro, porque resulta asombroso que se poida falar máis de dúas horas sen dicir ren.

Acabo de referirme a unha alternativa ética e política, á do Bloque. Falemos de ética, primeiro. A cidadanía que apoia ó BNG afirma tres postulados, tres peares indispensables para unha acción política parlamentaria e de goberno que remedie a nosa patoloxía social. Son estes a democracia, ou sexa, os dereitos e liberdades individuais e colectivas, a dignidade e o benestar, de aí que os tres compromisos éticos fundamentais que asume o BNG cos cidadáns como nortes da acción política sexan: primeiro, restaurármola democracia; segundo exercémo-la dignidade; terceiro, conquistámo-lo benestar.

Se falo primeiro de restaura-la democracia, e non só de respetármola ou practicármola, é porque a democracia está a padecer unha grave deterioración que mesmo resulta alarmante no concreto ámbito da Comunidade Autónoma galega no período da pasada lexislatura. E non só a democracia representativa nas institucións políticas coma este propio Parlamento, senon tamén a democracia participativa no tecido dos movementos sociais e no mundo asociativo cidadán.

O comportamento do seu Goberno, señor Fraga, con este Parlamento na pasada lexislatura, constitúe todo un recital de subversión da orde democrática no tocante ó status e ás relacións dos poderes executivo e lexislativo. E non me refiro xa á miña peipecia persoal, que acaba de merecer do Tribunal Constitucional a admisión a trámite do meu recurso de amparo, refírome a cousas moito máis graves e atentatorias á institución no seu conxunto, á conversión desta Cámara nun simple elemento ornamental ou nun trámite tedioso polo que lle resulta a vostede inevitable pasar.

Vostede gobernou, ou tentou gobernar, sen o Parlamento, non acudiu a unha soa comparecencia, non aplicou leis vixentes que non lle conviñan: como a de comercio interior, a de montes veciñais, a

Losuga, a Lei do sistema universitario, por caso, ou modificounas caprichosamente coa súa maioría para convertelas en instrumentos manexables ó seu antollo, no canto de seren marcos xurídicos traceadores de lindes obxetivos precisos á súa marxe de discrecionalidade, ou sexa, impedimentos á súa arbitrariedade.

Nós, que criticamos abertamente o feito de que este Parlamento non sexa constitucionalmente soberano, curiosamente nós defendémolo, no marco autonómico, como a institución política sobranceira, pois que é Cámara lexislativa é Cámara de representantes electos polos cidadáns galegos. En troques, vostede que pasa por ser un dos pais da Constitución española inutiliza sistematicamente, coa súa maioría absoluta, o exercicio das competencias lexislativas, mesmo as exclusivas, que o Estatuto lle atribúe a esta Cámara, desde a conversión das comarcas en institucións básicas da Administración territorial galega -non comarcas piloto- á creación de empresas públicas ou mixtas en uso do principio de subsidiariedade que vostede tanto invoca en abstracto ou cando fala de Europa, ou a lexislación promotora, ordenadora de políticas económicas sectoriais de exclusiva competencia nosa, dos galegos, e vitais para o noso país: a agricultura, a gandería, forestal, industria, comercio interior, finanzas, ¿quere que siga? Nin sequera en urbanismo, en patrimonio artístico, en cascos históricos e monumentais, xa non digo en ordenación do espazo rural, en medio ambiente, nin no idioma. A normativa oficial foi establecida coa previsión legal de revisión a partir dos cinco anos de vixencia, van 10, ¿a qué espera?

¿Con que autoridade moral, desde que postulados éticos ousa vostede falar de competencias, se nos eidos nos que as ten fai deixación delas ou actúa á marxe do poder lexislativo que é este Parlamento? E non parece ter intención de rectificar no sucesivo, no seu discurso non houbo nin unha soa palabra a este respecto, aínda peor, tivo o descaro de dar por feito e asumidos por esta Cámara acordos programáticos adoptados polo Consello da Xunta cando estaban en funcións, coma ese esperpéntico e fraudulento Plan de emprego xuvenil. Por certo, ¿con que dotacións presupostarias?

Outro síntoma, cando o Tribunal Constitucional admitiu a trámite o meu discurso vostede declarou que iso carecía de relevancia (sic) porque, ademais,

xa estabamos noutro Goberno (sic) si tamén. Un pensamento profundamente constitucional, sen dúbida.

Máis non sae mellor parada a democracia participativa, os sindicatos para vostede non existen, e así está morto o Consello Galego de Relacións Laborais, por exemplo, creado por lei deste Parlamento supoño que para algo. Agora, se cadra, pasará Trballo a Industria, co que xa andaré moi preto vostede da reinstauración do sindicato vertical. E os servicios sociais a Sanidade, naturalmente, en substitución da psiquiatría, se cadra. ¿Por que non os suprime e reinventa aquilo do Auxilio Social e a gota de leite, lémbra-se?

Por outra banda, os cidadáns que se movilizan son alborotadores e suscitan o caos social, transgreden a orde pública, cando non son provocadores ou agresores. A pobre muller morta por policías de paisano en Vilagarcía por tentar impedir que mallasen nun rapaz -"non mallede no rapaz", foron as súas palabras xusto antes dos disparos que a mataron- mereceu de vostede a ofensa inconcibible de considerala, por extensión, agresora, pois dixo que a culpa tivérona os agresores, e os policías dispararan en defensa propia. Vostede que tanto se emociona nos seus discursos coas súas propias palabras, foi tan frío e insensible como a xeada coa flor das carqueixas nas mañás do inverno ó enxucia-la traxedia dunha muller paisana que morreu por ser tenra e compasiva cun rapaz que nin sequera era o seu fillo. Deixémolo, porque me pode dar noxo.

Se falo en segundo lugar de exercérmola dignidade é por que só así seremos un pobo merecente de tal nome, porque só nos respectarán se nos respectamos a nós mesmos. Vostede cultiva todo o contrario, vostede cultiva nos cidadáns que o votan o sentimento de non seren nada por si mesmos e precisar un pai, un pai coma os de antes da guerra, un pai con autoridade sobre os fillos, non fronte ós poderes que asoballan ou esbullan ós seus fillos. Ou se nón, ¿cal foi e cal é a súa actividade fronte ó Ministerio de Facenda á hora de asinalo modelo de financiamento das comunidades autónomas, do que agora se laia cando Jordi Pujoll lle vota enriba o lerio do 15% do IRPF, que non sería problema se vostede houbese esixido outro modelo de financiamento que o que vostede asinou, aínda en xuño do 1992, e que o BNG rexeitou na Comisión

Mixta de Transferencias formulando por escrito uns criterios que vostede non asumiu ou o seu conselleiro, nin defendeu, mais que agora invoca coma se fosen da súa colleita no discurso de antonte. ¡Tarde piache!, din por aí os paisanos nestes casos.

¿Cal foi e cal é a súa autoridade fronte ó MOPU no lerio das autovías? Primeiro cando caeu na trampa de Cosculluela e mesmo agora fronte a Borrell e Pérez Touriño.

¿Cal foi a súa autoridade cando enguliu sen remusgar a ruínosa transferencia do INSALUD co memorable Montero, ou agora para esixila renegociación? Porque tampouco disto houbo unha soa palabra no seu discurso, pese ós anuncios preelectorais do señor Romay.

¿Cal é a súa autoridade fronte a Villar Mir, que se vai rir de vostede e dos acordos da Xunta e dos obreiros de Cee pechando as ferroaleacións e quedándose-lle co negocio da electricidade do Xallas? Vostede ten moita autoridade coas pobres xentes agresoras dos seus policías, mais ningunha autoridade fronte ós poderes que se burlan de Galicia e dos galegos cada día.

Nós, en troques, exercémo-la dignidade, e case 300.000 cidadáns están agora dispostos a exercela connosco, cóbado con cóbado, porque saben que non somos soberbios nin autoritarios, mais que somos orgullosos e rexos coma os carballos deste país, dos que tampouco vostede se preocupa nin sequera como elementos da paisaxe que tantos saloucos lle provoca cando fala dela, non cando fai inzar nela especies desertizadoras nin cando proxecta plantas de lixo industrial tóxico nas Somozas ou en Teixeira.

É vostede moi colérico, máis por iso mesmo ignora que a capacidade de indignación é prerrogativa dos que somos de natural sosegado e dialogante, ou sexa dos que nos respectamos a nós mesmos e exercémo-la dignidade naturalmente na práctica existencial e política. Dos que nunca seríamos capaces de pasarnos anos botándolle incenso ó anano deo Pardo. Este pobo precisa ser el mesmo, non precisa de pais putativos para sentirse amparado e redimido sen ter que da-la cara. A isto é ó que se lle dá o nome de alienación, o contrario mesmamente da consciencia de seu e da liberdade.

Finalmente, falei tamén de conquistármolo benestar, benestar económico social, benestar material e inmaterial, o que implica a dimensión cultural da sociedade, por suposto.

Para nós, benestar económico sen benestar social carece de sentido, noutras palabras, non existe benestar económico se non se traduce en benestar social, porque o económico ten dimensión social per se. Pode existir riqueza material, pódese dar un elevado nivel de civilización técnica, que non de cultura, sen benestar social, mais riqueza e civilización, acumulación de bens económicos e tecnoloxía, non equivalen a benestar económico. Só a correcta distribución social do produto permite falar de benestar económico da sociedade, e só a partir de aí se pode xerar benestar social. Isto equivale a dicir que non importa tanto a magnitude do PNB como a súa composición e a súa distribución, a carreira polo crecemento do produto da renda nacional carece de sentido se non se define o que se vai producir, para que e máis para quen.

A economía só ten sentido en función do ser humano e resulta aberrante que sexa o ser humano quen estea en función da economía. Aí xace a profunda irracionalidade que preside o funcionamento actual do sistema económico vixente e maila raíz da perda absoluta de norte na que se atopan hoxe, coma nun labirinto as políticas económicas ó uso ou a absoluta falacia da teima da competitividade.

Cando o señor Fraga antonte marcaba o obxectivo de que o sector industrial acadase a dimensión ou o peso relativo equivalente ó 25% dentro da economía galega -coido que é o 25%-, eu sorría por dentro porque el estaba mesmamente a poñer de manifesto, de xeito inconsciente, unha das facianas desa irracionalidade e desa perda de honor. Abondaría que o sector agrario se contrase ou reducise en dimensión, como xa está a acontecer de feito, para que ascendese o peso relativo do sector industrial aínda que non se desenvolvese ni un chisco. Outro tanto cando cifraba en 20.000 explotacións gandeiras a dimensión desexable, para el, dese sector ¿E por que non 5.000 só ou, pola contra, 100.000? O que cómpre preguntarse é que pasa cos seres humanos chamados hoxe labregos, coas súas aptitudes laborais, cos seus medios de vida, cos sectores colaterais nos que o gasto dos seus ingre-

sos xere ingresos, á súa vez, como o comercio rural e vilego, e así seguido.

Dici-lo que dicía o señor Fraga antonte é o mesmo que non dicir ren, ou peor, é unha arbitrariedade irresponsable. Máis eu non vin aquí para lle facer comprender ó señor Fraga elementaridades socioeconómicas que xa non podrá chegar a comprender nunca, vin expoñe-la nosa alternativa política para a conquista do benestar dos galegos ou, cando menos, os criterios primordiais que a definen e iso cífrase esquematicamente nos seguintes termos: primordiais que definen. E iso cífrase esquematicamente nos seguintes termos -falta pouco, señor presidente, non se preocupe- primeiro, no plano do benestar económico, require un deseño de política económica propia de Galicia que, á súa vez, esixe facer uso exhaustivo do marco político competencial propio e mais da utilización dos resortes constitucionais existentes para a súa engrenaxe co deseño da política económica xeral do Estado, que ata agora nunca foron utilizados no máis mínimo, para empezar, porque se nunca existiu deseño propio de economía, de política económica galega, malamente se pode engrenar no Estado o que en Galicia nin existe.

Por se me coubese algunha dúbida de se as cousas fían mudar a partir de agora, a perorata do señor Fraga veumo aclarar xa. Non houbo no seu discurso unha soa idea de política económica merecente de tal nome, nin como política nin como idea.

Segundo, no plano do benestar social, as claves están na creación de capital social básico nos servicios públicos, nos servicios sociais e na distribución de ingresos. De redistribución de ingresos ou renda, vostede, señor Fraga e compañía, non queren oír falar; están a prol da Europa de Maastricht, que é un deseño de política económica-social incompatible con calquera política redistributiva. Os servicios sociais métenos como un apéndice infectado na sanidade -¡bravo!-. Os servicios públicos están para ser privatizados, seguindo niso os queiros que lles foi abrindo o progresista Goberno central do Estado, por certo. E o capital social básico nin sequera saben vostedes que é tal cousa. Pero voulles dar unha pista. As primeiras veces que residín en Gran Bretaña, hai máis de trinta anos, sorprendeume que sendo alí os niveis de ingresos máis baixos ca en Francia -un país que eu xa co-

ñecía ben daquela-, o benestar, en cambio, fose máis alto. Axiña descubríñ que Gran Bretaña acumulara un capital social básico tan grande, mercé ó imperio colonial primeiro e ós gobernos laboristas despois, que o cidadán británico medio dispoñía gratis de cantidades de elementos de benestar e que o cidadán francés, en cambio, tiña que adquirir no mercado e pagar "a toca teja" -e xa non o comparo co cidadán español daquela mesma época-. Claro que despois viría a súa idolatrada Margaret Thatcher para poñer orde nas cousas e acabar con ese escándalo de que os cidadáns do común tivesen benestar gratis.

Mais nas análises comparativas entre as economías británica e francesa, ou calquera outras, feitas nos termos xa consabidos, non figuraba, naturalmente, ese dato do uso gratuito do capital social básico, como non figura aínda hoxe, respecto de Galicia, a diferenza de nivel de benestar en calidade de vida entre vivir co mesmo nivel de ingreso nunha cidade inhabitable, como as que nos fixeron entre todos vostedes, ou no medio rural, porque no capital social básico está tamén o medio ambiente, o equilibrio ecolóxico, e tamén a paisaxe e o hábitat; o hábitat desa forma de po-boamento que vostede vai transformar de disperso en nómada ó combinar desertización agraria con turismo rural.

Pois quen non comprenda esta caste de cousas, non está en condicións de dirixir unha política socio-económica caída para este país. Vostede e os seus, señor Fraga, non o están en absoluto, desde logo. O seu discurso corroborouno. Agora ben, a economía galega precisa, certamente, unha ampliación e un desenvolvemento da súa base productiva e da súa produción social. Como adoita dicir graficamente o meu compañeiro, e agora superior na Mesa, Bautista Álvarez -está máis arriba- denantes de discutírmolo o reparto do pan, cómpre ter pan para repartirmos, e iso é imposible sen deseña-lo pertinente modelo de acumulación.

Tres variables son básicas para tal fin: recursos naturais e enerxéticos, recursos humanos ou forza de traballo e recursos financeiros. ¿Onde está o balance de tales recursos, señor Fraga e señor Orza? E, ¿onde está o repertorio de medidas e instrumentos de acción para operar, poñamos por caso, cos recursos enerxéticos?. É inaceptable que un país coma o noso, que produce máis do duplo da enerxía eléctrica da que consu-

me, non tire diso ningunha vantaxe comparativa para os seus axentes económicos. ¿Non quere vostede fomentar-la competitividade das empresas galegas? Pois redúzalle os custos enerxéticos e negocie reducións de tarifas de consumo eléctrico para as unidades de produción agrarias, agroindustriais e manufactureiras deste país, no canto de permitir que só teñan ese privilexio, precisamente, a transnacional canadense do aluminio, ALCAN, e a INESPAL do INI a base dos lignitos das Pontes e da contaminación que espaxa por Galicia adiante a súa famosa cheminea. ¿Ou é que os países excedentarios, sen recursos determinados, non aproveitan esa vantaxe para reduci-rem custos de produción nas actividades derivadas da utilización deses recursos? É un principio da economía política de vostedes, a liberal.

Ou, poñamos por caso, os recursos financeiros. Os cidadáns galegos xeran aforro por valor do duplo, cando menos, do que se traduce en investimento interno financiado con ese aforro. Xa vén de lonxe, este fenómeno, xa ocorría así cando vostede era ministro do vello xeneral. E de máis lonxe aínda, xa o sinalara e o anunciara hai cen anos, e mesmo botara as contas en números, o seu admirado Alfredo Brañas, de quen vostede moito fala máis non dá aprendido precisamente as cousas máis importantes que deixou ditas e demostradas.

A outra metade dese aforro cidadán escóase cara a fóra de Galicia como a auga polos aliviadoiros das represas cando os encoros están cheos. ¿Non ten vostede nada que dicir ó respecto?. ¿Por que votaron en contra da nosa Proposición de lei de creación dun banco público galego?, que é a institución de crédito crucial e indispensable para facermos desde o Goberno galego unha política crediticia que oriente o noso aforro á promoción deses sectores productivos con potencial de desenvolvemento, como os chamou antonte o señor Orza, por boca de vostede -empezan a invertirse os papeis-. É vostede o que di o que outros enuncian. Antes eran os demais os que dicían o que vostede mandaba, retomando, por certo, a denominación que nós lles deramos xa a eses sectores en 1987 na nosa Proposición de lei de bases de medidas urgentes para Galicia.

Pois votou vostede en contra dun banco público galego cando o propuxemos aquí, e logo, cando

Ardanza o reivindicou para Euskadi, foi vostede e dixoo que non se ía quedar atrás, mais agora xa non mencionou o asunto no seu discurso, pese a que o señor presidente da Cámara, don Victorino, llo puxera en bandexa hai poucos días. Ten vostede unha actitude mental -e non é un insulto, perdón-, do que socio e psicolóxicamente se define como colonizado; é dicir, que reacciona por mímese non por conciencia de seu.

Poñamos, entón, por caso os recursos mineiros, ¿vai vostede seguir calado e pasivo mentres se seguen a espoliar-nos os recursos mineiros sen que aquí deixen outra cousa que caviancas e cachafundas nas terras de Touro, de Rubiós, de Burela, de Vimianzo, da Capela e así seguido? Pois tampouco vostede falou diso no seu discurso; non lle interesa reclamar competencias nese asunto. ¿Parécelle ben o marco legal vixente para o rexime das concesións mineiras? ¿Con que recursos pensan vostedes desenvolver-la economía galega?, ¿co potencial do sector terciario que dixoo vostede ante? Será co turismo, cos "chiringuitos" e coas barras americanas, digo eu. ¿Non se decatou de que xa non estamos nos anos 60 e de que os grandes fluxos de turismo europeo se van cara a países máis exóticos e baratos, desde o Magreb a Oriente Medio, a máis lonxe aínda, coas caídas de tarifas dos vos chárter a longa distancia.

Respecto dos recursos acuícolas, falou vostede de potencia-la acuicultura, ¿cal delas? ¿a das transnacionais que están a arruinar-las empresas que crearon aquí as nosas xentes de beiramar facendo "dumping" de precios? Isto que é tan prohibido pola CEE para o noso sector naval, por exemplo, é tan sagrado para a libre competencia, para a transparencia do mercado, segundo os señores de Bruxelas. Están a facerllo os noruegueses diante do seu nariz, señor Fraga, contra o noso empresariado máis popular.

¿Sabe vostede que nin as caixas de aforro utilizaron ata o de agora iso de financiar unha integración redimensionadora das nosas factorías de acuicultura? ¿Onde pensa que está vostede a gobernar, nun topus uranos?

En canto ós recursos humanos, á forza laboral, é moralmente indecente, socialmente desastroso e economicamente aberrante que para que o sistema económico funcione cos esquemas que vostedes teiman

en manter, teñan que xera-lo desemprego permanente dun quinto, un cuarto ou mesmo dun tercio da poboación traballadora salarial, e, por riba, coa contracción sistemática dos salarios en termos reais; é dicir, dos salarios en proporción ó custo da vida, ata o caso extremo da conxelación salarial absoluta.

Cada vez son menos os que teñen traballo e por tanto cobran salarios, e aqueles que traballan teñen cada vez máis baixos salarios en termos reais e condicións de emprego máis precarias, inestables e eventuais. ¡Fermoso monstro do mundo o que vostedes defenden coa súa ideoloxía e os seus atavismos intelectuais!

Volvo reiteralo. ¿É así como a economía está ó servizo dos seres humanos, ou é así como os seres humanos son presa das engranaxes irracionais do sistema económico imposto a nivel político? Defínase, señor Fraga. Ben, son un inxenuo, xa se definiu vostede.

Consellería de Traballo vai ó paro tamén, ou colle vacacións forzosas "a la alemana". Coida que "morto o can acabouse a rabia". Pois non, nin vostede nin os neoliberais do Goberno do Estado queren decatarse de que esa política laboral e salarial o único que fai é acelerar-la velocidade e agrava-lo proceso de recesión económica, porque se agravan os efectos multiplicadores da redución da demanda interna, e iso repercute en cadea nas máis diversas pólas do aparato productivo nun rodopío descendente que amplía o seu radio a cada volta.

Demostrouno hai máis de medio século un economista xenial que non era marxista, era un lord inglés, lord Keynes, e corroborouno na práctica a historia económica de Europa desde aquela ata hoxe. O que pasa é que ninguén ousa dicir esta dura verdade: que o paro masivo é condición indispensable para que o grande capital financeiro, que é transnacional, aínda que teña acólitos ou socios minoritarios domésticos, faga superbeneficios e poida comanda-la recomposición do tecido empresarial e das estruturas productivas en todo o espazo que o domina con instrumentos políticos, como o tratado de Maastricht, por exemplo, no recinto da Comunidade.

Mais se vostedes asumen iso sen protestas, calquera palabra que pronuncien expresando boas intencións



respecto da creación de emprego será unha andrómeda e unha fraude para a credibilidade dos cidadáns. Nós reclamamos un plan de emprego elaborado polo Goberno galego, coa participación dos sindicatos e do empresariado. Ó presidente da CEG, ou da pita cega, señor Ramilo, poden deixalo ir por libre. Cada vez que fala, resulta moi útil para convercer do contrario ós que o escoitan. Mais vostede, señor Fraga, xa tirou da manga en interinidade preelectoral con ese suposto Plan de emprego xuvenil, tan verosímil e convincente que deu lugar a que os mozos deste país votasen en masa o Bloque e incluso en moitos casos convencesen os seus pais de faceren outro tanto.

E nós reclamamos que nese plan de emprego se contemplen, así mesmo, os emigrantes galegos e os retornados. Nós preocupámonos dos emigrantes galegos para iso, non para ir facerlles festas folclóricas por alí adiante. A estratexia correcta para o desenvolvemento económico deste país está nas antípodas do que vostedes pensan.

A nosa situación -e vou rematando, señor presidente- é mesmamente aquela á que se axustan como esquema referencial os modelos de Kalecki de desenvolvemento con oferta ilimitada de traballo. Un sistema de política económica que non é capaz de aproveitar os recursos dos que dispón, neste caso recursos humanos, senón que, pola contra, expulsa sistematicamente eses recursos humanos do aparato productivo, ¿que caste de eficiencia ten ese sistema? Falar de competitividade, ¿que clase de eficiencia ten un sistema que expulsa os recursos dos procesos productivos? ¿que caste de lóxica da asignación dos recursos rexe esa política? ¿A lóxica do estrago? E logo disque non queren vostedes que haxa droga, pasotismo e pulsións de violencia na sociedade. Son vostedes coma nenos perversos. Chegaron vostedes ó absurdo de creren ó pé da letra as súas propias mentiras máis escandalosamente evidentes.

Remato, señor presidente.

Podería seguir razoando e argumentando demoradamente sobre os criterios políticos da alternativa que ten o BNG para o labor dos poderes lexislativo e executivo deste país, mais cómpre que remate por mor do tempo que se me concedeu e que non quero facer uso abusivo del. Pero remato, digo, señor presidente, cun-

ha alegoría. Albert Camus escribiu nos anos 40 unha xenial peza de teatro que eu mesmo traducín posteriormente ó galego e que foi publicada nos Cadernos da Escola Dramática Galega, a única serie xa centenaria de textos teatrais que se editan en Galicia e que, por certo, nunca tivo subvención da Xunta, como é lóxico cando a lóxica funciona ó revés, como aquí. O seu título é Calígula e a súa estrea constituíu naquel tempo a consagración dun grande actor -daquela moi novo- que acabaría por converterse nun auténtico mito, Gerard Philip.

Nesa obra Camus utiliza o personaxe histórico do famoso emperador romano seguindo, por certo, moi fielmente a Suetonio e a súa vida dos césares, para construír unha matización escénica sobre o poder sen límites e empregando o método da redución ó absurdo, congruente co pensamento filosófico do propio Camus, do mito do sísifo ou do home rebelde. Ó que vou. Desde o comezo desa, peza ó longo de todo o decurso da acción, permanece chantado sobre a escena un grande espello vertical no que un home pode ollarse completo, dos pés á cabeza. Mais ninguén se ollou nel. A medida que transcorre a obra un empeza a preguntarse que raio fai aquel espello alí chantado. Só ó remate, no intre do desenlace da obra, cando os patricios cortesáns, fartos de Calígula, o firen de morte, o espello cumpre unha función percibible e elocuente. Nese intre, Calígula, mal ferido, vólvese cara ó espello, achégase a el e guíndase contra a súa propia imaxe esnaquizando o espello co seu corpo mentres berra: "Para a historia, Calígula, vaite para a historia".

Durante catro anos, desde o comezo da pasada lexislatura, o BNG púxolle diante a vostede, señor Fraga, un espello de tamaño humano, na escena desta Cámara de deputados, mais vostede teimudamente refugou ollarse nel, pois óllese no espello, señor Fraga, óllese no espello, non faga coma Calígula. Óllese no noso espello, óllese no espello de Galicia, óllese, se quere, no espello de Ramón Otero Pedrayo, óllese denantes que os seus patricios cortesáns o firan politicamente de morte e vostede ó cabo repare no espello e teña que berrar como Calígula: "Para a historia, vaite para a historia". Porque, como ser humano, non lle desexo ese transo. Díxenllo.

(Aplausos).

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor candidato. a presidente da Xunta de Galicia.

**O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne):** Señor presidente, señoras e señores deputados, a verdade é que o señor Beiras, unha vez máis, non nos defraudou, non nos perdoou a súa xa coñecida retórica, mestura de catastrofismo, dun certo iluminismo, de utopía e, por suposto, do que el chama prosa sosegada e dialogante. Non aforrou adxectivos: "mentecato", "hipócritas", etc; é dicir, mentiras. Por chamar mentireiro un deputado a un ministro no Parlamento británico o reverendo Peisley foi expulsado cinco días, hai poucos días. Non sei o que dirá o Tribunal Constitucional británico, que é o consello privado da raíña, por certo.

É evidente que nós o escoitamos con moito gusto e el pode, efectivamente, gracias a esa democracia que quere rexenerar e que quere mellorar, dicir aquí o que queira. Como é natural, ese discurso ten partes interesantes que eu non vou rexeitar, mesmo me ofrecerei a escoitar máis despacio algunhas desas propostas, pero, no conxunto, o discurso non era nin deste sitio nin deste momento. Porque aquí intentou volver facer Europa, reconstruí-las Nacións Unidas, dar unha interpretación nova da Constitución e do Estatuto. Evidentemente, eu penso que, por moita que sexa a nosa esperanza -e eu téñoa- de contribuír a algunhas desas melloras, non se poden debater sen as modestas propostas do grupo amplamente maioritario que vai te-la responsabilidade de goberno nos próximos anos.

Paréceme que hoxe esqueceu que a campaña electoral xa rematou e que tivo uns resultados claros. É absolutamente obvio, como xa teño visto noutras moitas outras campañas, que ó final todos gañaron, mesmo os que non o fixeron. Acórdome que unha vez un partido que se presentou en Galicia, e que ficou extraparlamentario dixo: "Ben, non conseguimos ningún deputado, pero fixémonos coñecer máis".

Eu quérolle dicir ó señor Beiras -ó que felicito polos avances progresivos do seu grupo, do que espero que saque as consecuencias para facerse cada vez máis realista e máis encaixado na realidade- que é

evidente que o seu segue sendo un grupo notoriamente minoritario e que hai outro grupo que, sen dúbida -porque a maior parte dos galegos non pensan como o señor Beiras-, tivo a maioría absoluta, pero xa non pola Lei D'Hont -que, por certo, é unha lei tan respectable como outra-, senón en todas partes. Tivo o 53 % nas catro provincias, na maior parte dos concellos e na Galicia exterior. Polo tanto, penso que se merece un certo respecto. Hai unha cousa que é obxectivamente certa e é que hoxe hai unha maioría que ten a obrigación de gobernar e de facer propostas. Naturalmente, podo estar falando dúas horas e o señor Beiras non atopar unha soa idea nelas, pero pode ser que, ó mellor, el teña algunha miopía para le-lo que alí se dixo. Eu creo que é ó contrario. Salvo tres ou catro que mencionarei a maior parte das súas propostas si que están fóra da realidade. Se esta Europa non lles vale, ¿cal outra queren facer e conquén?, ¿a quen lle imos a vende-lo leite se saímos do sistema e o resto de España segue alí dentro, como supoño que tentará seguir?. ¿A quen lle imos vende-los barcos, se están fóra de precio e non teñen subvencións? Porque se di a Comunidade que non se fagan barcos é para que non sexa con subvencións, fóra delas pódense facelos que se queiran. En definitiva, eu teño a sensación de que esas actitudes tremendistas, desmesuradas e, por suposto, sen solucións alternativas non nos van axudar moito.

O señor Beiras móvese -e el non o nega- dentro de dúas ideas. Unha é a doutrina marxista, que reivindicamos constantemente. Non fago mal en recordarllo, porque hai ben poucos días dicía que el era marxista porque era intelixente, o que quere dicir que eu, que non son marxista, non son intelixente. Penso que a intelixencia cada un lévaa nunha ou noutra dirección, e mesmo parece que esa idea, ese Cartesiano, e pense, donc je suis -penso, son intelixente, logo, son marxista- non parece que teña moitos partidarios. Eu creo que esa análise que el repite en cada unha das súas frases fracasou na análise económica. Ninguén pensa hoxe no tempo das técnicas de punta nin que a famosa plusvalía do que se fai coas mans sexa un elemento propio da análise económica. Nin ninguén pensa que a análise filosófica das famosas superestructuras sexa hoxe tan importante. Pódese ser hoxe materialista, pero poucos poden pensar nestes momentos que os que se están matando, por desgracia, en Bosnia, o fagan por-

que pertencen a clases económicas diferentes; son conflitos de civilización, filosóficos, etc.

En canto á análise política, a famosa decadencia do Estado, tantas veces anunciada por Marx, non parece que funcionase moi ben. Tódolos países marxistas ata o de agora -o que no seu día rexerá o señor Beiras probablemente será diferente, pero será o único- foron estados absolutamente excesivos, e no uso do poder nunca aplicaron a famosa (...) das cousas fronte ó Goberno sobre as persoas.

Eu penso que o marxismo xa foi aplicado en tódalas interpretacións, a rusa, a chinesa e noutras variantes, mesmo a socialdemócrata. Eu creo que hoxe non é facil neste momento pensar, repito, que se poida facer unha boa análise. Só quedan ruínas entre catástrofes onde se levou a cabo.

Entón, eu, o primeiro que teño que dicir é que, efectivamente, nós partimos doutros supostos. Partimos do suposto de que os fins da acción política son limitados, non son absolutos, non son totais. Pensamos que non hai unha solución final, como esa que ofrece sempre, na súa utopía, o señor Beiras, e que esa harmonía liberal non se cumpriu certamente a de que os intereses se equilibrasen nos mercados-, pero moito menos se cumpriu a harmonía marxista, esa de que, unha vez establecidos os principios marxistas, as cousas andarían ben. Eu creo que non hai neste momento ningunha dúbida de que haberá intereses duns e doutros, que haberá que poñelos de acordo e que, haberá que administra-lo mellor posible, o mellor para Galicia. Iso queremos todos, e a ver como se fai.

Hai que saber como se fan as contas tamén, porque, claro, di vostede que non poñemos números. O debate presupostario será dentro de poucos días, alá poñeranse os números. O que non ten dúbida é que nos sistemas que vostede desprezia como capitalistas se vive menos mal ca nos outros. Xa Locke nos seus tempos, o prudente Locke, lles explicaba a algúns utopistas do seu tempo que o máis pobre dos xornaleiros ingleses daquel tempo -e non era unha sociedade doada para a xente máis modesta, hai que recoñecerlo- vivía moito mellor co máis importante dos reis ou caciques indios na América do Norte. E igual ocorre hoxe, que, con todo o mal que se vive en Estados Unidos, en Alemaña ou en Francia, resulta que se vi-

ve moitísimo mellor ca en calquera dos países que pasaron polas famosas experiencias marxistas.

Polo tanto, empezo por dicir que hai que buscar equilibrios e compromisos dentro do mal que temos e, como é natural, dentro diso funcionar coas leis do xogo. Esas leis do xogo vostede veu dicir que aquí non se respectaban, que o Parlamento non era considerado polo Goberno. Eu penso que se tantas veces se infrinxiran eses principios habería outros recursos ó Tribunal Constitucional, o cal, por certo, ten que dicir a última palabra.

Eu teño a sensación de que o noso sistema, o que está establecido na Constitución, no Estatuto, no Regulamento e nas leis de Galicia, é un sistema parlamentario racionalizado. Non é un sistema presidencialista, como o americano; Non é un sistema directorial, como o suízo ou como foi o de Uruguai e, non é un sistema convencional en que o Parlamento administra, legisla e goberna. Iso non existe, e o que hai é simplemente un Parlamento onde a maioría dá a confianza a un Goberno e, dentro dos límites de control desta Cámara, das leis que establece esta Cámara -función lexislativa e función de control-, o Goberno goberna e administra e, como é natural, non se pode dicir que a maioría frustra os dereitos do Parlamento; a maioría é a que, dentro destas regras de xogo, di o que pensa o Parlamento. Isto pódese aceptar ou rexeitar, igual que se pode rexeita-lo folclórico desde unha suposta idea popular. Eu persoalmente penso que estamos facendo as cousas como se fai nas regras do xogo. E, unha vez mais, repito, o seu discurso quedou fóra de lugar. Vostede aplicarao se día o pobo galego, efectivamente o segue. Ese día vostede fará aquí o seu discurso de investidura pero hoxe o que temos que facer é o que responde ó que maioritariamente o pobo galego desexou.

Que estamos en crises, que estamos con guerras, con xenofobias, por suposto. Que estamos en involución en Europa, eu non o creo. Que non se poden pecha-las portas ó que pasa, naturalmente. Que hai que buscar culpables, ¡home! non tan necesariamente, porque algunha culpa supoño que teremos todos. O que está perfectamente claro é que non se pode dicir, como se dixo aquí, que a nós nos meteron na Europa comunitaria sen contar con nós. Nós aprobamos unha Constitución e, segundo ela, podíase entrar en

Europa. Negociouse mellor ou peor, non é momento de discutilo, o que é evidente é que ese déficit democrático, que existe e que eu teño denunciado moitas veces, non é razón para recoñecer que hoxe estemos nesa realidade, e que dela, por certo, non vai ser moi fácil saír. Pero si se pode mellora-la situación dentro diso.

Fálame de alternativa ética, de democracia que hai que restaurar; ben, eu creo que o que hai que facer é respecta-la que temos. É o que din as maiorías.

En canto á dignidade, todos estamos por ela, por certo, respectando a dos demais e sen insultala nin querer descualificala.

En benestar, imos ve-lo que é posible facer.

Pero aquí dixéronse cousas que, realmente, non se teñen de pé. Díxose, que nós despreciabámo-los sindicatos. Eu teño que dicirlle que ningún goberno na historia da Galicia negociou tanto cos sindicatos. Nós asinamos uns principios básicos, cos sindicatos de Galicia, coas centrais sindicais, asinamos outro especial para Ferrolterra e pactamos con eles. Non se chegou a aprobar porque non deu tempo na outra lexislatura, nos últimos meses do obstruccionismo, pero traeremos unha proposta dun consello económico e social. Naturalmente, o que non imos dicir é, senten vostedes nos departamentos e sexan o Goberno de Galicia, porque para iso nin se presentaron nin se podían presentar como tales as eleccións.

Como é natural, non faltou a demagóxica referencia a un malfadado suceso ocorrido recentemente na praza de Vilagarcía. Se eu puidese evitalo dando un brazo meu faríao, iso compréndeo calquera, o que teño que dicir é que o que vexa a lista das mortes, feridas, incidentes que houbo nos anos pasados en tódolos temas de pesca, de marisqueo etc, ten que dicir que hoxe vivimos ese desgraciado accidente nunha paz octaviana, gracias a unha brillante, eficaz e firme política de pesca mantida pola Xunta de Galicia.

¿Que pediu o presidente da Xunta de Galicia e volve pedir hoxe aquí. Pediu respecto á presunción constitucional de inocencia. Non pedín outra cousa, os que se crean na condición de vulgar e condenar que o fagan, eu non, porque respecto a Constitución.

E teño que dicir con toda claridade que, efectivamente, a imaxe dun pai con toda a autoridade non é unha mala idea. Eu, desde logo, non me vendo como tal ós galegos, teño bastante cos meus fillos e cos meus netos; gracias a Deus procurei educalos ben. Pero o que teño que dicir é que neste momento o país si pide liderato e vota en liderato non vota en catastrofismo nin en utopía.

Volve aquí coa teima da transferencia do INSA-LUD, cando está perfectamente claro, e os datos dino, que se está a gastar moito máis e moito mellor en saúde e que, gracias á transferencia se puido facer. Son datos perfectamente coñecidos e que, naturalmente, lamento ter que recordar unha vez máis pero aí están e, gracias a esos galegos nestos momentos en sanidade e en Educación tiveron uns aumentos superiores a calquera outra das rexións autónomas de España.

Non me fale de ferroaleacións Gracias á acción da Xunta, decidida, impediuse a acción das sociedades. Non será aceptada en ningún caso iso non para o desenvolvemento económico nas sociedades que, como tódalas outras teñen que capea-la crise. Eu non estou aprobando ningunha medida con estas palabras, digo que xa as discutiremos no terreo das competencias da Xunta que, por certo, non vai renunciar nas súas competencias en materia de traballo -certamente que non; vainas potenciar- nin vai diminuí-los servicios sociais polo feito de que unha parte importante deles se incorporen á sanidade para unha mellor coordinación, pero naturalmente, conservará tódalas súas competencias na administración que considere máis axeitada para cumprir cos seus fins, e pronto se fará pública.

En canto a dicir que nós pretendemos chegar ó 25% industrial dividindo o sector agrícola, señor Beiras, vostede suspendeme en economía agora mesmo e eu nunca pensei facer semellante cousa porque como compañeiro que son respecto a competencia de cada un. Iso, evidentemente; non se pode dicir nin en broma. Ten que crecer todo o sistema e dentro del hai que chegar ó 25 %. O outro é face-las contas non coma a vella, simplemente (...)

En todo caso, eu estaba esperando despois dos inevitables ataques á señora Thatcher -que, por certo, eu non idolatro que vostede dixese que o turismo non val nada. Pero ¿se van a outros países, por que viñeron

sete millóns este ano aquí? Parece que son razoamentos que non teñen moito que ver coa realidade.

Pero, desde logo, cando vostede falou de alternativa, eu tendín un pouco a orella. Pois non se escoitou nada. Algunhas cousas -mesmo lle direi- pois ¡vamos face-las xuntos! Vostede quere que neste momento discutamos sobre a cuestión da enerxía. ¡Vamos todos a pelexar! Eu véño dicindo hai moito tempo. Naturalmente, hai que discutilo moi a fondo e con toda a razón. Non se pode aprobar neste Parlamento -e vostede sábeo-. As competencias exclusivas están dentro do sistema de competencias, e a súa evolución está prevista pola propia Constitución.

Fálase das autovías. Pois eu demandei sempre o consenso e espero que todos o teñamos. Neste momento parece ser que hai un tramo -nos demais mantéñense tódolos prazos- que se pode retrasar un pouco. Imos ver se se pode evitar. Pero, en todo caso, iso non pode permitir dicir que non se estaba a presionar no tema das autovías, que, por certo, cando se asinou, foi un paso moi importante.

Se podemos mellora-lo sistema mineiro, imos falar diso, porque eu quero convida-lo Bloque a que discutamos eses temas. O que non poden é convidarme a facelo logo dos insultos ou nos xornais. Cando queiran temos que falar deses temas.

Un plan de emprego. Naturalmente que había que adiantar un plan de emprego xuvenil. Imos facer todos xuntos o mellor. Eu non me nego a ningún diálogo.

Sobre o banco, mire vostede, efectivamente, eu non creo nun banco público para Galicia. Pero se se me convence, falaremos diso. Sobre o que eu dixen, "o que lle dean a outro", naturalmente, non me refería ó banco público; senón ós famosos coeficientes de caixa. Evidentemente, nese momento falaremos; non imos a quedar fóra. Pero se se trata de dicirme (...) de Galicia, aí estamos todos para traballar. Polo tanto, señor Beiras -permitame que llo diga-, foi moi bonita a cita de Camus, pero tampouco estaría mal que vostede se mirase nese mesmo espello e procurase deixar certas posicións pintorescas para entrar na realidade parlamentaria.

Moitas grazas.

(Aplausos).

**O señor PRESIDENTE:** Gracias. Gracias, señor candidato.

Ábrese unha rolda de réplica e dúplica con tempo de dez minutos para cada intervinientes.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Ben, señor presidente, señorías, polo menos conseguín facerlle dicir algunha cousa; (*Risos*) entre outras; iso de que quere convida-lo BNG a discutir destes temas. Estamos a desexalo, evidentemente, ¿ou seica pensa vostede que nós estamos aquí con 13 deputados para limitarmos a dicir cousiñas, ou tomar iniciativas de control? Iso que vostede acaba de dicir reflicte unha realidade parlamentaria importante, que é unha realidade política neste país: de súpeto, o nacionalismo do BNG non é marxinal e hai que contar con el, evidentemente. Paréceme moi ben, moi correcto, pero iso había que dicilo. Había que dicilo no seu discurso ó falar algo desta institución, BNG; había que falar desta institución que entra nunha fase completamente distinta, cualitativamente distinta, da anterior, na que vostedes xa tiñan a maioría absoluta. Hoxe teñen cinco deputados máis, felicítoo. Había outro grupo que tiña 28, nós estamos con cinco e logo había incluso outras forzas políticas con dous e dous. E agora non é así, e, ademais, toda a dialéctica política e, sobre todo, a dialéctica electoral, que durante todos estes anos, no contexto do Estado e repercutindo sobre Galicia, tendía a consolidar iso que se chama bipartidismo, dous focos polares que son dúas forzas políticas de ámbito estatal, en Galicia rachou.

Nós recibimos, dándolle o valor que se merece, a súa explícita posición de que convida ó BNG a falar dos temas cruciais deste país; pois estamos dispostos a falar.

Vostede non tome como ofensa iso que son análises. Ademais, vostede é dunha maneira de ser que tamén utiliza moitas veces a linguaxe moi dura e moi descarnada. O que pasa é que moitas veces di o primeiro que lle pasa pola cabeza. Nós, normalmente, cando dicimos unha cousa, témola bastante pensada.

Di vostede: "Ó final, todos gañaron as eleccións". Non, señor Fraga, non sei se os seus servicios de información lle pasaron o que exactamente dixo este deputado, este portavoz do BNG, a mesma noite das eleccións. En tódolos medios dixer: "O BNG gañou nestas eleccións". Por suposto é innegable ¿verdade? Nin os máis optimistas ou os máis pesimistas -segundo de que bando estivesen analizando as perspectivas, do noso ou do de vostedes- podían supor que nós íamos pasar de súpeto a, practicamente, o 20 % dos votos. Dixer iso, pero dixer: " ... pero gañou Fraga a maioría absoluta e iso significa que Galicia perdeu". Iso é unha visión ideolóxica propia. Sería absurdo que eu, que represento unha forza política que o leva combatendo politicamente e ideoloxicamente a vostede durante todos estes anos -e mesmo antes, moi atrás, noutras circunstancias histórico-políticas- dixese que o seu triunfo era moi bo para Galicia. E máxime se un ten en conta o balance de resultado de catro anos de xestión que vostede fixo. Un balance que vostede non anunciou publicamente ó remate da pasada lexislatura. Un balance que vostede non fixo ante a cidadanía diante das eleccións, senón que o maquiollou, que o lanzou dunha maneira que era, precisamente, a maneira na que vostede ten o hábito de utilizarlos medios de comunicación dos que dispón. Diso, evidentemente, non me dixo nada.

Polo tanto, está claro. Vostede gañou a maioría absoluta; o que pasa é que hai moitos precedentes históricos de maiorías absolutas que logo redundaron no que redundaron por determinados procedementos. E non quero ser perverso, pero en 1933, en Alemaña, coas regras de xogo democráticas da República de Weimar gañou unha determinada forza política e moi pouco despois tivo maioría absoluta. Está aí; tiña unha lexitimación tan democrática coma calquera de vostedes ou de nós.

O problema da democracia, señor Fraga, non é só que haxa un réxime de partidos e un réxime de eleccións, senón o que se fai co poder cando se obtén, o que se fai co apoio dos votos cando se teñen. E eu o que quería indicar e sígoo mantendo é que está a tempo de rectificar, sempre estará a tempo de rectificar. Sempre estará a tempo de seguir unha pauta de conducta distinta. Iso incluso llelo dixer a vostedes, díxenllo a vostede en concreto, no debate de investitura de 1989 -mellor dito, no comezo do 90: "O futuro

faino vostede". O único que demostrar o futuro que fixo -agora xa é pasado- durante estes catro anos indicios sistemáticos de que vostede estaba subvertendo o estatus dos poderes: do executivo e do lexislativo.

Non estaba vostede reformando a Constitución e o Estatuto. Pero vostede, por exemplo, acabou por reformar, cando lle molestou demasiado, o Regulamento desta Cámara, e non no sentido de darlle máis contidos democráticos, senón no contrario. É vostede o que ten que demostra-lo que ten que facer co grupo maioritario neste Parlamento, co actual Regulamento desta Cámara. ¡A ver!, demóstreo. Pero as cousas hai que probalas e o que vale son as conductas políticas, a práctica política.

Di vostede: ¿como se van construír barcos con subvencións se o prohibe a Comunidade?". Ben, precisamente ese é un dos graves problemas. Eu faleille de que, en cambio, os noruegos estaban facendo dumping de precios aquí, no rodaballo, na acuicultura, exactamente na acuicultura. Estaban arruinando empresas de aquí. ¿Como as defende vostede?. Se o principio que establece Bruxelas é que non se poden apoiar esas empresas porque as regras de xogo o mandan así e iso é fatal para os seus cidadáns, ¿vostede que escolle, a defensa dos cidadáns ou o respecto das normas de Bruxelas?. ¡Decídase! Iso é o que está en xogo. Isto é co que hai que enfrontarse. O BNG é unha forza política que acepta as regras de xogo, pero cando esas regras de xogo o que fan é ser perniciosas para os intereses da nosa cidadanía, "plantámonos". Como forza política, seguímolas respectando no xogo político parlamentario; pero nós reivindicamos que se modifiquen as cousas. ¿Ou non é reformable o Tratado? ¿É que os tratados son coma as Sagradas Escrituras?. ¿É que os tratados son unha cousa xa sacra, que non se poden modificar? Vostede ten que escoller.

E, ademáis, dígolle outra cousa: cando estaba en crise, e se estaba en proceso de reconversión de desmantelamento, o sector naval galego, en Francia, a través dunha serie de camiños, a construción naval estaba recibindo unhas subvencións que importaban o 40 % do valor dos buques en construción. ¿E que pasou? ¿Os franceses, entón, non cumprían as normas que establecía Bruxelas? E os armadores vascos que compraron "gransoleiros" galegos, ¿non os compra-

ban porque o Goberno vasco lles dá subvencións e aplica políticas que lles permiten a eses armadores vascos compra-los buques que resulta que aquí non poden ir ó Gran Sol?. ¿Por que en Euskadi en mans dos armadores vascos son productivos e por que en máis dos armadores galegos non?. Dígame. Vostede non pretenda darlles a impresión ós cidadáns galegos de que as cousas son tan absolutamente capciosas como vostede as presenta.

En primeiro lugar, as regras de xogo son para todos; polo tanto, ¿por que en Francia non se respectaban e ó sector naval galego se lle aplicaban rigurosamente.

En segundo lugar, hai moitos medios para apoiar sectores, como o fixo o Goberno vasco cos armadores na compra dos "gransoleiros" galegos. E, ademais, resulta que, precisamente, o Goberno vasco fai iso, entre outras cousas, porque ten un sistema de financiamento cun sistema de cota.

Os vascos pódense rír do problema do 15 % do IRPF. Vostede non. Estase discutindo se ese 15 % si ou non, se é discriminatorio ou non. E hai unha Comunidade Autónoma que é unha nacionalidade histórica, segundo a Constitución, igual ca calquera das outras dúas, Galicia e Cataluña, que pasa dese problema porque ten un sistema de cota.

Vostede acaba de dicir "os números cantan". E os números vanse ver axiña no debate dos presupostos. ¡Claro!, cos cartos que ten vostede. Vේñnos chorar no debate dos presupostos porque non temos máis cartos para ... ¿Por que non ten máis cartos para ....? ¿Por que non reivindicaba vostede un sistema de cota? ¿Por que -repito- asinou vostede o modelo de financiamento que asinou, a través do señor Orza, en Madrid, en xuño de 1992? E que isto é a clave do problema que vostede ten agora polo 15 % do IRPF.

Vostede dixo aquí que hai que ir cara á plena autonomía financeira porque sen autonomía financeira non hai autonomía política. A suficiencia financeira e a solidariedade curiosamente, son tres principios que o BNG ten formulado nesta Cámara e que vostedes non nos aceptaron cando nós os presentamos no noso documento dentro da Comisión Mixta, denantes da firma ou non firma dese acordo. Curiosamente, agora o reivindicaba vostede aquí. ¿Por que non se aplicou ou

por que non empezou a aplicalos como criterios norte da negociación que vostede tiña que facer e do si ou non a firmar aquel acordo?

Logo virá, nos presupostos, a dicir que non lle chegan os cartos. ¡Claro, é precioso! Vostede mesmo está denunciando que, en definitiva, o que eu dixen na miña intervención era exactamente o correcto.

E vou rematar con algúns apuntamentos máis. Di que cos sindicatos firmaron moito. Sí, pero non cumpriron nada. Firmar non costa traballo. Cumpran. Vostedes non cumpriron absolutamente nada. ¡É precioso!. É a súa maneira de comportarse. Iso si que é retórica demagóxica.

Sobre o incidente de Vilagarcía, eu o que non podo esixirlle a vostede -nin o Bloque llo pode esixir- é que non haxa incidentes. Ó que lle recrimino é que, o día seguinte do acontecido, vostede, que é presidente da Xunta de Galicia -non é xuíz nin é Tribunal Superior de Xusticia nin nada polo estilo-, resolva e xulgue a cuestión en público tal como o fixo. Xa sei que vostede é moi precipitado pero logo, ó mellor, ten dentro o seu corazonciño. Pero o problema é que vostede tomou posicións dunha maneira que era ofensiva, xa que, por riba de morta, a pobre muller era considerada como culpable de agresión. Iso é o que lle recrimino. Non lle podo esixir que todo funcione dunha maneira absolutamente precisa. É a posición que adopta un responsable dunha institución política cando ocorre un incidente; e en vez de dicir: imos abrir unha investigación, imos ver que pasa, isto é intolerable, non, vostede dixo todo o contrario. Iso reflicte un talante, por iso eu falaba antes do carácter irascible ou da maneira de actuar en contraste cos que somos, efectivamente, dialogantes, profundamente demócratas e que sempre pensamos que en principio os cidadáns son os que nós temos que defender e non os nosos propios axentes da Administración. Cando hai un conflito entre a Administración e o cidadán, en principio o cidadán é o que leva as de perder e, polo tanto, é o que hai que defender.

"A crise do Estado cousa de Marx". A crise do Estado non é cousa de Marx, é cousa que asume a democracia cristiá en Italia. A democracia cristiá en Italia ¿que ten que ver co señor Marx? Vostede di que a miña análise foi marxista., Non se decata. Toda aná-

lise económica -e ademais fixen expresa mención- é en termos do esquema keynesiano. Non ten absolutamente nada co marxismo. Non fale do que non sabe. Eu non falo das cousas que non sei. Eu aquí non falo nunca de física, non falo de química e non falo tampouco das leis fundamentais do Movemento, que ti ven que aprendelas de memoria pero esquecinas rapidamente. Non sei. Esas cousas non as sei e non falo.

Finalmente, a cuestión é que vostede non atopa, absolutamente, ningún argumento para sentar teses contrarias ás que sustentan a intervención na que eu expuxen o posicionamento do BNG. Vostede non atopa ningunha proba, ningún elemento de proba para desmenti-las denuncias que eu fixen ó longo da miña intervención, fose respecto dos proxectos de lei que vostede botou abaixo, fose respecto do comportamento da Xunta de Galicia, e de vostede como presidente da mesma, respecto do conflito de intereses entre os cidadáns galegos e institucións que están por aí ou liñas políticas que lles aplican ou fose respecto, por exemplo, do uso dos medios de comunicación públicos autonómicos, e así sucesivamente. Se vostede non ten argumentos, está ben que vostede busque a maneira de escapar na súa réplica pero, evidentemente, non vai enganar a ninguén.

Remato xa. Eu deséxolle -insisto- que no plano persoal a vostede non lle ocorra coma a Calígula. Deséxollo, pero parece que vostede o toma a beneficio de inventario, pois non hai actitude peor que, cando se avisa, facer caso omiso dos avisos; e entretres teremos ocasión de discutir se vostede está disposto a que o BNG, efectivamente, discuta eses temas. Veremos que sae entón.

Máis nada e moitas grazas.

*(Aplausos).*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor deputado.

Ten a palabra o señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

**O señor candidato á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA:** Señor presidente, a min paréce-me que o balance da lexislatura está feito; por certo, por intentar facelo por escrito ata se nos levou a re-

clamacións xudiciais nas que nos deu a razón o Tribunal Constitucional, que aí si que a deu completa ata o final. E como é natural pois o pobo galego puxo a súa versión sobre o resultado da lexislatura. Un goberno, que ten un desgaste natural no uso da Administración e que actuou en tempo difícil e de crise, obtivo un reforzo importante da súa maioría.

Non é verdade, e sinto ter que dicilo así, que non se cumpriron os acordos cos sindicatos. Fóronse cumprindo, seguiranse cumprindo e, como é natural, nós sempre firmamos para cumprir.

Ás veces, os argumentos ou non se collen ou se reforcen. Eu non dixen que por estar prohibidas as subvencións non se debían dar. Eu dixen que había unha serie de aspectos das relacións coa Comunidade que se nun asunto coma a siderurxia ou a construción de barcos non se piden subvencións, non hai limitacións. Agora, se se piden porque están fóra do mercado, entón si é verdade.

En canto ó Gran Sol, creo que a cita non pode ser máis oportuna. Nós recuperamos practicamente tódolos barcos, e as licencias no caso do País Vasco pero, ademais, nestes mesmos días a Xunta tomou -estando en funcións, -por suposto- acordos importantísimos para a recuperación de 16 novos barcos que teñen que ver co apoio os nosos barcos do Gran Sol.

En definitiva, véñse a dicir que nós non sabemos reivindicar cartos. Máis quixeramos poder facer. O sistema de cota é un residuo histórico de moi difícil aplicación xeral. Pero eu teño que dicir que xa que se menciona por segunda vez o acordo do 92, Galicia obtivo 18.000 millóns máis, e a aplicación de criterios permanentes, como é a inspección da poboación, polo tanto, eu felicito de novo ó conselleiro Orza, que o puido obter.

En canto á defensa dos cidadáns, para iso estamos os gobernantes, pero unha forma de defendelos é defender a quen os serve; é defende-los que defenden a orde. Eu teño que dicir que, despois de ter responsabilidades moi altas nesta materia, son persoa que endexamais fará a xogada que din que o rei Fernando VII fixo cando un pobre garda municipal lle puxo un escrito dicíndolle que lle deran unha labazada uns borrachos e que a labazada fora na cara da súa maxestade e que o rei dixó: "Ah!, me las den todas". Eu non".



Eu non: eu creo que, efectivamente, esta pobre xente, facendo a tarefa máis difícil, que é defender en medios complicados e difíciles a orde, merecen un primeiro respecto e apoio da Administración que os emprega. En todo caso, hai outro sistema, que é o que utilizou don Quijote, andar por aí, pelexar coa Santa Irmandade, face-la xusticia pola súa conta: ¿Que lle pasou a aquel pobre rapaz que lle estaba pegando ó seu dono porque non coidara ben o gando?. Fíxollo soltar, efectivamente, don Quijote, e cando este marchou, déronlle unha segunda malleira que case non a contou.

Eu teño a sensación de que debemos deixarnos de parvadas e sobre todo de "antiguallas",. O seu pensamento é o que mira para atrás. Como vostede coñece o marxismo, pois ten xente que o practica -os que non o somos, non o facemos- ¿acórdase daquel texto de Engels que di que o Estado, a Administración, a Policía e o Exército fíxese o que pasaría en Rusia despois pasarían ó mesmo museo do arado romano e dunha serie de cousas vellas?. Pois eu sigo pensando que as "antiguallas" do marxismo van parar aí, deféndaaas quen as defenda. En todo caso, vexo que hai persoas que seguen pelexando á Guerra Civil, que seguen pelexando á Segunda guerra mundial e se esquecen de que estamos xa cara ó ano 2000.

Eu respecto profundamente, en todo caso, os que toman a defensa da súa terra, mesmo se o fan de xeito equivocado. E aí nos imos atopar; pero recórdese que certos nacionalismos radicais son a peor forma de defendela.

"Galicia perdeu" -di vostede. Ben, de momento ela pensa que gañou, por iso votou dese xeito. Claro, vostede é máis intelixente; é o seu concepto de democracia. Pero quérolle dicir: para defender Galicia, todos somos poucos; e eu queroos a vostedes tamén. Vostedes a min non, pero eu a vostedes tamén. E dígo de novo. (Aplausos). Por iso a aceptación do diálogo xa é algo, porque ata agora non se aceptaba. E quero dicir que non só todos somos poucos, é que cada un ten os seus talentos. Esa é unha frase evanxélica e, por certo, Rubén Darío non se refería só a Deus, pero vostede ten dereito a interpretalo como queira, como interpreta a Camus e a quen lle dea a gana.

Eu hoxe teño que render homenaxe público a un home que morreu hoxe en Ferrol, Constantino Lobo Montero. Era un xeneral, era un home da familia Franco, pola súa muller, pero foi o que restableceu o himno galego no Centro Galego de Madrid. Quero facer homenaxe a tódolos galegos importantes. Eu digo: todos somos poucos, cada un co que ten, para defender Galicia.

*(Aplausos).*

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor deputado.

A sesión reiniciarase ás catro e media.

*Suspéndese a sesión*

**O señor PRESIDENTE:** Señoras e señores deputados, reiniciase a sesión.

En cumprimento do que se prevé no número 5 do artigo 136, anúnciase que a votación, salvo que o desenvolvemento do debate o impidise, celebrárase ás 7 do serán.

Continuando co debate, ten a palabra, para responder ó discurso do candidato, o señor portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor SÁNCHEZ PRESEDO:** Señor presidente, señorías, quixera, en primeiro lugar, enviarlles un saúdo a tódolos deputados da Cámara nesta primeira intervención que realizo nesta lexislatura e, de modo particular, ós que por primeira vez se incorporan ó Parlamento.

Subo a esta tribuna para expoñer con claridade a posición do Grupo Parlamentario Socialista, e subo tamén para explica-lo noso voto, que xa anticipo que vai ser un voto negativo á investidura do señor Fraga Iribarne. Quero así, manifestándoo desde o primeiro momento, deixar claro que non queremos ser cómplices da súa política nin corresponsables da súa investidura.

Na pasada lexislatura, señor Fraga Iribarne, señores deputados, realizamos unha oposición con sentido institucional, con moderación e con talante integrador. Iso puido interpretarse, desde o meu xuício erroneamente, por parte dalgúns, coma unha certa com-

plicidade. Pois ben, nesta lexislatura non haberá complicidade, faremos oposición firme e faremos oposición leal con Galicia, unha oposición que fiscalice, que controle e que denuncie, pero non imos contentarnos con iso, xunto coas denuncias ofreceremos sempre propostas e solucións viables; ofreceremos sempre, tamén, solucións ambiciosas.

Asumimos, polo tanto, o Grupo Parlamentario Socialista, unha dobre responsabilidade democrática.

En primeiro lugar, representa-los nosos electores, ser coherentes co mandato dos nosos electores de aceptar unha proposta baseada en lle ofrecer a Galicia outra política, outro Goberno e outro presidente.

En segundo termo, ir máis alá do noso electorado, dirixirnos a tódolos galegos, como grupo principal e maioritario da oposición, para ofrecer outro camiño e unha opción diferente da que vostede vai representar, señor Fraga Iribarne.

Este Parlamento é unha representación de Galicia a escala reducida, unha representación democrática, todos, polo tanto, somos galegos por riba da nosa adscrición partidaria, todos debémonos, polo tanto, a Galicia e ós intereses superiores do noso país por riba de calquera outro mandato, de calquera outra disciplina, pero reflectimos todos, tamén, unha Galicia plural, unha Galicia plural e complexa que non se esgota en tres grupos parlamentarios, senón que, na realidade, son case tres millóns de persoas, tres millóns de formas distintas de comprender, de entende-lo noso país.

Por iso eu, cando antonte vostede pronunciaba o seu discurso de investidura, alporizábame. Eu alporizábame cando antonte sinalaba como a primeira tarefa do seu Goberno, como a tarefa máis importante do seu Goberno para os próximos anos, a de que cada día sexan máis os galegos comprometidos co proxecto do seu partido. Esa, señor Fraga Iribarne, non é unha afirmación democrática, esa é unha afirmación totalitaria e antidemocrática, e pensamos que unha cousa é gañar as eleccións -e respectamos sempre, como demócratas, a vontade popular e a vontade dos cidadáns- e outra moi distinta é ter unha patente de curso e dicir cuestións que non deben ser aceptables para un Goberno que pretende se-lo Goberno de tódolos galegos.

Non se poden confundi-las tarefas de Goberno coas tarefas de partido, esta non é unha época anterior na que os responsables de Goberno tiñan tamén as responsabilidades do partido. O Goberno debe servir os intereses de Galicia sen espírito partidista, e a lóxica democrática é que, a continuación, os cidadáns opinen, en función dos distintos partidos, a quen atribúen os éxitos ou os fracasos, pero un Goberno nunca pode establecer coma un obxectivo político da súa acción institucional tratar de incorporar novos cidadáns ó proxecto do seu partido. Non se trata, polo tanto, de captar apoios para un partido, senón de afrontar-los intereses dun país, os intereses de todo un país. Eu, polo tanto, pídlle que retire esa afirmación, esa é unha afirmación que, desde o meu punto de vista, escurece un discurso, e que admita que os gobernos democráticos gobernan para todos e que respecta o pluralismo deste país.

Mire, señor Fraga Iribarne, os intereses de Galicia sérvense coincidindo e sérvense discrepando, o motivo desta sesión, ó meu xuício, é identifica-los intereses de Galicia e, ó mesmo tempo, aborda-lo seu tratamento. Non se trata, desde o meu punto de vista, dunha sesión doctrinaria nin retórica, isto non debe ser nin unha aula universitaria nin un salón literario, isto é un Parlamento no que debemos falar dos problemas de Galicia, dos problemas das galegas e dos galegos.

Eu sei ben que este non vai ser un debate emocionante desde o punto de vista do seu resultado, neste Parlamento probablemente en toda a lexislatura, non se producirán resultados sorprendentes, pero si debe ser un debate interesante, un debate interesante desde o punto de vista de que aquí se están identificando os intereses reais do noso país, se están definindo os intereses dos nosos cidadáns e se están achegando propostas e medidas para resolvelos. Por iso debo dicir que me sinto defraudado de que vostede non cumprise o mandato do Estatuto de autonomía de Galicia.

Mire, o artigo 15 do Estatuto de autonomía de Galicia di que o candidato presentará o seu programa ó Parlamento. É un mandato claro, o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia ten que vir a este Parlamento e presentar un programa, e vostede escamoteoulle a este Parlamento o seu programa. Vostede escamoteoulle un programa a Galicia, escamoteou un

programa ós galegos, o programa de Goberno que era o que vostede debía presentar aquí.

Vostede fixo un discurso, incluso no texto que vostedes teñen publicado lle chaman discurso de investidura, non lle chaman programa de Goberno para a investidura do candidato á Presidencia. Polo tanto, neste debate, falta o que debe ser un programa de Goberno, un programa que teña obxectivos, que teña prioridades, que teña medidas, que estableza calendarios de actuación, iso é o que se necesita nesta sesión. Gobernar, desde logo, é decidir, é elixir, non é situar todo ó mesmo nivel, non é falar de tódalas cuestións como se todas fosen iguais, non é simplemente facer un debuxo abstracto de cales son as situacións do noso país e as situacións que existen a nivel internacional. Gobernar é expoñe-la realidade deste país, facela comprensible para os cidadáns e ofrecer propostas e solucións concretas.

Vostede debía responder neste Parlamento, como primeiro acto, da gran confianza que recibiu o 17 de outubro dos cidadáns de Galicia, e é no Parlamento onde se contraen os compromisos de Goberno, é aquí nesta Cámara onde o Goberno debe contrae-los seus compromisos. Ese é o xogo democrático e ese é o xogo parlamentario. É nesta Cámara onde o impulso electoral que os cidadáns lle ofreceron a Galicia o 17 de outubro debe traducirse en iniciativas políticas, en auténticas iniciativas políticas para o noso país, e nós non vemos nin compromisos nin iniciativas.

A sensación, cando escoitábamo-lo seu discurso, era unha sensación de déja vu é dicir, xa visto, eso xa está visto, é algo coñecido e incluso algo antigo, pero non hai propostas concretas para os próximos catro anos. Nós agardabamos, realmente, despois da súa intervención de antonte, ter unha visión da Galicia do ano 97. Saber en que ía consisti-la Galicia ó final desta lexislatura, iso era o que todos estabamos agardando, unha imaxe, e vostede, máis que pintar ese debuxo do que podía se-la Galicia de 1997, aquí simplemente deu unha teórica dicindo que hai que utilizar cores, que habrá que poñer un lenzo, pero, en definitiva, non compuxo a imaxe que habería que lle ofrecer ó noso país. Hai unha coincidencia xeral, señor candidato, señores deputados, de que foi un discurso sen contido, un discurso moi extenso, pero un discurso con poucos compromisos, con poucas propostas

para o noso país. Nós quixeramos entrar, precisamente, nos temas concretos que lle afectan a Galicia. Quixeramos fuxir deses debates retóricos e entrar, porque é necesario que nesta sesión se entre, nos auténticos problemas concretos dos cidadáns de Galicia.

Mire, o marco xeral está claro, creo que o temos todos bastante claro, este é un mundo en cambio e é un mundo que está, ademais, experimentando un cambio vertixinoso, unhas transformacións moi importantes. Hai cambios do propio escenario respecto de como nos atopabamos en 1989, hai cambios tamén de protagonistas a tódolos niveis, protagonistas que emerxen na realidade internacional e, ó mesmo tempo, hai cambios de regras. As regras están cambiando en Galicia, somos conscientes de que as regras cambiaron moito nos últimos 12 anos. Cambian porque temos un autogoberno, cambian porque nos incorporamos nunha Comunidade Europea, porque a continuación cramos un Mercado Unico e porque agora estamos noutra fase que é a fase da Unión Europea.

A realidade está cambiando de forma extraordinaria e cambian as regras, eu estou de acordo en que hai unha globalización económica, pero creo que aínda é un concepto máis amplo, hai unha auténtica globalización. Unha globalización que é económica, pero globalización tamén no medio ambiente, globalización cultural, globalización na comunicación, globalización na saúde e tamén a necesidade dunha globalización política que estea á altura dos auténticos procesos de globalización que se están producindo no conxunto do mundo.

Pero se nos acercamos máis á realidade de Galicia, que está inmersa, sen dúbida ningunha, en todo ese marco, todos sabemos que Galicia vive, como o conxunto dos países europeos, dos países industrializados, unha crise, pero aquí a crise é máis aguda, aquí a crise é máis profunda ca no resto de Europa. Aquí a crise é unha crise que nos distancia, que abre unha fenda que nos separa da evolución de Europa durante estes anos, e, ó mesmo tempo, é unha crise máis profunda en materia de emprego.

Aquí en Galicia están presentes as dificultades da crise internacional, pero están presentes as dificultades nunha dimensión distinta. Por unha parte, hai as dificultades dunha crise de carácter cíclico, pero, por

otra parte, están as propias dificultades dunha estrutura de Galicia con eivas e atrancos que debemos superar. Por así dicilo, hai un compoñente coxuntural na crise común co resto dos países do noso contorno, pero hai un compoñente estrutural de Galicia, un compoñente específico do noso país que é, desde o meu punto de vista, onde deberíamos tratar de situa-lo debate político de hoxe.

Eu quixera, ademais, expresar con toda claridade que eu teño confianza na capacidade e no futuro de Galicia, teño plena confianza. Non soamente teño esa confianza porque teño a sensación de que Galicia como país está dentro dos países con máis liberdade, con máis progreso e cunha convivencia de maior cohesión do mundo -vivimos entre o 10% dos países máis privilexiados do mundo a pesar de tódolos nosos problemas-, por así dicilo estamos correndo unha final de olimpiada, estamos xa na final, nesas que corren a final, e, sen dúbida ningunha, ese é un gran reto, pero é tamén unha grande oportunidade.

Probablemente, algúns desexarían que non estivesemos nesa final, probablemente teríamos menos retos, sería todo distinto, os retos serían de menor entidade, pero tamén as oportunidades serían moi inferiores, e eu teño plena confianza no futuro de Galicia, teño plena confianza porque aquí aínda hai moito que facer.

Se pensamos co resto de Europa, aquí estamos no 60% da riqueza europea, polo tanto haberá moita riqueza que construír no noso país, hai moitas oportunidades de negocio aínda que realizar en Galicia respecto do espacio no que estamos vivindo, e as oportunidades de negocio son realmente os motores da economía. Hai expectativas de negocio para realizar en Galicia proximamente. Hai tamén unha actuación moi destacada en materia de infraestruturas, unha actuación que, desde o noso punto de vista, vai cambiar historicamente o balance son realmente os motores da economía. Hai expectativas de negocio para realizar en Galicia proximamente. Hai tamén unha actuación moi destacada en materia de infraestruturas, unha actuación que, desde o noso punto de vista, vai cambiar historicamente o balance de infraestruturas do noso país. E aí hai unha actuación importante do Goberno do Estado: están as autovías, están o gas e está a políticas de comunicacións.

Contamos, ademais, cos mellores recursos humanos que nunca tivo Galicia; en particular, contamos coa xuventude máis preparada da nosa historia. Ó mesmo tempo, somos libres e hoxe podemos mirar cara ó mundo. Este non é un país que estea cativo nin é un país que viva de costas ó seu contorno. Polo tanto, Galicia ten unha posición envexable, e é vostede o máximo responsable, señor Fraga Iribarne, de que todo este potencial se aproveite, de que se multiplique, de que Galicia gañe e de que estas eleccións non sexan soamente unhas eleccións que ofrezan uns resultados electorais. A nosa obriga é facer que estas eleccións ofrezan resultados positivos para o noso país, para Galicia.

Para iso, desde o meu punto de vista, hai soamente un camiño: se o mundo cambia, se o mundo está nun auténtico proceso de transformación, o que hai é que cambiar, hai que construír unha Galicia ou un país con capacidade de evolucionar.

O Grupo Socialista defende dous valores: o valor da liberdade e o valor da solidariedade. E considera que eses dous valores deben traducirse permanentemente nunha política de reformas, nunha política de cambios. Esta lexislatura debería ser para Galicia unha política de cambios na nosa base económica, cambios económicos, cambios na política social, cambios no noso concepto de autonomía, cambios tamén de carácter político na nosa convivencia democrática. Son catro impulsos: un impulso económico, un impulso social, un impulso de autogoberno e un impulso político de convivencia democrática que nós pensamos que hai que darlle ó noso país.

A min agradaríame comezar a aborda-los auténticos problemas concretos de Galicia, os problemas do noso país.

En materia económica nós non agardabamos aquí fórmulas máxicas nin fórmulas milagrosas. Non as hai. Non hai receitas para facer que a situación neste país cambie nun período inmediato, radicalmente. Pero si agardabamos solucións concretas, agardabamos compromisos reais diante dos graves problemas do noso país. Iso si que o agardabamos e iso é o que botamos en falta.

Todos dicimos que hai un gran obxectivo -para nós o primeiro obxectivo da política en Galicia- que é cre-

ar emprego. Só podemos conseguilo, ademais, realizando unha operación de modernización e ó mesmo tempo de ampliación do noso aparello productivo; é dicir, preparando Galicia para a saída da crise. Cando en Europa comeza a saída da crise en 1983, en Galicia retrásase a mesma ata 1987. Son catro anos de desfasamento entre o comezo da recuperación en Europa e o comezo da recuperación en Galicia. Nós pensamos que a realidade actual é distinta, que deberíamos ser capaces de acelera-lo ritmo de cambios para que Galicia se incorpore inmediatamente no proceso de recuperación.

Pois ben, na súa exposición atopamos grandes lagoas en materia de política económica. Non hai ningunha referencia na súa exposición de antonte a unha política presupostaria. A política presupostaria é un instrumento fundamental da política económica e aquí non se expuxo nesta Cámara ningún tipo de orientación en materia de política presupostaria.

Hai unha carencia de referencia a unha política de relacións industriais. É fundamental dicir como adaptámo-las as relacións industriais que existen en Galicia á nova realidade que estamos vivindo.

Hai unha carencia dunha referencia de vostede, que quere participar -e paréceme lexítimo- no Consello Económico e Social, ás reformas laborais, unha referencia auténtica, -logo falaremos dese tema-.

Non hai ningún tipo de reformas estruturais nos distintos sectores productivos. Aquí non se presenta ningunha iniciativa, nin en agricultura nin en pesca nin en industria. Pero por non haber nin sequera hai unha referencia ó comercio; non se menciona en todo o seu discurso, non hai nin unha soa palabra dedicada ó comercio.

O capítulo do comercio non existe dentro da súa exposición, non hai política presupostaria, non hai política de reformas estruturais, non hai política de relacións industriais nin de relacións laborais, non hai política comercial. Polo tanto, ¿en que consiste realmente a súa política económica? A min gustaríame sabelo. Se eu tivese que cualificar, como un profesor cualifica un exame -se isto fose un exame-, eu, realmente, señor Fraga Iribarne, diría que vostede non se presentou a falar de política económica. Vostede dirá que o 17 de outubro xa tivo unha boa cualificación.

Pero na cualificación parlamentaria, na súa obriga seguinte despois do 17 de outubro, vostede deixou en branco todo o capítulo económico.

Mire, habería que falar non digo de política presupostaria pero si de orientacións da política presupostaria. O debate presupostario terémolo axiña e eu díggolle que o Grupo Parlamentario Socialista está disposto a que non exista interrupción no período de sesións para que os presupostos de Galicia cheguen a tempo, puntualmente. Pode contar con tódolos días hábiles unha vez que finalice este período de sesións para que Galicia conte inmediatamente co seu presuposto. Pero vostede, nos próximos catro anos, vai administrar, como mínimo, catro millóns de pesetas por cada familia de Galicia. E nós quixeramos hoxe que vostede deseñase cal vai se-la dieta presupostaria, e cando falemos dos presupostos veremos se vostede observa ou non a dieta que vostede deseña agora.

Vostede non fala de austeridade, non falou para nada de austeridade a pesar de que estamos atravesando unha grave crise. É máis, a primeira información que saíu nos medios de comunicación é que o primeiro que ían facer vostedes era comprar un pazo presidencial. Mire, eu píddolle con toda sinceridade, señor Fraga Iribarne, que mentres esteamos en crise e non consigamos crear emprego en Galicia, que vostede tamén apertase o cinto. Eu pediríalle con toda seriedade; paréceme que sería unha boa mostra para as familias de Galicia que nos momentos de crise pasan dificultades.

Non se fala para nada de gasto corrente. ¿Que vai pasar cos cadros de persoal? Nós ofreciamos un criterio claro, que era concela-los cadros de persoal excepto en educación e en sanidade. A min gustaríame saber que é o que se vai facer nesta materia porque a miña preocupación é que, por exemplo, en materia de sanidade están diminuindo os cadros de persoal, e ó mellor o que ocorre é que diminúen onde non deben diminuír e aumentan onde non deben aumentar. Nos servizos públicos, ó mellor prioritarios, diminúen e, sen embargo, aumentan nos sectores que se refiren a aspectos burocráticos.

Debería haber compromisos claros sobre a evolución do gasto corrente; compromisos respecto dos gastos inmateriais ou de propaganda, iso que se deno-

mina "marketing". Eu sei que pode ser rendible utilizar gastos inmateriais ou de propaganda, pero considero que, moitas veces, a rendibilidade política debe dar paso á rendibilidade social que é a máis importante. Eses recursos podían ser máis útiles a Galicia dedicados a atender outras necesidades.

Deberíamos saber cales son as súas orientacións en materia de investimento, se se vai financiar cunha política de aforro por parte da Comunidade Autónoma ou se vai financiar apelando novamente á débeda pública. Estas son cuestións que se deberían abordar nun debate de investidura. Eu non lle pido aquí que me concrete un presuposto pero si que me fale, en materia económica, de cales son as súas orientacións presupostarias.

Non se falou da política de empresa como tal. Creo que non se pode despachar con tópicos. ¿Cales deben ser as condicións para dar incentivos? Deberían explicarse con claridade.

A primeira é que sexa necesario. Creo que iso é fundamental. Se hai empresas que teñen recursos para investir non se lle deben dar incentivos. Os incentivos son para que unha decisión empresarial que se adoptaría se non existise a axuda deixe de adoptarse. Pero se hai recursos para adoptar esa decisión, vostede debería aplicar ese principio de subsidiariedade. Porque o principio de subsidiariedade é que quen ten recursos que os utilice. Hai que tratar de que as axudas sexan para promover as iniciativas que carecen de recursos, para que as persoas que teñen proxectos pero non teñen capital poidan realizalos; é unha contribución, ademais, á mobilidade social: que existan persoas que poidan chegar a realiza-los seus proxectos.

Pero, sobre todo, eu quixera dicir algo en materia empresarial: a min non me preocupa que veñan empresas e que veñan investimentos estranxeiros. Prefiro que veñan aquí as empresas á que ocorra o que pasou historicamente: que teñan que i-los traballadores galegos onde hai empresas. Que veñan aquí os investimentos e que veñan aquí as empresas. Iso é o que prefiro. Pero tamén teño algo moi claro: sobre as oportunidades de negocio que existen en Galicia, desde o meu punto de vista, a prioridade deben ter as empresas galegas. Hai que deixar con toda claridade que eles sexan os primeiros que teñan oportuni-

des de negocio. Non por unha política proteccionista, non, non vai ser a condición de "sesteir", senón por unha política de construción dun país. Eles terán que competir e que ofrecer boas condicións, pero deben saber que a preferencia do Goberno de Galicia son os empresarios galegos.

Cando falamos dunha política de aproveitar os recursos endóxeos, o primeiro recurso que ten o noso país son os nosos empresarios, os empresarios de Galicia, empresarios que aposten polo noso país, que en moitas ocasións prefiren construír país, capitalizar empresa, en lugar de aproveitar oportunidades de rendibilidade fóra de Galicia. Eu creo que iso é un mérito e que, polo tanto, iso se debe incentivar.

Debemos crear unha cultura de empresarios galegos se queremos ser competitivos como país, pero, ademais, debemos facer algo máis: tratar de que en Galicia se creen grupos empresariais. Eses grupos empresariais que se axudan os uns ós outros e que nos momentos difíciles uns poden servir para absorber as dificultades dos outros, incluso en materia de cadros de persoal. Iso é o que realizan países nos que non existen tantos problemas sociais: grupos empresariais. Por iso, eu creo que en materia empresarial sería moi importante anunciar dúas medidas moi claras: unha sería favorecer os empresarios galegos, pero favorecer os facilitándolles os accesos a tódolos concursos públicos dentro do noso país. E a outra, favorecer a existencia de grupos empresariais. ¿Estaría mal que nas grandes contratacións mirásemos cales son os provedores? ¿Estaría mal que tratásemos de que as grandes compañías que realizan actuacións dentro de Galicia utilizen produtos galegos nesas actuacións, normalizándoos e tratando de preservar os seus intereses? A min paréceme que esa é a política empresarial de construción real dun país. Esa política que a nós, realmente, nos interesaría. É unha nova política de relacións industriais, unha política de relacións industriais que se equipara á nova realidade.

Vivimos durante moito tempo nunha economía proteccionista, nunha economía pechada na que existían parcelas de mercado cativo e na que era normal que o antagonismo fose entre empresarios e traballadores por como se reparte a rendibilidade da empresa. Pero unha vez que vivimos nun sistema de economía aberta é necesario establecer unha nova cultura, unha

cultura de alianza e de colaboración entre empresarios e traballadores.

Mire, eu pódolle asegurar que, desde o meu punto de vista, é tan censurable o empresario que descapitaliza unha empresa e que se comporta coma un especulador có traballador que a debilita e, polo tanto, non asume responsabilidades respecto da súa evolución. Considero que hai que establecer un obxectivo común: a competitividade. Pero unha competitividade que non é unha abstracción. É para asegura-la viabilidade da empresa. É unha competitividade que debe consistir nun reparto equitativo dos rendementos das empresas; un reparto equitativo non soamente nos momentos de dificultade, cando moitas veces se alude a que é necesario modera-la política salarial senón que tamén é necesario un reparto equitativo nos momentos de auxe, nos momentos nos que van ben as cousas.

É necesario, ademais, eleva-lo ánimo, porque é necesario aplicar valores de solidariedade, valores de cooperación. Eses son os valores que nós defendemos para o noso aparello productivo tamén nos momentos de crise. Porque hai que mirar cara a fóra. Nas relacións empresariais debemos tratar de prima-la capacidade de investimento e a capacidade de crear emprego. Polo tanto, se existe unha moderación de beneficios para investir ou se existe unha moderación salarial para manter ou crear emprego, nós pensamos que se está facendo unha política no sentido correcto.

Non se pode falar, realmente, de relacións industriais se non se presenta unha política de concertación. E aquí non se formulou en ningún caso a palabra concertación nin a palabra diálogo. Vostede falaba pola mañá de que estaba disposto a discutir as cuestións. Nós confiamos en que, se se abre, realmente, un diálogo en Galicia, non sexa como o que ofreceu hai catro anos no seu propio discurso de investidura, no que dixo que habería diálogo pero nunca se abriron as portas do Pazo de Raxoi para manter ningún tipo de diálogo político.

Mire vostede, en materia de emprego está en marcha unha reforma laboral. A reforma laboral é unha condición necesaria, probablemente non sexa unha condición suficiente, pero a min me parece moi grave que vostede trate de rexeita-lo que se chama o reparto

do tempo de traballo. Sen dúbida ningunha que non vai ser unha panacea o reparto do tempo do traballo, pero pode contribuír a solucionar problemas concretos.

En Francia diminúese en moitas ocasións a xornada dos traballadores, e diminúense tamén as súas retribucións para evitar despedimentos en empresas en crise, pode ser útil neses casos. E os contratos de tempo parcial, que responden a unha xornada inferior de traballo, son unha mostra de flexibilidade nunha sociedade cada vez máis complexa.

Vostede aquí está facendo unha política conservadora, señor Fraga Iribarne, pero é unha política reaccionaria, é ir no sentido contrario do que se está indo en Europa. No Libro branco europeo considérase como un elemento fundamental de discusión o tema da redución do tempo de traballo ou o tema dos contratos a tempo parcial. Son elementos, sen dúbida ningunha non son a clave, non son a panacea de tódolos problemas, pero pode haber casos nos que sexan útiles, e neses casos debe haber posibilidades de aprovelos.

Pero é que, ademais diso, se vostede quere entrar e a min paréceme ben- no Consello Económico Social, se pretende que Galicia participe no Consello de Política Económica e Social, a min agradaríame que vostede se pronunciase sobre se están ben, por exemplo, os contratos a tempo parcial nunha sociedade que está evolucionando e que necesita flexibilidade, que permitan incorporar a moita xente ó mundo laboral. Hai países con tres veces máis de persoas en Europa adiante que teñen contratos a tempo parcial. Hai moitas mulleres e moitos mozos que poderían incorporarse ó mundo do traballo cun contrato de aprendizaxe. Establecelo novamente ou establecer algún tipo de normas que permitan uns contratos de maior flexibilidade para actividades de menos de 16 horas á semana, ou favorecer contratacións bonificadas.

Mire, señor Fraga Iribarne, a min preocúpame que vostede diga que non lle gusta que exista un nivel tan importante de protección ó desemprego dentro de Europa. Eu podería estar de acordo se vostede dixese que a protección non debe ser en pasivo, senón que debe ser en activo; con formación, pero non de brazos

cruzados; a min iso si que me gustaría, pero a protección ás persoas en situación de necesidade debe existir, e debe existir tamén o combate da fraude, da fraude en tódalas súas dimensións.

Polo tanto, eu quero dicirlle que, por que non, persoas que estan en situación de desemprego, poderían incorporarse, para non estar en pasivo, a reforzar entidades sen ánimo de lucro ou entidades públicas, e así fortalece-las iniciativas de solidariedade que existen dentro do noso país. Iso sería importante.

Vostede terá que explicar en que consiste o Plan de emprego xuvenil, vostede falou del, pero eu non podo evitar lembrarme de que hai catro anos vostede subiu a esta mesma tribuna no seu discurso de investigación dixo que desenvolverían un plan específico de emprego xuvenil. Non podo evitar lembrarme diso, hai catro anos o anunciou e non o cumpriu.

Volvouse a lembrar do emprego xuvenil na campaña electoral, e a min me gustaría que me dixese en que consiste ese plan de emprego xuvenil, se é simplemente coller distintas actuacións que están dispersas hoxe na acción do Goberno e poñelas todas elas baixo unha mesma etiqueta; aí non aparecerá nada novo, e se é algo distinto de todo iso que existía, dígame que recursos vai ter, canta vai se-la dotación do Plan de emprego xuvenil, pero a dotación adicional, non a dotación que consista en traspasa-los recursos simplemente dunha etiqueta a outra etiqueta para face-las mesmas cousas. Dígame a dotación, dígame as súas previsións.

Falemos de agricultura, porque neste país a cuarta parte da súa poboación ocupada dedícase á agricultura. ¿Vostede considera que se os grandes protagonistas son os labradores, son a xente do campo, os agricultores, non se fale nin de asociacionismo nin de cooperativismo, que non se nos proponían reformas estruturais, que nin sequera se fale dunha política de ordenación territorial dentro do noso país -que é unha das necesidades fundamentais, tamén, como marco para abordar problemas agrarios- que non se fale de procesos de concentración parcelaria nin de modificación do tamaño das terras, que non se fale de modernización de explotacións en materia agraria, que non se aluda á calidade alimentaria, que son temas funda-

mentais e que son os temas autenticamente vertebrais en materia de agricultura, ou no que se refire ó leite?

Eu voulle dicir algo con toda claridade, os agricultores franceses son o 6% da súa poboación ocupada, tódolos agricultores franceses son o 6%. Os que producen leite en Galicia son o 10% como mínimo, como mínimo o 10% da nosa poboación agraria. Se Francia defende con enerxía e con vigor os intereses dunha parte dese 6% ante dunha negociación internacional do GATT, eu creo que aquí en Galicia debemos defender con uñas e dentes o noso sector leiteiro, pero defendelo institucionalmente.

Para min defende-lo sector leiteiro non é un problema de verbalismo, é un problema auténtico de eficacia. Nós queremos un sector leiteiro europeo, pensamos que o leite en Galicia non pode vivir de espaldas a Europa. Cando vostedes falaban da deslocalización, a cota é precisamente o contrario da deslocalización, é que exista unha localización da produción, e a min eso paréceme importante que contemos con sectores nos que existan garantías de produción, como o sector agrícola.

E, ademais, dígolle, nós queremos se-los líderes da produción leiteira en España, por iso eu creo que hai un criterio fundamental que deberíamos explicar con toda claridade dentro deste Parlamento, e é que non aceptemos fronteiras para a produción leiteira dentro de España, o peor que podería ocorrer en España é que ó problema do leite lle puxésemos fronteiras no Padornelo. Debemos tratar de que exista unha produción leiteira no ámbito español, e nós tratar de gañar toda a capacidade de produción de que sexamos capaces pola mellora das nosas explotacións. Esa, desde o meu punto de vista, é unha das solucións, outra solución virá pola integración.

Ese grupo lácteo é un punto de partida para nós, debía ser un grupo lácteo de base máis ampla e puido ser un grupo lácteo de base máis ampla, pero iso aínda queda curto para as necesidades de evolución do noso sector. Se queremos que teñan rendas debe existir unha integración entre a produción, a transformación e unha capacidade maior de negociación coas grandes superficies, iso é fundamental, se non existe esa capacidade de negociación esmorecerá a nosa produción, quedaremos a expensas do que outro nos



marque e as nosas rendas irán diminuíndo inexorablemente, señor Fraga Iribarne.

Sería necesario falar de política forestal. En canto á política forestal lémbrolle que, efectivamente, neste Parlamento se discutiu o que poderían se-las liñas xerais dun plan forestal. Ó final chegouse ó acordo nunhas bases en materia forestal, pero esas bases en materia forestal esixían dous compromisos que vostedes hoxe aquí deberían asumir.

O primeiro compromiso sería ofrecer un cadro presupostario en materia forestal, porque, claro, a literatura é literatura, o papel aguanta o que lle poñan enriba, pero é necesario que exista auténticamente un compromiso da Xunta de Galicia de recursos constantes para investir en materia forestal.

En segundo lugar, o que necesitamos tamén é unha Lei de ordenación forestal, unha lei que regule onde se deben realizar e como se deben realiza-las actividades forestais, pois non podemos tampouco permitir que os terreos máis aptos, ó mellor, para horta ou para determinadas producións, sexan terreos que se dediquen á produción forestal. Debía existir unha lei de ordenación forestal, era un compromiso, ademais, que vostede aquí debía asumir como propio.

En materia pesqueira, esas 25.000 familias que se dedican ó marisqueo, ¿que compromisos concretos reciben de vostede hoxe? A min gustaríame que vostede asumise compromisos.

Ou na acuicultura, o mexillón e o rodaballo, que hai que fortalece-las empresas galegas. Vostede pode hoxe, aquí, transmitirle unha mensaxe auténtica de compromiso a ese sector, e pode realmente transmitir a mensaxe de que na pesca imos traballar cóbado con cóbado todos. Vostede sabe que traballando cóbado con cóbado todos é mellor.

E un sector que vai estar sometido a tensións, que vai ter problemas, polo tanto, na crise dos conxeladores, na modernización do Gran Sol, ¿cantas iniciativas se poderán abordar traballando xuntos e en diálogo? Desde o meu punto de vista sería moi importante, señor Fraga Iribarne.

A política comercial. Hai 130.000 persoas que están ocupadas no comercio de Galicia, vostede non se

ocupou delas, pero están aí. É, ademais, un sector, o comercial, que tampouco está sometido a ese risco do que vostede falaba, ó risco da deslocalización. O sector da distribución é por natureza un sector local, vai estar aquí, e se imos, ademais, a unha sociedade na que o sector servicios vai ter unha parte importante, tamén terá unha vantaxe importante de localización.

Deberemos apoiar os nosos comerciantes, deberemos apoialos, a verdade é que nos últimos anos, dende o ano 1975 en España, e en Galicia posteriormente, a partir do ano 1984, están aparecendo as grandes superficies. Nós pensamos que iso introduce unha nova dinámica empresarial e debera permitir unha resposta por parte da Xunta de Galicia. Non podemos deixar que exista unha competencia desigual, debemos tratar de regula-la competencia, pero non para protexer a base da ineficiencia ou da involución do sector comercial, senón para que se modernice o sector comercial, para que o faga axeitadamente, e aquí era necesario que vostede falase de medidas concretas: de medidas de axuda, de urbanismo comercial, de venda a domicilio, de reparto domiciliario, de asociaciónismo, de formación, de vixilancia, hai cantidade de iniciativas en materia comercial que vostede nin sequera se dignou considerar, a min paréceme moi grave.

E cando falamos da política social, mire, as políticas de benestar non son unhas políticas máis, son, para dicilo con toda claridade, o estilo europeo de vida, o modo europeo de vida, esas son as políticas do benestar. Eso o que fai é que sepamos que a diferenza está entre estar en Dublín ou en París ou estar en Nueva York ou estar en Tokio ou en calquer outro punto do mundo. Son as políticas de benestar as que marcan o modo europeo de vida, e sempre os políticos conservadores aproveitan os momentos de crise para tratar de organizarlle os funerais ó Estado de benestar e ás políticas do benestar.

Eu considero que nos momentos de crise son precisamente as políticas do benestar as que están evitando o afundimento da actividade económica, as que están mantendo a demanda a través das rendas que reciben os pensionistas que logo lles van comprar ós nosos pequenos e medianos comercios, as que sosteñen a capacidade de adquisición dos nosos desempregados. Loxicamente será necesario facer un Estado de

benestar coherente coa nosa capacidade económica, pero sempre será irrenunciábel ter un Estado de benestar. Nós pensamos que poñelo en cuestión é unha grande irresponsabilidade política, un obxectivo fundamental en Europa, é mante-lo Estado de benestar, é facer unha política de servizos sociais. Aquí non se pode organizar un Goberno pensando que trato lles damos ós que están na liña do señor Cuiña e como compensamos ó señor Romay, e o "pato" vano pagalos servizos sociais.

Esa é a política do Partido Popular, eliminémo-lo Ministerio de Asuntos Sociais, en Galicia eliminémo-los servizos sociais dentro da atención e do compromiso fundamental do Goberno. A min paréceme moi grave porque os servizos sociais teñen entidade propia, deben ter unha voz autónoma dentro do Goberno que lles fale con autoridade, que lles fale ó resto das consellerías, que lle fale a sanidade, que lle fale a educación, que lle fale a industria, que lle fale a todas as consellerías e que teña algo que dicir sempre que se discuta algo no gabinete. Pensamos que ese non é o camiño correcto, señor Fraga, é unha demostración dunha reacción que se vai producir a partir de agora en Galicia e que nós non desexamos. Pasados catro anos non foi capaz de tomar unha medida desta natureza, e parécenos moi grave que o ter máis respaldo agora sexa capaz, como primeira medida, de sacrificalos servizos sociais.

En materia de sanidade cambiou o ton da intervención despois das eleccións, hoxe recoñécese que hai longas listas de espera, hoxe recoñécese que hai longas listas de espera, admítese tamén que é necesario abordar-los problemas dos enfermos de cancro, que son unha parte moi importante dos enfermos do noso país.

Pero eu aí voulle expoñer catro cuestións, catro cuestións que me gustaría que vostede me contestase:

Vostede dicía que debía existir a posibilidade dunha oferta privada, de que puidese acudir á oferta privada. ¿Iso que significa?, iso debe explicalo. ¿Iso significa que imos contra o modelo de sanidade pública? A min gustaría saberlo. ¿Significa simplemente que calquera galego vai a calquera clínica privada e nós pagámo-las facturas? Iso o que significa é unha situación de bancarota no sistema sanitario, iso

significa que non faremos un aumento da dotación sanitaria pública en Galicia.

¿Significaría que vostede considera que cada un pode facer un seguro e os que non queiran, ou non teñan medios para asegurarse, van ó sistema público? Iso o que significaría sería simplemente que os sans e os mozos terían un seguro asequible, o resto terían problemas neste país e sería unha inxusticia.

¿Qué significa? Que se pode ir á oferta privada que está concertada?, pero iso non é ningunha novidade, iso é o que está ocorrendo actualmente en materia sanitaria. A oferta privada concertada, loxicamente, está dentro do sistema, polo tanto, se admite o sistema sanitario dígo claramente, non xogue coas expectativas da xente, porque nos estamos xogando cuestións bastante importantes. Incluso as súas palabras poden provocar unha disuasión de sectores sociais que podían estar pensando en investir en materia sanitaria dentro do noso país.

Mire vostede, gustaríame saber que porcentaxe de poboación ten vostede como obxectivo en atención primaria. Gustaríame saber, tamén, cando vostede di que se rematará a construción do hospital de Santiago, da Costa Atlántica, do Barbanza e do Salnés, iso que é, ¿remata-la construción ou poñelos en funcionamento? Eu creo que debía comprometerse a poñelos en funcionamento, que é distinto que remata-la construción. A construción pode rematar, incluso, a finais da lexislatura sen que se abra ningún destes hospitais, e nós pensamos que levan demasiado tempo agardando para que nin sequera exista un compromiso de posta real e completa en funcionamento.

Ademais gustaríame saber, ¿vai haber unha elección de médicos xerais, de pediatras, de xinecólogo? ¿Estamos en condicións de asumir un compromiso, de mellora-la calidade sanitaria ata ess extremos? A min gustaríame saberlo.

En materia de drogas, señor Fraga Iribarne -señor presidente, non vou abusar, loxicamente, da súa amabilidade, vou abreviar, pero lémbrolle tamén que o discurso do señor candidato foi de dúas horas e media, excepcionalmente longo. En calquera caso vou abreviar, agradecendo a súa xenerosidade-, o pasado domingo houbo unha importante mobilización en Vilagarcía. Unha manifestación que revela que é un

dos problemas máis sensibles que existen dentro do noso país. Todos queremos recupera-los mozos, os mozos que son vítimas da droga, recuperalos para a sociedade. Hai que construír unha sociedade con tódolos galegos, pero un problema desa envergadura non se pode resolver simplemente citándoo, é necesario que a droga, que é un dos problemas que máis lle preocupa á nosa xente, reciba, pola súa parte, tamén, unha referencia e un compromiso de Goberno.

¿Qué se vai facer en prevención? ¿Qué servicios de atención se van establecer? ¿Cómo se vai colaborar coas asociación e coas entidades? ¿Vai haber prazas de desintoxicación? ¿Qué vai ocorrer coas comunidades terapéuticas, que son insuficientes? ¿Imos impulsar-la reinsertión laboral dos mozos que padecen as drogodependencias? Esas son preguntas, estes son compromisos concretos que deberían estar aquí e que deberían resolverse.

Ou no tema da SIDA,. Hoxe é o día da SIDA, e eu, se me permiten un pouco esa broma, diría que vostede debería dicilo claramente, a SIDA contráese -todo o mundo o di- fundamentalmente por ignorancia, por falta de información, hai sistemas de prevención da SIDA, e os seus correligionarios dino moitas veces: "todos con don Manuel". Vostede repita o mesmo, saque o de don Manuel se lle dá pudor, pero, realmente, a SIDA pódese evitar utilizando un preservativo, utilizando un condón, señor Fraga Iribarne. A min páreceme que non debe dar ningún pudor dicir ningunha palabra se con iso lle prestamos un servicio ó país, se con iso situamos unha barreira fronte á enfermidade. Vostede debería asumilo, non soamente poñer aquí un lacito, senón comprometerse, comprometerse co que iso significa, o resto páreceme que é simplemente un xesto de imaxe.

Ou en materia de educación. Mire, ¿van escolarizar ata os 16 anos? ¿Asumen o compromiso nesta lexislatura de escolarizar a tódolos mozos galegos ata os 16 anos? ¿Van impulsar-la educación especial dos minusválidos? ¿Esa imbricación da formación na sociedade podería ter un xesto colaborando máis intensamente coas APAS? É en Galicia onde as APAS teñen o papel menor de todo o sistema educativo de España. Aquí, onde se fala da familia, resulta que as APAS en materia educativa están absolutamente postergadas.

Ou en materia universitaria. ¿Qué taxas universitarias prevé vostede para o 1997? ¿Qué novas titulacións? ¿Realmente imos te-los sete campus universitarios para o ano 1997? Eses serían compromisos.

Qué vai facer para que as vivendas se constrúan, pero que se constrúan onde son máis necesarias. Son necesarias en toda Galicia, pero son máis necesarias nas grandes cidades, neses grandes núcleos é onde hai maior problema e, ademais, maior carestía. ¿Qué vai facer para que alí onde hai necesidades exista tamén a construción?

Mire, eu vou rematar falando simplemente do tema que vostede creo que tratou con maior relevo, que é o tema do autogoberno.

Hai tres manifestacións do autogoberno de Galicia desde o meu punto de vista. Unha é a autonomía, outra é un autogoberno en exclusiva e outra é participar no autogoberno da nova España e da Unión Europea. Son as manifestacións do autogoberno dos galegos, e eu son dos que cre que non se constrúe Europa xogando ó solitario, Europa constrúese co resto dos europeos, e a nova España constrúese co resto dos españois.

En materia de autogoberno eu lle debo dicir que para nós é necesario un equilibrio entre o dereito á diferencia que temos como pobo, para que non se converta en diferenza de dereitos, para que iso non sexa un freo á equiparación, á homoxeneidade das nosas condicións de vida con España e con Europa. Polo tanto, como plasmación do noso autogoberno, toda autonomía que sexa compatible coa solidariedade e coa cohesión. Non queremos que a Autonomía, en ningún caso, sexa o que xustifique as desigualdades ou as discriminacións, non debe existir. Sempre que se cumpra ese requisito non haberá ningún inconveniente desde o Grupo Parlamentario Socialista.

Vostede sabe que temos diferencias de criterios respecto da Administración única, non nos gusta nin a proposta nin o concepto, pero eu lle propono aquí utilizar un método europeo. En Europa se esquece o debate de nomes e se entra a analizar propostas concretas. Eu creo que poderíamos utilizar ese esquema europeo, mirar caso por caso. Se realmente vostede considera un obxectivo a transferencia do ISM, do Instituto Social da Mariña, nese caso podemos coinci-

dir. Miremos en que temas podemos coincidir, que pasos concretos podemos dar.

Nós pensamos que se podían facer tres cuestións en materia autonómica. A primeira sería, nesta lexislatura, completar tódalas transferencias do Estatuto, e para iso existe, desde o noso punto de vista, un órgano que é a Comisión Mixta e a participación de tódolos grupos da Cámara. Ese sería un obxectivo importante, nós estaríamos dispostos a establecer posicións comúns no desenvolvemento do noso autogoberno, estaríamos dispostos, non existiría, desde o noso punto de vista, ningún inconveniente, en que se buscara un instrumento político. Pode ser unha comisión de federalización, se vostede considera que é a federalización, se se suma a ese propósito, non hai inconveniente. A lóxica cooperativa, a lóxica federal é a que nós defendemos, pero pode existir un diálogo sobre o desenvolvemento do autogoberno en Galicia.

O mesmo tempo hai outro gran obxectivo, a descentralización, a dotación de poder ós concellos, e pensamos que aí tamén debe existir diálogo político e institucional.

No financiamento autonómico direille exactamente o mesmo criterio, toda autonomía que non sexa incompatible coa discriminación nin a desigualdade. Nós actualmente achegamos ó Estado 100 ptas. e recibimos 136 do Estado. Vostede di ben, diminuímos os recursos do Estado, pero garanta Ben, garantee antes que iso significa que imos seguir tendo 136 ptas. Se iso se garante, nós encantados de que Galicia poida financia-lo nivel de renda dispoñible que ten na actualidade, e o que queremos é financeiro nós, por así dicilo, non que nolo financien. Se vai nese sentido, en aumenta-la capacidade deste país, aumenta-la súa renda dispoñible sen necesitar dos demais, ese é un reto importante, e paréceme que nese reto todos poderíamos ter algo que ofrecer.

Mire, vostede comezou o seu discurso -e xa remato-, retrucando a Cánovas, quen dicía que a política era a arte do posible e vostede dixo que era a arte do imposible. Eu creo que non se pasou ó maio do 68 cando dicían: "Sede realistas, pedide o imposible", creo que vostede non estaba nesa liña porque eu, cando mirei, falaba de que o imposible era facer cambiar para ben a cada un de nós e ó mundo. Ese era para

vostede o concepto do imposible, eu creo que é unha visión un tanto esceptica, creo que a política é a arte do posible, pero de facer posible o necesario e o xusto, e a min agradaríame que estes catro anos, fosen catro anos para facer posible o necesario e o xusto en Galicia.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor Sánchez Presedo

Ten a palabra o señor candidato.

**O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DO GOBERNO (Fraga Iribanre):** Señor presidente, señoras e señores deputados, o señor portavoz do Grupo Socialista anunciou que non queren ser nin cómplices nin corresponsables de nós. Compréndoo perfectamente, sobre todo porque non van ter ocasión, a complicidade supón algún delicto, e nós non pensamos cometer ningún.

En canto a que van a facer unha oposición firme, non o dubido, se non firme, polo menos longa e plúmbea xa vemos que están preparados a facela.

Non se preocupe, nos ofrecémoslle algo, respectámo-la resposta de cada un, pero teño que dicir que non podo rectificar aquilo de que eu aspiro a que cada vez sexan máis os convencidos do que hai que facer en Galicia dentro das nosas teses, iso é esencialmente demócrata, creo que é precisamente bo saber que esperamos atraer máis xente. ¿Ou é que cre vostede que ten unhas zonas reservadas que son súas? Eu comprendo que cos votos que perdeu ultimamente lle preoquese seguir perdendo, iso compréndo calquera, pero, para mellor servizo de Galicia, cantos máis sexámo-los que o que pensámo-lo mesmo, mellor, e, naturalmente, respectando o que pensen os demais, cousa que, por certo, está á vista neste Parlamento.

Di vostede que non presentamos un programa. Presentamos un programa moi extenso ás eleccións e resumímo-lo en dúas horas e cuarto. Por certo, é natural que o candidato a unha investidura presentada polo presidente do Parlamento, e cunha maioría presumible, teña que ter un pouco máis de tempo. Hoxe dáme a impresión de que vostede estaba presentando o seu programa, cousa que, naturalmente, algún día terá

ocasión -eu penso que non será moi pronto-, en todo caso alí se falou de docenas de proxectos de lei, de novos organismos, moita xente dixo que presentaramos demasiadas cousas, e vostede quere que agora, responde ás súas preguntas, adiante o presuposto, adiante as leis, iso, evidentemente, non é posible.

Eu, desde logo, cando vostede falaba de deja vu eu, que non son home de estar cambiando por cambiar, o que parece que lle gusta a vostede, pareceume, iso si, que todo o que dicía vostede non tiña que ver con este Parlamento, como falar de relacións laborais neste momento no Parlamento de Galicia. Vaia vostede a Madrid, convenza os seus amigos do Goberno de que fagan as cousas con mais de xeito para que non teña lugar unha folga xeral, pero falar disto aquí, neste momento, paréceme un rasgo de humor, o cal, por certo, venlle moi ben a vostede, porque non é aficionado ó humor.

Tivo varios rasgos, como aquel de recordar que no 1987, cando chegaron vostedes, empezou a recuperación en Galicia, iso é un humor... Vostede vive no pasado, cando o partido tiña máis votos en Galicia e estivo no Goberno. Vivir no pasado ten, polo menos, unha vantaxe, é máis barato, sobre todo neste tempo de inflación, pero, evidentemente, neste momento quedou perfectamente claro, que se hai quen discute se se debe falar ou non dun futuro sen ideoloxías, o que é seguro é que hai ideoloxías que non teñen futuro. Unha delas é a vosa.

Hai ben pouco tempo, Hayek podíalle dedica-lo o seu "Camino de servidumbre" ós socialistas de tódolos partidos, agora tería dificultades para atopar socialistas no mesmo socialismo.

En todo caso, no momento en que España -pola xestión de vostedes desde o ano 1982- pode comprobar aquela frase de que a sardiña é unha balea que pasou por tódalas fases do desenvolvemento socialista, paréceme que hai un exceso de humor, efectivamente non hai fórmulas máxicas, pero un pouco máis do que estamos vendo, evidentemente é así.

Di vostede que a crise é máis aguda en Galicia. Non é verdade, organismos obxectivos como as cámaras de comercio, como o informe das cámaras de aforro presentado hai pouco na Coruña polo señor Fuentes Quintana indican o contrario, que Galicia está

entre as tres comunidades que están a crecer e que van crecer máis no ano que vén. Non o digo eu. Por certo, en nalgúns documentos oficiais, por exemplo, do Goberno de Madrid vese un aumento da exportación, vese un aumento do investimento estranxeiro, etc. De modo que non acredito niso.

Dime vostede a min que non hai ningunha iniciativa, Ben, outro profesor que me suspende hoxe, xa van dous. Eu fun bastante bo estudante, pero, desde logo, o que non sei eu é a que vén aquí falar do pazo presidencial, sigo vivindo en Roxos moi tranquilo, non fago ningunha excepción doutro tipo, no seu tempo o Partido Socialista ofrecera a súa cooperación, desde logo o meu sucesor, que me temo non vai ser vostede, si pode estar mellor instalado, pero ninguén pensa nestas cousas.

O presuposto, e agradezo moito a actitude do seu grupo de facilitalo, como debe ser, á parte que o Goberno ten facultades para pedi-las sesións extraordinarias necesarias en xaneiro, efectivamente será o momento de discutir todos estes temas.

Relacións industriais. Volvo dicir que Madrid é un bo exemplo disto, pero, evidentemente, é unha competencia inicialmente de aquí. De comercio anunciamos unha nova lei, e así sucesivamente. De maneira que, se lle parece, imos tocar tres ou catro puntos de acusacións que vostede mencionou, sen entrar, como é natural, a facer aquí nesta ocasión, todo o traballo da lexislatura. Unha vez máis, vólvese sobre o tema da débeda Pois ben, a débeda galega deste ano máis a acumulada nos anteriores non supón máis có 32% dos ingresos presupostarios; e a cantidade determinada para amortización representa o 3,2% dos ingresos deste ano. A lei fixa un tope do 25%.

Na Comunidade Autónoma de Madrid, gobernada polos seus amigos, acadouse un 112%, fronte a ese 32% e un 14% de carga financeira; na de Murcia, gobernada por vostedes, é igualmente un 105% e 13%; en Estremadura, gobernada por vostedes, 52% e 12%. Polo tanto, Galicia está exemplarmente situada e iso permite facer investimentos superiores ós de calquera outra Comunidade Autónoma.

Fala vostede, en termos que non sei se son totalmente compatibles co mercado común nacional, establecido pola Constitución, e co mercado común da

Unión Europea que vostede con razón defende, duns apoios especiais ás empresas galegas. ¿A quen hai que dar esas axudas? ¿Ás PEMES? A Xunta de Galicia xestionou máis de 125 mil millóns de pesetas de axudas ás PEMES, fronte ós poucos máis de 40.000 que se administraron no tempo do Goberno tripartito, que son tres anos.

É evidente que a xestión do IGAPE é en favor dos galegos. Agora, nós non podemos evitar, como é lógico, que poidan vir outras empresas, sobre todo de alta tecnoloxía. É máis, estamos obrigados a procurar, por canto sexa posible, que iso ocorra nos parques tecnolóxicos, e así sucesivamente. Pero non lle imos dar ningunha prioridade, máis ben ó contrario.

Fala vostede de agricultura. Pois ben, os plans de concentración parcelaria son perfectamente coñecidos e, por certo, están en perfecta realización. No ano 1994 vaise actuar sobre 180 mil hectáreas. Pero teño que dicir que ó final da lexislatura estaba practicamente cumprido todo o Plan, que vostede coñece, con perfecto financiamento galego e non europeo.

O tema do leite é un tema no cal eu estimo moito que por fin esteamos de acordo en dicirle a Madrid que non se pode rexionalizar, que vaiamos todos xuntos alí. Acepto encantado esa colaboración e non pido máis nada ca iso; digamos todos o mesmo.

Sobre o tema forestal, mire vostede, eu creo que se hai algo que non se lle debe discutir á Xunta, a que funcionou nestes catro anos, é que traballou seriamente o tema forestal que parou os lumes e que presentou un informe serio. Agora vostede quere saber canto poderíamos gastar cada un dos catro anos. Verémolo en cada presuposto; pero teña por certo que o Plan se vai cumprir, que, por certo, é a corenta anos.

Eu teño que dicir que escoitando ó señor Presedo, pareceu que o que sería bo é que o escoitasen en Madrid, onde algunhas das súas diatribas, observacións ou consellos sería moi bo que os tivesen en conta. Pero vir aquí agora, neste momento, a pedir que fagamos ó mesmo tempo un novo marco de relacións industriais...¡Pero se estamos a cumprila lei! Só dicimos que estando garantida publicamente a prestación se poida ve-la xestión como se fai.

Naturalmente que o imos a estudar a fondo e con toda a razón.

Non imos dividi-los servicios sociais, nin sequera a súa organización administrativa. Á parte do que xa anunciei e confirmo, propoñémo-la maior parte (...) sanidade, onde poden ter unha enorme coordinación. Agora mesmo o caso (...) de Oleiros é un caso característico. Nós por fin sacamos do esquecemento a famosa (...) e alí vanse meter esas cousas, anciáns (...) aforrando cartos para dar máis servicio.

Pero aí non se fala do que imos facer coa muller, co neno ou co Plan de emprego xuvenil, que se deu con cifras que manteño (...) Ademais, todo iso dará lugar á creación dunha nova consellería -quero dicilo desde agora- á fronte da cal estará unha muller, unha gran muller. E teño que dicir que de todos estes temas non se pode improvisar nin facer demagogia como tamén se fai no caso das infraestructuras.

É verdade que unha parte das infraestructuras as fai o Estado, pero ¿quen xestionou? ¿quen firmou os convenios? ¿quen aportou para os teléfonos? ¿quen aportou para a gasificación? ¿quen aportou para que fose posible a gasificación? Pois foi a Xunta de Galicia con plans que nunca antes se fixeran.

Teño que dicir que nunha cousa si coincidimos: na confianza no futuro de Galicia e na necesidade do diálogo. Sabe moi ben que eu o ofrezco e que algúns demoran en recolle-la invitación.

En canto ó autogoberno, paréceme, señor Presedo, que un asunto desa importancia podería ser tratado dunha forma máis seria, porque levo catro anos facendo propostas, facendo libros brancos, e pódolle dicir que, desde logo, eu si me alegro moito de que por fin o escoitemos falar decididamente deste tema.

E permítanme que remate cunha broma, vostedes me perdoarán. A SIDA hai moitas formas de collela. As formas de evitala están na propaganda oficial da Xunta de Galicia, non imos repetilas aquí. Pero hai unha forma terrible de tela, que é o aburrimiento. Hoxe imos todos camiño da SIDA.

*(Aplausos).*

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor candidato.

Ten a palabra o señor Sánchez Presedo.

**O señor SÁNCHEZ PRESEDO:** Señor presidente, desde logo, señor Fraga Iribarne, haberá que meter iso no manual de epidemiolóxico deste país: que as enfermidades se contraen polo aburrimiento. Desde logo sería bastante perigoso.

Vostede di que hai ideoloxías que non teñen futuro. Parece que vostede está moi interesado en falar de ideoloxías de futuro ou do futuro das ideoloxías. Eu o único que trataba de facer era falar do futuro deste país, falar do futuro deste país en economía, en política social; falar do futuro deste país en termos de como se pode construí-lo noso autogoberno. Eu, desde logo, creo que o que si ten futuro é a democracia; creo que teñen futuro os valores como os da liberdade e da solidariedade. E pensamos, ademais, que o que non teñen futuro son as políticas que van en contra deses valores, as políticas que van en contra desa dimensión de convivencia en paz e en liberdade que debe existir. Poden triunfar nun determinado momento, pero eu estou convencido de que van en contra do ritmo implacable da historia.

Por iso lle pregunto, xa que vostede di que vai na liña do futuro ¿por que non se restaura o acordo sobre as normas de funcionamento deste Parlamento? Son normas de funcionamento do Parlamento que non teñen ningún tipo de precedente. Eu creo que non vai se-lo futuro dos parlamentos europeos nin o futuro dos parlamentos democráticos que un partido impoña unilateralmente as normas de rogo. Eu creo que o futuro sería, desde o meu punto de vista, buscar un acordo sobre as normas de funcionamento do Parlamento. Sería unha boa oportunidade facelo nesta lexislatura.

Sería tamén bo para o futuro de Galicia facer que neste Parlamento exista debate político coa súa presenza máis periódica, abordando os debates, someténdose a iniciativas de control por parte da oposición. Eu creo que iso sería interesante.

Creo que tamén irá na liña de futuro aproveita-los recursos informáticos que existen na sociedade actual para ofrecer control dos recursos dos cidadáns. ¿Por

que non se crea unha oficina presupostaria neste Parlamento a través da que se poida, en todo momento, coñece-la evolución do Goberno. Eu creo que iso irá na liña de futuro.

Desde o meu punto de vista, señor presidente, poderíase camiñar tamén na liña de futuro da articulación deste país facendo que existan plans únicos de obras e servicios en toda Galicia, facendo que traballen conxuntamente a Xunta e as deputacións en beneficio dos nosos concellos, evitando que existan discriminacións, facendo que exista un trato equitativo con tódolos concellos do noso país, abordando temas importantes que están aí diante de nós e que poden estoupar, como é o tema dos residuos sólidos. Iso ó mellor é aburrido, pero, seguramente, será importante para os cidadáns que se resolva proximamente.

Desde o meu punto de vista, señor Fraga Iribarne, nós queremos falar de Galicia, queremos falar do futuro do noso país, non queremos falar de abstraccións.

Vostede referíase á débeda. Pois ben, imos velo. No presuposto de 1994 imos a te-la dobre carga financeira da que tiñamos anteriormente. A min gustaríame saber se vostede vai seguir acudindo á débeda. Vostede pódeme poñe-las referencias das comunidades autónomas uniprovinciais; é dicir, as que sucederon as deputacións con tódalas súas débedas históricas -débedas que en moitas ocasións incluso corresponden a períodos non democráticos- Vostedes poden poñelo de acordo con iso. Pero, sobre todo, hai que preguntarse ¿para que se utiliza a débeda? ¿Que plans de investimentos existen para financia-la débeda? Debía existir algún elemento de reflexión política para que nós soubesemos como vai manexa-la política económica.

Vostede fala das axudas ás empresas. Séntese moi satisfeito das axudas ás empresas. Nós pensamos que debería existir un compromiso explícito coas empresas galegas para colaborar a que sexan provedoras nos grandes concursos para normaliza-los seus produtos. Pero se vostede quere compromisos concretos, non hai ningún inconveniente. ¿Por que non asume vostede aquí a garantía, que debe darlles por exemplo, ós traballadores de Ferroatlántica, de que se van cumprir-los acordos subscritos e avalados polo

seu Goberno? Porque se está falando de redución de emprego, señor Fraga Iribarne. É unha mostra clara e de actualidade que está hoxe enriba da mesa. ¿Vanse cumprir os acordos? ¿Vaise mante-lo emprego? ¿Vaise cumprir, realmente, tódolos compromisos contraídos polos propietarios e pola Administración autonómica cos traballadores? Sería importante que vostede o asumirse aquí.

Claro, haberá moitos temas que lle resulten alleos, porque vostede chegou aquí e dixo, no seu discurso de investidura, que, probablemente, o labor dun Goberno nunha sociedade actual debía ser coma o dun apuntador de escea. Vostede quere, simplemente, estar coma un apuntador de escena, nin siquera participar na escena. Pero incluso un apuntador de escena pode tratar de dirixirse ós que están realizando a representación da nosa sociedade e falar de novos métodos, de novos valores, de novos comportamentos. Iso é necesario que o realice un Goberno, señor Fraga Iribarne.

Eu o que lle podo dicir é que nos próximos catro anos traballaremos por Galicia, polo noso país. Haberá momentos de coincidencia, haberá momentos de discrepancia. Traballaremos polo noso proxecto político, traballaremos por defende-los intereses dos que nos votaron e por defende-los intereses de tódolos galegos. Os próximos catro anos, señor Fraga Iribarne, quixeramos que fosen anos para o progreso de Galicia. Eu sempre dixen que nunca desexaba o fracaso dun Goberno. Eu desexo o éxito do Goberno e que a alternativa a ese Goberno non veña sobre o fracaso, senón por ser capaces de ofrecer aínda mellores proxectos. O que a min me disgustaría sería que nos próximos catro anos, simplemente, se perdesse o tempo. É unha forma de perde-lo tempo, señor Fraga Iribarne, é declararse permanentemente aburridos.

Máis nada e moitas grazas.

*(Aplausos).*

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor Sánchez Presedo.

Ten a palabra o señor candidato.

**O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DO GOBERNO (Fraga Iribarne):** Señor presidente, se-

ñoras e señores deputados, pódolle asegurar ó señor Sánchez Presedo que, desde logo, tempo para aburrirme teño moi pouco. Diso pode estar absolutamente seguro.

Fala vostede do respecto ás regras deste Parlamento. Ben, pois aplícanse con tal flexibilidade que vostede puido falar hoxe máis do dobre do tempo que lle asignara a Xunta de Portavoces e ninguén dixo nada. Iso é o que estamos a facer.

Sobre o control presupostario acaba de anunciarse un plan de contabilidade que é o primeiro de España, absolutamente observable por todo o mundo. Igualmente, a Administración está a poñer un sistema de información polo cal cada un poderá saber onde están os seus expedientes. Xustamente imos por diante. Como din os paisanos: cando vostede vai nós xa estamos de volta.

En canto ás deputacións e ós concellos nós respetámo-la súa autonomía e tratamos de coordinalos. Vexa o Plan deportivo, por exemplo. É un exemplo mesmo do que vostede acaba de dicir, só que xa está feito.

Pero, en definitiva, o compromiso de Ferroatlántica foi asumido esta mañá. Tódalas partes dos convenios se cumprirán. Naturalmente, non teña dúbida ningunha diso.

Mire, señor Sánchez Presedo, eu hoxe é verdade que fun un pouco maliño dicindo que o seu discurso foi aburrido. Foino, pero quero recordar que eu non describín o seu discurso como fixo vostede co meu o outro día: como un discurso de despedida. Tamén o parecía. Estou seguro de que vostede sabe que aquí todos estamos cos nosos problemas, coas nosas representacións, coas nosas liortas, cos nosos resultados. Pero, en definitiva, o que si somos é xente que representa un sector de ideas. E neste momento o que estamos a asistir é a unha das máis dramáticas, fondas e profundas despedidas do final de século. É ó final, a despedida do socialismo. E non vou falar dos socialismos en xeral. Pense vostede o que foi entre nós un partido, que agora parece ser que xa o de obreiro lle sobra, que foi marxista-leninista nos anos 30, que dixo: "non somos demócratas, somos socialistas". Despois dixo "somos socialdemócratas". Agora, hoxe esqueceuse un pouco ese tema -supoño que con boas



razóns- e quere ser democrata ou "clintoniano", simplemente. Iso si que é unha despedida. A despedida destes días das discusións entre os distintos sectores da esquerda e das discusións cos sindicatos.

Non é una despedida, é -como diría en frase célebre o grande ese de Coiróz- Unha escura desbandada para a morte", esa é a despedida.

*(Aplausos)*

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor candidato.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Vázquez Portomeñe.

**O señor VÁZQUEZ PORTOMEÑE:** Señor presidente, señorías, teño a misión de expoñe-la postura do Grupo Parlamentario Popular, o cal implica falar de Galicia, do programa de investidura, da credibilidade do candidato e non entrar en debate cos señores portavoces dos demais grupos parlamentarios. Fíxoo xa o señor candidato, e cumpridamente. En todo caso, para o debate ocasión teremos.

Dito o cal, eu quero empezar por afirmar que Galicia, o 17 de outubro, acudiu ás urnas nunha porcentaxe que, polo alta, carece de precedentes nas tres eleccións autonómicas anteriores.

En segundo lugar, que nun número non igualado prestoulle aprobación a un programa e manifestouse a prol dunha persoa, de vostede, señor candidato, o cal non admite dúbidas nin debates.

En terceiro lugar, que dese xeito, elixindo programa e candidato, os galegos decidiron o seu propio camiño, decidiron os seus obxectivos e determinaron quen había de gobernalos durante os próximos catro anos. Asinaron o papel de cadaquén, auns -reitéroo- o papel da oposición a outros o papel de gobernar. A uns o papel de conducir a Galicia, a outros o papel de criticar, de formular propostas alternativas, de decidir cando se suman ós obxectivos concretos do goberno ou a propoñen outros, ou cando se opoñen a eses obxectivos concretos.

En definitiva, con este xeito de operar é o certo que os papeis políticos dentro desta sociedade están

absolutamente clarificados, pero eu non me resisto -sinceramente- a deixar de sacar a colación que ante as urnas os galegos foron iguais en dignidade, liberdade, consciencia e responsabilidade. A súa clasificación en dous grupos: dun lado os que acabo de dicir e do outro os demais, significa maniqueísmo, significa, nin máis nin menos, que entender desigualdades que a lei non autoriza.

E teño que engadir, señorías -e é a única concesión que fago-, simplemente a referencia lonxana, que non é alusión, ó debate dos demais portavoces, que nunca trece foron máis que dezanove, nin dezanove máis ca corenta e tres.

Dito isto, os resultados, señor candidato, aínda que garantan democraticamente a súa elección, é o certo que abocan coa mesma intensidade a este debate e non só porque así o impoña, o esixa ou o demande o Estatuto de autonomía, senón porque isto é a esencia mesma da democracia. En definitiva, contraponer tesisuras, falar de alternativas distintas no momento álxido da historia dun país no que este tenta elixi-lo seu conductor, o seu xefe de Goberno, o seu presidente, é algo -insisto- absolutamente obrigado pola esencia mesma da democracia.

E o Grupo Parlamentario Popular -xa o anticipo naturalmente que lle vai prestar apoio íntegro, e non só por coherencia electoral, senón porque vostede ofrécenos -sinceramente- a máis alta das credibilidades como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

Recordo neste intre as palabras dun ilustre portavoz da oposición ditas en momentos absolutamente análogos de principios do ano 1990, cando afirmou tallante -eu diría que entre crítico e admonitorio- que vostede, señor candidato, comparecía ante o pobo galego espido de credibilidade e que só os feitos da súa traxectoria podían encher ese baleiro inicial.

Recordo tamén a resposta do señor candidato, absolutamente dialogante e serena, cando afirmou: "Dentro de catro anos volverannos a vulgar a todos polo que teñamos feito". E, efectivamente, señorías, o xuicio produciuse, contundente e positivo, ata o punto de que ningún democrata o pode ignorar nin tan sequera minorar.

E a súa credibilidade ten xustamente esa raíz, señor candidato, ten non só esa raíz, senón a raíz das mesmas realidades escritas indeleblemente sobre a xeografía deste país, desta nosa Galicia, que viviu illada -é certo- durante séculos, pero que empeza a atopalo protagonismo que a súa propia historia demanda.

Recordo, señor candidato, posto que se nos dicía que non falabamos de dar contas, e recordo -en definitiva- para aclarar cales son os fundamentos da súa credibilidade, aqueles feitos, fitos fundamentais na traxectoria deste Goberno, como foron os das autovías, que non deixou de ser un pacto histórico, como son o entramado interno de comunicacións de Galicia, que incrementa as posibilidades de solidariedade dos galegos e moderniza o país, como son as telecomunicacións, que nos sitúan á vangarda de España e que comportan o feito sensibilizante de que os nosos fogares, por illados que estean, a pesar da nosa difícil xeografía e a pesar do espallamento, é o certo que poden ter e contar con teléfono como está acaecendo.

E son realidades a electrificación, o gas natural, os hospitais ou infraestruturas asistenciais, docentes e culturais, todo o cal integra un sumando nesta transformación de Galicia que fai que emprendese decida o vieiro da modernidade e do progreso.

Moitos treitos e moitas etapas faltan aínda por queimar. Pero é o certo que ese inicio fai ve-la posibilidade das metas. E eu diría, señor candidato, que non me resisto a sacar a colación que neste ano 1993, no que 7 millóns de visitantes pisaron esta terra, que tivémoslos galegos a posibilidade de os trocar en embaixadores cando regresaron ó seu lugar de orixe para que falasen do noso nome, divulgasen este país, en definitiva que falasen das nosas tradicións, das nosas historias, dos nosos monumentos e do pródiga que foi a natureza á hora de dotar esta Fisterra europea.

Direille, señor candidato, que nos visitaron gobernantes e homes de ciencia, uns déronnos protagonismo político e outros déronnos protagonismo cultural, e que os milleiros, os millóns de visitantes aquí presentes, crearon en Galicia a esperanza de consolidarse como país turístico que, en definitiva, supón dinamización en tódolos aspectos e, especificamente, no as-

pecto económico, que nós non só non rexeitamos senón que buscamos con afinco, seguindo os criterios do propio discurso de investidura.

Señor candidato, eu diría que a súa credibilidade, constatada -insisto- polo xuicio supremo do pobo galego, aparece tamén vigorizada por un talante de diálogo, de chamada á participación -reiterada dentro desta propia sesión-, ó diálogo e, en definitiva, á colaboración e ó compromiso, e tamén a solidariedade entre tódolos galegos.

É xustamente neste discurso onde a solidariedade aparece traducida pragmaticamente nun dos eixos que poden axudar ó rexurdir económico de Galicia. Ó aproba-lo seu discurso, señor candidato, que -en definitiva- era o programa presentado polo Partido Popular ás eleccións, unha vez traducido pragmaticamente, o pobo galego marcou xa as súas prioridades. E xustamente a primeira desas prioridades, que aparece constatada, por certo, no seu programa de investidura, é concretamente a xeración de emprego, a loita contra o paro que se propón nunha sociedade -a nosa- que a pesar de soportala en moito menor proporción cás sociedades dos seus contornos é o certo que a sente coma un mal contra o que é preciso esforzarse todos colectivamente.

É dicir, que, en definitiva, ese é o primeiro dos obxectivos, que no discurso de investidura, no programa de investidura, aparece servido co único instrumento capaz -realmente- de erradica-lo paro, capaz de loitar eficazmente contra o mesmo, que é xustamente, desde a concepción dun mercado global que impera neste mundo, a creación dunha maior produtividade, o incremento da calidade, o incremento da competitividade. Chámalle fundamente a atención ó Grupo Parlamentario Popular -concretamente- ese Plan de competitividade esgrimido no discurso con toda precisión, con toda concreción e con todo detalle, que vén significar -señor candidato-, sinxelamente, medidas de política de todo tipo, de política económica de toda índole, de política forestal e agraria, de política de pesca, de política de desenvolvemento da artesanía, de política industrial, de política de apoio ó cal significa, señor candidato, naturalmente, que tamén se pensa na investigación técnica e científica, pénsase nas infraestruturas, pénsase especificamente no solo industrial como punto necesario de asentamento deste

futuro industrial que para Galicia aparecía resaltado neste programa de investidura.

Nas súas propostas hai contidos, hai claridade, hai concreción, hai creatividade e hai realismo, con todo o esforzo, con toda a exposición e con toda a brillantez que cabía esperar. É dicir, que estas mesmas características foron trasladadas ás propostas de política social que alguén botou de menos e, sinceramente señorías, é o certo que se fixo un deseño absolutamente claro da política educacional, da política de familia, da política de deportes, da sanidade, da vivenda e da protección civil.

Quero dicir, en definitiva, que a súa idea de Galicia, señor candidato, é a idea que aniña na maior parte dos corazóns dos galegos. Baséase na fe respecto da personalidade histórica deste país, diferenciado pola súa lingua, a súa cultura, as súas tradicións e a súa historia, que son a base da súa autonomía, e a Autonomía foi xustamente a cerna do seu discurso, señor candidato.

Direi que é unha autonomía concibida equidistantemente de independentismos trasnoitados, pero tamén de servidumes alleas ás influencias ou decisións que impiden un servizo leal ós intereses de Galicia. É dicir que, en definitiva, cando se incita á solidariedade no medio dunha España común e dunha Europa comunitaria estase creando unha das columnas sobre a que debe asentarse, xusta e concretamente, a nosa axuda e o noso rexurdir económico, porque para garantir a demáandanse foros nos que se escoiten adecuadamente as voces de Galicia e, en definitiva, soen as nosas reivindicacións neses foros, vertebradores do Estado das autonomía, que deben atopar finalmente a súa estable definición.

É dicir, que a tales propósitos responden as propostas de verdadeira conversión en Cámara territorial do Senado e da creación da Conferencia permanente de presidentes autonómicos. Responde a vigorización daqueles organismos europeos de encontro e, especificamente, do Comité das rexións. Un e outros foros deben se-la garantía da xusticia que Galicia reclama no reparto dos fondos de investimento, tanto estatais coma europeos.

Remato, señor presidente, señorías, dicindo que o discurso constitúe unha exposición concreta e priori-

zada daquel programa que o Partido Popular lles presentou o 17 de outubro ós galegos. Que nós felicitámonos, como Grupo Parlamentario Popular, de que os debates desta Cámara comezasen cunha proposta tan brillante como é ese discurso. Que ese propio discurso é unha chamada, desde a confianza, a tódolos galegos a comprometerse na tarefa de, xuntos, levar a Galicia ó lugar que lle corresponde. O obxectivo non é fácil nin as circunstancias son doadas, pero sabendo os obxectivos que queremos acadar, sabendo onde queremos ir e sabendo quen debe conducirnos, as metas pódense conseguir.

O Grupo Parlamentario Popular non só vai apoiar a súa investidura, señor candidato, senón que desde a solemnidade desta tribuna comprometo o seu constante apoio ó programa aquí exposto, ó Goberno que vostede designe e, evidentemente a vostede como presidente dese Goberno.

No nome, tamén, do Grupo Parlamentario Popular, eu quero que as miñas últimas palabras sexan de recordo das súas constantes chamadas ó esforzo e ó traballo común de tódolos galegos a prol desta terra, e para este compromiso boto man tan só de catro versos de Pondal, pertencentes á súa eterna estrofa, á súa eterna composición, o poema "Os pinos" que din: "Galegos, sede fortes, prontos a grandes feitos, loita-de polos destinos dos eidos de Breogán".

Moitas gracias.

*(Aplausos)*

**O señor PRESIDENTE:** O señor candidato ten a palabra.

**O señor FRAGA IRIBARNE:** Señor presidente, moi brevemente por unha elemental cortesía que me obriga a agradecer-lo apoio do Grupo Popular tan eloquentemente expresado polo seu portavoz. Espero non defraudalos nosos amigos. Eles, e penso que tódolos os que están nesta Cámara, saben que non nos esperan tempos fáciles nin misións doadas e que a nobre e difícil tarefa de gobernar, a responsable tarefa de administrar, que obriga a decidir entre males buscando o menor dos posibles, é especialmente difícil en tempos que non son de abundancia.

Por iso eu, neste momento, ó asumir, se así o decida a Cámara, unha nova e importante responsabilidade, considérome obrigado outra vez a facer un chamamento xeral ó Parlamento e á sociedade galega á responsabilidade. Non hai dúbida de que, neste momento, demandas, coma as que se escoitaron estes días, de menos responsabilidade, menos selectividade e menos exames, non teñen que ver coa situación na que nos atopamos.

Eu fago unha cordial invitación a tódolos ilustres representantes do pobo galego neste Parlamento, pero a tódolos galegos, a unha meditación conxunta e a unha acción concertada. Imos a sacar, como dixera Camoens, mares nunca antes navegados. Estamos nunha fin de século con serias tormentas e borrascas.

Por certo, quero recordar un veleiro galego que nos representa nestes días no medio delas, que é un símbolo de moitas cousas e que lle desexo todo o éxito.

A profundidade da crise actual vai moito máis aló das recesións do ciclo tradicional. Pasa probablemente, por un novo contrato social. Claro que estamos preparados para acometelo no que de nós dependa desde a nosa fisterra. A imposibilidade de resolver os problemas con medidas sinxelas, con medidas protectionistas dun tipo ou doutro, é algo que non podemos esquecer. Só hai saída desde onde dixemos: no triángulo formación, competitividade e investigación, e todo iso baseado no esforzo. Todo vai na mesma dirección. Imos a un gran mercado global mundial con zonas integradas de libre comercio: o como surge América, a Unión Europea...

Para chegar aí, para establecernos, espéranos anos difíciles. Temos que estar á súa altura. Polo de agora, de pronto, e gracias o bo sentido do pobo galego, imos abordalo desde unha situación política estable que nos permitirá facerlle fronte con seriedade ó que veña, con propostas serias e apoiadas.

Fago un chamamento xeral á serenidade e á prudencia. O Goberno galego fará canto estea na súa man para defende-la nosa terra e os lexítimos intereses de tódolos galegos. Convida a todos, neste momento, non á confrontación, senón á concertación, ó diálogo, á busca de solucións: non a posicións rixidas ou estériles. Faino desde un chamamento que nace

dunha ilusión pero dunha responsabilidade, dunha esperanza, dunha conciencia, dun idealismo último pero que ten que apoiarse no realismo. Imos continuar esa vella loita que un día levaran un Xelmirez, promotor da ruta xacobeá, un Fonseca creador hai 500 anos da Universidade compostelán, os condes de Andrade e de Lemos, defensores do voto en Cortes, Feixoo e Cornide, que promoveron coma ninguén a Ilustración en Galicia e en España, como panca de modernización e o desenvolvemento.

Quixera que esta última mensaxe neste debate de investidura chegase ós galegos de Bos Aires, de Caracas, de Alemaña ou de Suíza, ós de Barcelona, ós de Bilbao, os da Costa da Morte, os de Valdeorras ou da Terra Cha porque a todos devolvo gratitude e compromiso pola confianza. Pero os cito a que, neste que vai ser ano da familia, coma unha gran familia, aquela que pensaran por primeira vez en xuntar nunha visión nova Murguía e Brañas, a Xeración Nós ou tódolos mellores galegos de tódolos tempos, sexamos capaces, desde aquí, de axudar a enfrontarse cos problemas de desafío da fin de século ó servizo da cal saberemos cumprir co noso deber.

Moitas gracias.

*(Aplausos).*

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor deputado.

A sesión reiniciarase ás sete da tarde para a votación.

*Suspéndese a sesión.*

*Eran as seis e quince minutos da tarde.*

*Reiníciase a sesión ás sete da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Teñan a bondade as señoras e señores deputados de ocupa-los seus escanos.

Procederase á votación.

De conformidade cos artigos 92.2 e 136.6 do Regulamento, a votación será pública e por chamamento.

Procederáse a sortear-lo número que corresponda á señora ou señor deputado polo que se deba comeza-la votación e seguirase por orde alfabética.

O señor vicesecretario, se ten a bondade, extraerá unha bóla.

**O señor VICESECRETARIO (Álvarez Domínguez):** É o número 31.

**O señor PRESIDENTE:** O señor secretario da Mesa indicaranos a que deputado corresponde o número 31.

**O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández-Rogina):** O número 31 corresponde a don Aurelio Miras Portugal.

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos ó chamado. A Cámara vota sobre a confianza ou non ó candidato. As contestacións posibles son si, non ou abstención.

**O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández-Rogina):**

D. Aurelio Miras Portugal. Si.  
 D. Julio Montes Márquez. Si.  
 D. José Domingo Oreiro Rodríguez. Si.  
 D. Santos Oujo Bello. Non.  
 D. Jesús Carlos Palmou Lorenzo. Si.  
 D<sup>a</sup>. Pilar Pedrosa González de Castejón. Si.  
 D. José Serafín Pena Souto. Si.  
 D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira. Si.  
 D. Manuel Pérez Álvarez. Si.  
 D. Tomás Pérez Vial. Si.  
 D. Nazario Pin Fernández. Si.  
 D. Jaime Pita Varela. Si.  
 D<sup>a</sup> María Josefa Porteiro García. Non.  
 D. Alberte Xullo Rodríguez Feijoo. Non.  
 D. Xosé Enrique Rodríguez Pena. Non.  
 D. Fernando Carlos Rodríguez Pérez. Si.  
 D. Dositeo Rodríguez Rodríguez. Si.  
 D. Francisco Rodríguez Sánchez. Non.  
 D. José Manuel Romay Beccaría. Si.  
 D. Manuel Ruíz Rivas. Si.  
 D. Juan Fernando Salgado García. Non.  
 D. Antolín Sánchez Presedo. Non.  
 D. Francisco Sineiro García. Non.  
 D. José Enrique Sotelo Villar. Si.  
 D. Alfredo Suárez Canal. Non.  
 D. Roberto Taboada Rivadulla. Non.

D. Xosé Enrique Tello León. Non.  
 D. Celestino Torres Rodríguez. Non.  
 D. Francisco Trigo Durán. Non.  
 D. Manuel Vázquez Fernández. Non.  
 D. Victor Manuel Vázquez Portomeñe. Si.  
 D. Guillermo Vázquez Vázquez. Non.  
 D. Xesús Vega Buxán. Non.  
 D. Agustín Vega Fuente. Non.  
 D. José Antonio Ventoso Mariño. Non.  
 D. José Manuel Vila Pérez. Si.  
 D. José Luís Alonso Riego. Si.  
 D<sup>a</sup> María Antonia Álvarez Yañez. Non.  
 D<sup>a</sup> María José Ares Casal. Si.  
 D. José Carlos Baños Márquez. Non.  
 D. Daniel Barta Quintás. Si.  
 D. Xosé Manuel Beiras Torrado. Non.  
 D. Antonio Carro Fernández Valmayor. Non.  
 D. Juan Casares González. Si.  
 D. Roberto Castro García. Si.  
 D. Francisco Cerviño González. Non.  
 D<sup>a</sup> Fernanda Cerviño Villaverde. Si.  
 D. Gerardo Jesús Conde Roda. Si.  
 D. José Cuíña Crespo. Si.  
 D. Manuel Ceferino Díaz e Díaz. Non.  
 D. Juan Miguel Diz Guedes. Si.  
 D. Pablo Egerique Martínez. Si.  
 D<sup>a</sup> Olaia Fernández Dávila. Non.  
 D. Juan José Fernández García. Si.  
 D<sup>a</sup> Teresa Fernández Piñeiro. Si.  
 D. José María Fernández Rosende. Si.  
 D. Manuel Fraga Iribarne. Si.  
 D. José Antonio Cesario Franco Cerdeira. Si.  
 D<sup>a</sup> María Pilar García Negro. Non.  
 D. Antonio Edelmiro Gato Soengas. Non.  
 D. José Giraldez Maneiro. Non.  
 D. Fernando González Suárez. Si.  
 D. Uxio Labarta Fernández. Non.  
 D. José Lage Lage. Si.  
 D<sup>a</sup> Manuela López Besteiro. Si.  
 D. José María López Noceda. Si.  
 D. Manuel López Outeiral. Si.  
 D. Emilio López Pérez. Non.  
 D<sup>a</sup> María Elisa Madarro González. Si.  
 D. Manuel Martínez Garrido. Si.  
 D. Bautista Goyel Álvarez Domínguez. Non.  
 D. Tomás Iribarren Fernández-Rogina. Si.  
 D. Miguel Anxo Cortizo Nieto. Non.  
 D. José María García Leira. Si.  
 D. Victorino Núñez Rodríguez. Si.

**O señor PRESIDENTE:** Ó acada-lo candidato 43 votos a favor, que supoñen a maioría absoluta desta Cámara, enténdese outorgada a confianza.

Deste resultado, cumprindo o mandado polo artigo 18 da Lei da Xunta e o seu presidente, darei conta á Súa Maxestade El-Rei.

*(Aplausos).*

*Levántase a sesión.*

*Eran as sete e seis minutos da tarde.*